LAUREANO PRIETO

CONTOS VIANESES



Galaxia

CONTOS VIANESES

L7A1-LAUREANO, L-con

LAUREANO PRIETO

CONTOS VIANESES

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
VIGO, MCMLVIII

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
BIBLIOTECA
FACULTADE DE FILOLOXÍA

INTRODUZON

A TERRA

Este feixe de contos foi arrecadado no partido xudicial de Viana do Bolo, deixando ón lado o axuntamento da Mezquita i autros contados lugares, porque, prá nosa recollida, ativémonos ás terras en que se fala o dialeuto vianés, e que, xeográficamente consideradas, son mui difrentes entre sí.

As terras en que se fala o vianés pódense deslindar así: Polo Norte, a Serra do Eixe, dereito a Portomourisco, onde xa se fala o valdeorrés, mui afín ao vianés, pero con algunhas difrencias fonéticas e morfolóxicas. Os valdeorrenses pechan aínda máis o *o* que os vianeses, e diante das verbas que emprincipian por *a* tónica póin o prefixo *o*, un *o* cerrado e breve; din, *oauga, oama, oaira*. Este fenómeno tamén se da, algo, nos axuntamentos do Bolo e de Manzaneda. Polo Sul chega o vianés deica a raia de Portugal (non sendo moi puro nos pobos raiotos), y hasta o partido xudicial de Verín, onde son *geistas*, sendo curioso que solo Parada da Serra e Veigas de Camba (os dous do partido de Viana) se contaminaran do *geísmo*. Polo Naciente áchase o dialeuto frieirés, podendo pór as lindes por Barxa, Gudiña, Bouza, Pixeiros, Solveira e Dradelo. Os pobos de Cepedelo e Pradorramisquedo están mui infruenciados polo frieirés, i os demáis, lindantes con Castela, téin algunhas cousas do sanabrés. E polo Oeste temos

as terras de Trives, onde se acha algunha infruencia do vianés hasta ben adrento.

Nesta terra alcóntranse serras altas coma a Serra Seca, San Bernabé, e derivaciófs da Segundeira, Calva, Serra do Eixe e Serra de Queixa, nas que logo aparece a neve e tarda muto en marchar, algúis anos. Mais esto non quita de que seian terras ricas, nas que se colleita muto centeio e patatas; habendo muto gado e abundando a res, que vale mui bois cuartiños, decíndose que cen rixelos chegan pra manter unha familia. Entre as serras atópanse vales e ribeiras onde se recollen mutos bullotes i on viñote clarete, mui gustosiño.

Hai mui poucos álbores: Os que máis abundan son os rebolos, formando pequenas touzas, i os castiñeiros nos arredores dos lugares; e cerca das correntes da iauga, os bedulos, os amieiros i as salgueiras. As uces, de toda clas, cobren as terras non cautivadas.

As terras trabállanse ben nos vales e nas chairas, pois, estando mui cerca uis lugares dos outros, téin pouca estensión i aporvéitana millor que nas serras, onde os pobos se alcontran mui soparados, habendo, mutas veces, hasta doce kilómetros entre os dous máis pretos.

Os ríus máis importantes son o Bibey, cos seus afluentes Camba, i o Xares. Son ríus mui truteiros, así coma os máis pequenos rigueiros, facéndose boas pescatas inda en rigueiriños onde parece que non hai auga bastante pra que as trutas podian vivir. Tamén hai anguías. Di un cantar:

Pra trutas o Bibey
e pra anguías o Camba;
e pra meniñas bonitas
non as hai coma en Viana.

A terra de Viana é abondosa en castros e vilas, que perduran na toponimia: O Castro, Castrelo, Vilar de Milo, Quintela de Houmoso, etc. Os restos castrexos e romanos áchanse por onde quera. Nos tempos dos romanos debéu ser unha terra mui traballada no asunto dos mineráis. Os aluvióis i as terras de sedimentación

da cuenca do Camba foron removidos na busca do ouro: en San Xé, por baixo de Caldesiños, alcóntrase un lavadeiro típicamente romano, pra o que traguían as augas percisas disde o Bibey, xa en terras de Castela. En Veigas de Camba houbo outros tres lavadeiros, mui pretos uis dos outros: O do Lombo da Forca, o das Moureiras i o de Cambela, aparte outros de pouca importancia no Invernadeiro. O que se di de que toda lénda ten un fondo verdadeiro, pódese apricar mui ben no referente a minas antergas, posibelmente romanas, pois onde quera que se fala de un toco dos mouros, ou toco da moura, que fura unha serra de lado a lado, testimoñado polo conto de que se metéu un can por unha banda e saíu pola outra, alí atópase unha mina vella, abandoada ou traballada inda agora; atopando neste último caso, vestixios de labouras en tempos lonxanos.

Estes traballos mineiros romanos foron acompañados de outros imprescindibres, coma vías e pontes: Polo Sul pasaba unha *vía* con orixen en Chaves, iba por Barxa, cun pequeno ramal a Pentes (minas de estaño nentrambos lugares), e que, pasando polas Frieiras, diríaxe a Castela. En Barxa hai vestixios de unha ponte romana, pola que pasaba a dita vía. En Veigas de Camba eisiste a tradizón de unha ponte feita polos mouros, i atópase unha dovela que semella ser romana.

As casas, salvo contadas escecióis, amontóanse en pobiños pequenos, de cuarenta a sesenta veciños polo xéral, habéndoos de máis e de menos. Cuásique todos se alcontran en lugares abrigados, cuas súas hortas, soutos e nabáis á beira. Nas serras inda se alcontran algunhas casas terreiras, mais, o xéral é que teñan sobrado pra vivir a xente, guardando os animáis nos curráis da parte baixa. Todos os que poden téin as casas encaladas, branqueadas, e cua súa galería de cristáis.

A xente é sobria e traballadora, xeralmente. A das serras é mui garimosa e faladeira, i on tantichiño deixada; a do val non é tan paroleira, máis reservada que a da serra, pero atentos cos foresteiros. Estas diferencias téin o seu por qué: As terras altas non están tan

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · FACULTADE DE FILOLOXIA · BIBLIOTECA

as terras de Trives, onde se acha algunha infruencia do vianés hasta ben adrento.

Nesta terra alcóntranse serras altas coma a Serra Seca, San Bernabé, e derivacióis da Segundeira, Calva, Serra do Eixe e Serra de Queixa, nas que logo aparece a neve e tarda muto en marchar, algúis anos. Mais esto non quita de que seian terras ricas, nas que se colleita muto centeio e patatas; habendo muto gado e abundando a res, que vale mui bois cuartiños, decíndose que cen rixelos chegan pra manter unha familia. Entre as serras atópanse vales e ribeiras onde se recollen mutos bullotes i on viñote clarete, mui gustosiño.

Hai mui poucos álbores: Os que máis abundan son os rebolos, formando pequenas touzas, i os castiñeiros nos arredores dos lugares; e cerca das correntes da iauga, os bedulos, os amieiros i as salgueiras. As uces, de toda clas, cobren as terras non cautivadas.

As terras trabállanse ben nos vales e nas chairas, pois, estando mui cerca uis lugares dos outros, téin pouca estensión i aporvéitana millor que nas serras, onde os pobos se alcontran mui soparados, habendo, mutas veces, hasta doce kilómetros entre os dous máis pretos.

Os ríus máis importantes son o Bibey, cos seus afluentes Camba, i o Xares. Son ríus mui truteiros, así coma os máis pequenos rigueiros, facéndose boas pescatas inda en rigueiriños onde parece que non hai auga bastante pra que as trutas podian vivir. Tamén hai anguías. Di un cantar:

Pra trutas o Bibey
e pra anguías o Camba;
e pra meniñas bonitas
non as hai coma en Viana.

A terra de Viana é abondosa en castros e vilas, que perduran na toponimia: O Castro, Castrelo, Vilar de Milo, Quintela de Houmoso, etc. Os restos castrexos e romanos áchanse por onde quera. Nos tempos dos romanos debéu ser unha terra mui traballada no asunto dos mineráis. Os aluvióis i as terras de sedimentación

da cuenca do Camba foron removidos na busca do ouro: en San Xé, por baixo de Caldesiños, alcóntrase un lavadeiro típicamente romano, pra o que traguían as augas percisas disde o Bibey, xa en terras de Castela. En Veigas de Camba houbo outros tres lavadeiros, mui pretos uis dos outros: O do Lombo da Forca, o das Moureiras i o de Cambela, aparte outros de pouca importancia no Invernadeiro. O que se di de que toda lénda ten un fondo verdadeiro, pódese apricar mui ben no referente a minas antergas, posibelmente romanas, pois onde quera que se fala de un toco dos mouros, ou toco da moura, que fura unha serra de lado a lado, testimoñado polo conto de que se metéu un can por unha banda e saíu pola outra, alí atópase unha mina vella, abandoada ou traballada inda agora; atopando neste último caso, vestixios de labouras en tempos lonxanos.

Estes traballos mineiros romanos foron acompañados de outros imprescindibres, coma vías e pontes: Polo Sul pasaba unha *vía* con orixen en Chaves, iba por Barxa, cun pequeno ramal a Pentes (minas de estaño nentrambos lugares), e que, pasando polas Frieiras, diríaxe a Castela. En Barxa hai vestixios de unha ponte romana, pola que pasaba a dita vía. En Veigas de Camba eisiste a tradizón de unha ponte feita polos mouros, i atópase unha dovela que semella ser romana.

As casas, salvo contadas escecióis, amontóanse en pobiños pequenos, de cuarenta a sesenta veciños polo xéral, habéndoos de máis e de menos. Cuásique todos se alcontran en lugares abrigados, cuas súas hortas, soutos e nabáis á beira. Nas serras inda se alcontran algunhas casas terreiras, mais, o xéral é que teñan sobrado pra vivir a xente, guardando os animáis nos curráis da parte baixa. Todos os que poden téin as casas encaladas, branqueadas, e cua súa galería de cristáis.

A xente é sobria e traballadora, xeralmente. A das serras é mui garimosa e faladeira, i on tantichiño deixada; a do val non é tan paroleira, máis reservada que a da serra, pero atentos cos foresteiros. Estas diferencias téin o seu por qué: As terras altas non están tan

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · BIBLIOTECA · FACULTADE DE FILOLOXÍA

poboadas, os seus habitantes dispóin de máis recursos, máis res, máis gado, i o carbón; as terras baixas están mui aporveitadiñas, a xente tense que aplicar ao traballo, mutas veces en terreos que non chegan a medianos, e fora dun xornalciño de cando en cando, non téin de que se valer. Os das terras baixas chámanlle aos das serras *torgueiros* e *carboeiros*. Os valeses e chairenses reciben difrentes motes, según de onde seian; esí aos de Val de Conso chámanlle *mamoteiros* e *culáus* porque comen mutos bullós cocidos (mamotas), e que por eso, din, téin as nádegas mui grandes; aos de Viana chámanlle *rosqueiros* pola mor de que fan unhas roscas de pan.

A xente é mui cantaruxeira nas serras; nas terras baixas é ben menos. Cántase muto en castelán. Pode que non teñan música propia, toda a que se ouve parece de afora. Escútase muto *flamenco* i asturianas. A *ronda* que lles cantan ás mozas tamén é de afora, de Castela, tanto na música como na letra; a que se estila en Carracedo da Serra (Gudiña), é de muta beleza; ten tres partes: a ronda, a plaiera i a despedida. Ouvense mutos romances: *Gerineldo, Lenzuquiña, A Romeiría,* etcétera.

A muiñeira vianesa ten o seu estilo propio. Os bailaríis, mantéinse mui dereitos, espapados cara atrás, os brazos abertos en cruz e cuásique ríxidos. Semellan monécoros que estivesen colgados polos brazos, e dos cuáis solo se movesen os membros inferiores. Non é bon bailarín o que dá pulos e move os brazos, senón aquel que teçe e tece cuas pernas, mantendo inmóvile e sereo o resto do corpo.

O Entrudio é mui festexado. Emprincipia nas Candelas, andando o fulión todalas noites, no que tocan mutos bombos, tambores, gadañas, aixadas, cornos, i a gaita nalgúis lugares. Sobre todo os días de Domingo Gordo, Lunes de Entrudio e Martes de Entrudio non faltan comparsas que van de pobo en pobo a divertir a xente. Pero a divertición máis grande do Entrudio é a fuliada, que se fai poucos anos porque custa mutos cartos. Na porparación de unha fuliada intervén o pobo

enteiro: hai que facer as caretas (agora, ás veces, mércanse feitas), os disfraces, porparar un carriño e compór i aprender as disputas, etc. Cuando xa está todo ben ensaiado, pirmeiro botan a fuliada no mesmo pobo, dispoixas, un día asinalado de antemán, van áutro. Alí, nunha aira, onde os veciños do lugar visitado levantan un estrado casi sempre, ten lugar a representación; esí se lle pode chamar, pois non pode haber cousa máis semellante ao teatro medieval. Diríxese a fuliada ao pobo que vai a visitar, sendo esperada polos mozos na entrada do lugar. Adiántase un boteiro (cigarrón) da fuliada i en verso pide premiso pra entrar. Marchan prá aira, os boteiros fáin corro arredor do estrado, se o hai, que mantéin mentras dura a representación. Xeralmente, o pirmeiro que di a disputa é un boteiro, na que alauda as riquezas e cualidades dos veciños do pobo visitado, e dispoixas, por cualquera orde, siguen cuas súas disputas os demáis compoñentes da fuliada: un boteiro i onha señorita, o boticario, o médico, o xamoneiro, o cardador, o peneireiro, etc. Ao acabar, a xente da fuliada é agasallada con unha boa comida.

Ao falar de terras de Viana non hai que esquecer o traballo do liño e da lá. Fan verdadeiras maravillas, traballos merecentes de ser espostos ante o púbrico máis esixente, na seguridade de que quede ademirado da habilidade das vianesas: lenzos inmillorables, colchas de felpa, de terciopelo, de dibuxos estilizados, de unha beleza sin igual, alfombras, cubre-pés, mantas... E co liño e cua lá somellan os tecidos do comercio, gastando os homes zamarras afelpadas ou aterciopeladas, i as mulleres, abrigos das mesmas crases, que locen muto. Tamén fan alfombras e colchas e cubre-camas de plumas, ao estilo da América.

A FALA

A fala das terras de Viana difrénciase ben das bisbarras veciñas, menos da de Valdeorras, cua que ten mutas semellanzas, e que, anque ten asinaladas difrencias, se cuadra non bastan pra consideralas unha aparte da outra, senón como unha sola forma dialeutal.

As caraiterísticas esenciáis do vianés son as seguintes:

Eisisten estas vocales: *a* normal, *a* aberto, *a* cerrado, *e* normal, *e* aberto, *e* cerrado, *i* natural, *i* velar, *o* natural, *o* aberto, *o* cerrado, *u* natural.

Ante *n* postreiro todas as vocales son nasales.

Hai mutas contraciói: *ón* a un, *ónha* a unha, *él* a el, *éla* a ela, etc.

Na contraición *a* + *o* faise un *o* aberto e curto, *deixó*, en vez de déixao. *O* + *o* fai *o* cerrado e largo, *deixó?*, en vez de *déixoo?*

Das consonantes débese decir que se difrencia ben o *ll* do *y*, é decir, non eisiste *lleismo* máis que na raia do Sul.

As proposiciói *de* e *pra* repítense nalgunhas frases: *Hei de dir, vou pra pr-alí, queda pra pr-autro día.* A veces suprímeselle o *r* na pirmeira, *fareino pa pr-autra vez.* I algunha xente suprime o *r* nas dúas.

Nos ditongos, fora dos que acaban nun *i*, métese un *i* entre as dúas vocales. Asina, *seia, maiestro, decíia.* Hai esceuciói, pois algúis ditongos, nos que é tónica a segunda vocal, non se mete o *i*, coma *moemos*, por exempro.

Formación do plural. — Os nomes e adxetivos acabados en *al* forman o plural en *ais, curral - curráis.* Os acabados en *el* fano en *eis, papel - papéis.* Os acabados en *il* fano en *íis*, sendo velar o segundo *i, funil - funíis.* Nos acabados en *ol* faise o plural coma en castelán, *recifol - recifoles*; solo unha vez se recolléu *recifóis.* Os acabados en *ul*, fano en *uis, azul - azúis.* I o mesmo acontece cos acabados en *an, en, in, on, un.* Asina, *capitán - capitáis, sartén - sartéis, calcetín - calcetíis, remendón - remendóis, algún - algúis.*

Tamén se di *truta, muto, escutar.*

En tempos decíase *prato, branco, fraco...* Agora vai caíndo en desuso; solo se lle ouve ón vello qui outro.

Empleiouse muto o *e* paragóxico nas palabras agudas acabadas no *r*, no *l*, en vocal ou en ditongo. Inda se ouve ben veces: *Señóre, papá-i-e, séie.*

Hai xente que lle engade un *n* á primeira persona

dos pretéritos dos verbos acabados en *ar*: *Deixéin, traballéin.*

Óuvese decir, *for,foi un caso* (*for*, en vez de *ser*). *Ao ires*, en lugar de *ao ir vos*; *ao irmos*, en vez de *ao ir nos.*

CONTOS DE ENCANTAMENTOS

As lendas refrentes ós encantamentos son abondosas na bisbarra; algunhas delas do meirande intrés folclórico e literario.

Non eisiste pobo que non teña os seus *encantos*: tesouros encantados polos mouros e gardados por un horríbel culebrón, a medroñenta trave de alquitrán ou o cántaro de xofre ou de pestes. Mui fermosa é a lenda que se refire á cidade de *Antioquía*, sulagada na lagoa de Antela (Xinzo de Limia), coma castigo á falta de caridade dos seus moradores, dos cuáis non houbo ningún que lle dese esmola a Xesús nunha ocasión que por alí pasóu. Traxedia da que deron nova os paxaros en terras de Viana, fuxindo, amedroñados, en busca de paz, e que iban decindo polo ár:

—Que se fonde Antioquía... Que se fonde Antioquía...

Conto núm. 1. — *O fillo do rei.*

En ESPINOSA non se achan versiói de iste conto. Non embargante, o episodio de botar o meniño ó ríu drento de un caixón, é semellante ó conto núm. 119 de *La niña perseguida*, páx. 451, tomo II.

Ten muto parecido co conto *Marco el rico y Basilio el Desgraciado* da coleizón CONTOS POPULARES RUSOS, páx. 74 e seguintes. Os episodios parellos son istes:

A. — No conto ruso, Basilio el Desgraciado é metido nun pipote e botado ó mar: no conto vianés, o fillo do rei e metido nun caixón e botado ó ríu.

B. — No conto ruso un frade pesca o pipote; na versión vianesa o caixón é sacado da iauga por un muiñeiro que creie que está cheio de cartos.

C. — Nentrámbolos dous contos o neno é reconecido polos seus nemigos, cando xa é zagalote.

D. — Os perseguidores argallan a morte dos protagonistas: Marco el rico ordeando á súa muller que bote nunha caldeira de aceite restrido ó portaxeiro de unha carta, qui é Basilio el Desgraciado. No conto vianés o rei dalle ó protagonista unha carta pra súa dona, na que lle manda que o mate en canto chegue.

E. — Basilio acha no camiño un vello de cabelo branco que o avisa do que pasa e, soprando na carta dille que non teña medo, que siga o seu camiño e que leve a carta que nada mau lle vai pasar. O herói do conto vianés chega ónha cova de ladróis i o capitán leie a carta e trócaa por outra.

F. — Os protagonistas cásanse cuas fillas dos seus nemigos, porque nas cartas que porteian di que se faga esí.

G. — Amos perseguidores tornan pra as súas casas i atópanse cua surpresa dos matrimoños efeituados. Tratan de desfacerse dos xenros: Marco el rico mandando ó seu a que vaia a cobrar as rendas que lle debe o Rey de las Serpientes; no conto vianés ordeándolle a percura de tres pelos da cabeza do demo.

H. — O herói da versión rusa ponse en camiño, onde un rebolo, un barqueiro e unha balea lle encomendan que esculque o tempo que inda han de estar no síteo en que están. O herói do conto vianés proponse pescudar os remedios das calamidades que afrixen a tres pobos por onde pasóu.

I. — Os protagonistas trunfan nas súas tencióis, protexido o ruso por unha belísima princesa e pola mai do demo o vianés, acadando, ámbolos dous, riquezas sin conta.

J. — Os perseguidores dos heróis, enganados, supren ós barqueiros e quedan alí pra sempre, mentres os protagonistas viven felices cuas súas riquezas e o garimo das súas donas.

Conto núm. 2. — *O home-león.*

En xeral, pódese decir que iste conto encaixa no tipo III de *La Princesa Encantada,* de Espinosa, pois contén os seus episodios fundamentáis. Agora que na versión vianesa iñórase o gallo do encantamento e, também, como se enteira o herói da maneira de desencantar a moza.

A serra de *Armeña,* que se menta neste conto, quizáis sexa a *Armea* de Augas Santas, lugar en que debéu de eisistir un santuario primitivo, no que se fundiron os vellos mitos cuas lendas que deron orixen ó martirio e culto de Santa Mariña.

O nome de *Armeña,* según D. Xesús Ferro Couselo, pode vir de *Arae moenia,* enmentando a un santuario estabrecido nun lugar fortificado.

Á *Serra de Armeña* van parar as culebras vellas, ás que lles nacen conchas pra poder voar, según tradizón vianesa.

Conto núm. 3. — *Xan Soldado,* A e B.

Estes contos corresponden ás versóis de Espinosa núm. 168 e 171.

O conto vianés *A* ten os seguintes elementos do autor dito:

A. — Un soldado que volta, licenciado, pra a súa casa, atópase con Deus e con San Pedro, que queren probar a súa bondade pedíndolle unha esmola.

F. — Deus premióu a caridade do soldado dándolle ouxetos máxicos. Nas versóis de Espinosa non eisisten a mochila nin o bonete; sí un pau, que cadra cua cachiporra do conto vianés.

H. — Cando morre o soldado non é ademitido no ceio nin no inferno.

H 4. — Entra no ceio por engano.

A versón vianesa *B,* contén os seguintes elementos da crasificación de Espinosa, que xa dixemos.

San Pedro, mandado por Deus, pídelle esmola a Xan Soldado, que lla dá.

F 1. — O soldado rescibe ouxetos máxicos: unha cadeira, un saco i onha figueira.

G. — Xan Soldado colle ó demo na cadeira, na figueira e no saco, mais na versón vianesa non lle pega nin o maltrata.

H. — O soldado non é ademitido no ceio nin no inferno.

Nas versóis de ESPINOSA non se nomea que o Xan Soldado entre no ceio por consentimento divino.

Os mesmos ouxetos máxicos de ista variante entran no tipo VI da crasificación que ESPINOSA estabrece no estudo do conto *El tonto lagañoso, magañoso.*

En PARROQUIA DE VELLE, páx. 274, pubrícase un conto semellante, no que o herói rescibe os seguintes ouxetos máxicos: un pau que pega cando el quer, unha múseca que lle pon de comer cando o desexa e un sombreiro que onde entre pode tamén entrar o dono.

Conto núm. 5. — *Juanito.*

Corresponde a *La hija del diablo*, de ESPINOSA, contos 122 a 125. Contén os elementos seguintes do dito autor:

A. — Un home véndelle a ialma ó demo, ó que ten que se lle presentar nunha data sinalada.

B. — Un persoaxe istruie ó protagonista no que ha de facer. Esconde as roupas da filla do demo, i ela ofrécelle proteizón.

C. — O demo pídelle ó protagonista que faga tarefas cuásique imposíbeles, que romata cua axuda da filla do demo.

C 1. — Pra cumprir a tarefa postreira, qui é sacar unha sortella do fondo do mar, ou de un ríu, o herói pica á súa noiva (a filla do demo) en anacos pequirrichiños, pra botala á iauga envolta nun pano.

D. — O demo dase pola conta de que a súa filla protexe ó protagonista, e afóutase a matar ós dous, máis eles foxen montados no cabalo do vento, abourados polo demo, montado no cabalo do pensamento; mais, cando os atrapa trasfórmanse en ouxetos, logrando fuxir.

E. — Cando o herói chega ó seu pobo déixase dar unha aperta. Esquece á súa dona i está a punto de se casar con outra.

F. — A filla do demo eisiste ós limiares da boda e impídeia ó outer que o protagonista se lembre das cousas que lle aconteceron a entrámbolos dous.

Unha versón de iste conto foi pubricada en PARROQUIA DE VELLE co tídoo de *Blancaflor* (páx. 255 e seguintes), nome da protagonista nos dous contos.

Cadran no episodio de que un home lle vende a alma ó demo.

No noso conto o herói hase de presentar no inferno nunha data fixa; no conto de Velle ha de buscar o castelo de *Irás e non volverás.*

O herói do conto vianés chega ó inferno fácilmente, o do conto de Velle ten que vencer algúis pexamentos.

Desomellan ambas versós en que o protagonista do conto vianés é aconsellado por un vello no que ha de facer, mentres que o de Velle recibe consellos de unha ave.

As tarefas que o demo encomenda ó Manoeleiro (conto de Velle), i ó Juanito (conto vianés), son catro ó pirmeiro e tres ó segundo.

O resto do conto desenrólase de unha maneira semellante, faltando na versón vianesa a cuspia que a Blancaflor deixara no cuarto, pra que respondera cua mesma voz dela, cando seu pai a chamase, namentras fuxían.

Os pexamentos que a Blancaflor lle pon ós pais na fuxida son proporcioados por unha variña máxica no conto de Velle, e no vianés por un anelo.

Os pexamentos son tres en cada versón, desomellando o derradeiro que, na versón de Velle é un ríu, no que se afoga a muller do demo.

As bulras que lle fai a Blancaflor ós seus pretendentes son parellas nos dous contos.

O episodio postreiro, no que se reconecen os protagonistas, desomellan notabelmente, porque no conto de Velle a Blancaflor cásase co noivo que lle saíra no pobo; Manoeleiro é convidado á boda, reconecéndose dispoixas.

Conto núm. 6. — *O criado que fixo bailar ó amo.*

Contén os elementos de rescibir o violín máxico, facer bailar ón home entre espiñas i ós que condenan a morte ó protagonista, que se achan no tipo xeral analizado por AARNE THOMPSON, según dice ESPINOSA no estudo que fai do conto núm. 153, *La gaita que hacía a todos bailar.*

No conto *Os benciños de Deus*, pubricado en PARROQUIA DE VELLE, páx. 265 e seguintes, tamén eisiste o episodio de un istrumento máxico, que salva da morte ó seu dono, desenrolándose de unha maneira semellante á versón vianesa.

Conto núm. 7. — *O Xanciño.*

Cadra no tipo II que ESPINOSA estabrece ó estudar o conto *El tonto lagañoso, magañoso*, desomellando, somentes, en que dos tres ouxetos máxicos que rescibe o protagonista, na nosa versón trátase de un crucifico en ves de unha cachaporra.

Tamén na PARROQUIA DE VELLE se atopa unha variante de iste conto tidoado *Os benciños de Dios.*

No conto de Velle trátase de dous irmáus, un rico i autro probe. O probe manda un fillo a pedirlle un pan ó irmáu rico, que llo dá fungando e decindo que llo dá coma se llo dera ó demo.

O irmáu probe, enfadado polo que dixo seu irmáu marcha na busca do demo cua tención de lle dar o pan que rescibíu do irmáu, mais no camiño alcontra unha señora que lle dá, un após do outro, un anelo que lle presentará canto desexe, unha servilleta que ten a virtude de presentar os manxares que se lle pidan, i ón burro que cagaba diñeiro, ademáis, unha matrácola que lle pega a quen se lle poña por diante.

Istes ouxetos máxicos sonlle roubados, o pirmeiro pola muller do irmáu, i os outros por unha taberneira; mais recupera o que lle roubóu a taberneira gracias á matrácola. De últemas recibe unha chicharra que o salva da morte.

Conto núm. 8. — *Santa Manuela.*

Iste conto foi contado con verdadeira unción relixiosa, pois a narradora creie qui é a vida verdadeira de Santa Manuela.

É unha versón de *La niña sin brazos*, contos 99 o 103, de ESPINOSA, anque con notabres difrenzas no desenrolo de algúis episodios. Pódense estabrecer as seguintes semellanzas e desomellanzas.

A. — O pai vende a filla ó demo. (Cadran niste episodio).

B. — No noso conto a filla *lava* a Deus, i alábao cando o pai lle tira cua iauga. Nas versós de ESPINOSA fai a Sinal da Cruz mollando os dedos na iauga bendita, ou leva ó pescozo unha cruz ou unha medalla.

C. — Na variante vianesa a nena queda sin brazos porque a tira o demo dinde o alto de un árbore, e rómpeos e pérdeos ó caír.

D. — A nena, abandoada nun bosco, lévanlle de comer os cáis do rei. (Cadran ambas versós).

E. — É igual en todas as variantes no episodio do achádego da nena polo rei i o seu casamento cuela.

F. — Nos dous contos marcha o rei á guerra i a reina dá a luz dous ximelgos.

G. — Eisiste analoxía en que a reina dá a luz no pazo. Desomella en que nas versós de ESPINOSA é o demo ou a madrasca quen troca a carta; na variante vianesa non hai troque, pois a mesma madrasca da reina esquirbe a carta, mintindo. Nas versós de ESPINOSA díselle ó rei que a reina deu a luz dous mostros, no noso conto trátase de dous cadeliños.

O resto dos contos é semellante, menos ca que nos contos de ESPINOSA non fala da corza que amamantóu os nenos.

Conto núm. 9. — *Lucianito e Lucianón.*

Según a crasificación que estabrece ESPINOSA ó estudar as versós de *Juan Bobo*, a versón vianesa contén os seguintes elementos:

A. — Un pícaro traballa cos animáis de un rico, decindo que son seus. O rico enfádase e mata o úneco animal propiedade do pícaro.

C. — O pícaro di que ten un adiviño metido nun saco.

D. — Vende a pelica do animal morto por mutos cartos.

F 3. — O pícaro fai que uls amigos paguen a morte da súa mai.

O episodio do achádego do gado no ríu corresponde ó elemento I dos contos 172 ó 174 de ESPINOSA.

Na coleizón CUENTOS DE HADAS DE ANDERSEN, Editorial Molino, 3.ª edic., 1941, pubrícase un conto tidoado *Nicolasín y Nicolasón*, que ten muta semellanza co conto vianés.

Conto núm. 10. — *Pedro Cortizoilo.*

É unha versón do conto núm. 107 de *La niña perseguida*, de ESPINOSA. Contén os seguintes elementos da crasificazón de BOLTE Y POLIVKA, a que se refire ESPINOSA ó estudar o conto dito.

A 3. — O pai da nena bótaa da casa polo motivo do valor do sal.

C 4. — A protagonista garda pavos do rei. O princés veia, namórase de ela e cásanse.

F. — A protagonista convida ó seu pai á boda e ponlle a comida sin sal, co gallo de lle espricar a resposta que lle dera ó empricipio do conto.

Nas versós de ESPINOSA non se fala do vestido de corcho co que o rei viste á filla cando a bota da casa, e que na versón vianesa costituie o motivo do tidoo do conto.

O episodio de gardar os pavos atópase no conto 154, de ESPINOSA.

Conto núm. 11. — *Conto da cachaporra.*

Iste conto é a fundición de dous da coleizón de ESPINOSA: *Juan el Oso* y *Piel de Piojo*.

De *Juan el Oso*, según a crasificazón de BOLTE-POLIVKA, contén os elementos seguintes:

A. — O herói é fillo de un oso e de unha pastora.

B. — O herói alcontra compañeiros maravillosos.

B 1. — O demo búlrase dos compañeiros do protagonista, mais iste pode cuel.

C. — A eisistenza da princesa encantada.

Deica eiquí encaixa no tipo I da crasificazón de PANZER, según di ESPINOSA ó estudar o conto *Juan el Oso*.

Do outro conto dito, *Piel de Piojo*, ten os elementos seguintes:

A. — O rei promete a súa filla en matrimoño a quen adiviñe de que animal é a pelica de un pandeiro.

B. — O herói acha compañeiros maravillosos.

F. — As tarefas que se lle impóin ó protagonista antes de se casar, que leva a cabo cua axuda dos compañeiros.

Nas versós estudadas por ESPINOSA non eisisten dous episodios da variante vianesa, un dos cuáis trata de unha carreira de cabalos, i o outro de que a princesa lle manda recado ó protagonista decíndolle de que animal é a pelica do pandeiro.

Na PARROQUIA DE VELLE pubrícase un conto semellante *O Juanillo el Oso, o Arrancapinos e o Allanacotos*, que desomella notabelmente do noso nalgúis episodios, anque se asemella de abondo na pirmeira parte, a correspondente a *Juan el Oso*, de ESPINOSA, e cadra nos postreiros episodios cua versón vianesa.

Contos núms. 12 e 13. — *Conto de buscalo medo*, A e B.

As dúas variantes vianesas contéin elementos do conto *Juan sin miedo*, de ESPINOSA; son os seguintes:

A. — O herói non conece o medo e sai buscalo polo mundo adiante.

C. — Mándano durmir nunha casa na que se aparece o demo.

D. — O estar ceando empricipian a caír membros de un corpo de persoa, que se axuntar pra formar un ser vivo. O aparecido escapa ó ver a valentía do protagonista.

G. — Conece o medo ó cairlle na cara unhas pingadas de auga que salpican úis peixes.

A variante *B*, ademáis dos elementos ditos, contén o episodio no que o aparecido lle entrega ó protagonista certa cantidade de diñeiro, gardando pra el a outra mitái.

Conto núm. 14. — *Santa Dora.*

Iste conto é unha variante de *La niña perseguida*, de ESPINOSA, cadrando en mutos episodios co conto número 119 do autor. Os elementos comúis son os seguintes:

A. — Tres irmás casadeiras falan do que farían se o rei se casara cuelas. O rei escuta o que falan e cásase

cua máis pequena por que lle gusta o que di. As outras dúas irmás van vivir ó pazo, tamén, envexosas da sorte da nova reina.

B. — A reina compre o prometido e dá a luz dous meniños cunha estrela de ouro, cada un, na frente.

C. — O rei que se alcontra alonxado do seu reinado rescibe unha carta das cuñadas, na que lle din que a reina trougo dous cadeliños.

D. — Os meniños son botados polo ríu abaixo metidos nun caixón, de onde os saca un persoaxe caritativo, que os cría.

E. — O fillo do salvador dos nenos maltrátaos.

F. — Os meniños chegan ós arredores do pazo do pai. As tías reconécenos e percuran desfacerse deles mandándolles buscar ouxetos maravillosos.

G. — O rei queda surpido ó ver os ouxetos maravillosos. O paxaro cóntalle ó rei todo o que pasóu.

Conto núm. 15. — *Flore e Flora.*

É a refundizón de dous contos de ESPINOSA. *La mata de albahaca* e *La niña perseguida.* Do pirmeiro ten os elementos seguintes:

A. — Un cabaleiro principal pergúntalle a unha de tres irmás cantas follas ten a pranta de albaca que está regando. Ela responde cunha pergunta máis comprícada.

F. — O cabaleiro véngase disfarzándose de tendeiro e véndelle un dedal en troques dun bico.

G. — O protagonista atópase mau e visítao ela disfarzada de médico, e recétalle que lle metan un nabo no cu.

Deica eiquí cadra no tipo VII que estabrece ESPINOSA ó estudar o conto dito *La mata de albahaca.* O resto asoméllase a *La niña perseguida,* do mesmo autor. Seguindo a crasificazón de BOLTE-POLIVKA, contén os seguintes elementos do seu estudo:

A. — O prometimento dos fillos cuas estrelas de ouro na frente.

B. — O troque dos nenos por cadeliños.

C. — A percura de ouxetos maravillosos, que os

protagonistas consiguen gracias á intervenzón de un ser sobrenatural.

O últemo episodio (o C), áchase, tamén nos contos 139, 143 e 151 de ESPINOSA.

Conto núm. 16. — *Conto do lagarto.*

É semellante ás versós de ESPINOSA núms. 279 ó 301, *El príncipe encantado* do que ten da venda de unha moza polo seu propio pai a unha persoa encantada na fegura de un mostro ou animal, e ó que se refire o casamento da moza co persoaxe encantado, dispoixas de desfeito o encanto.

CONTOS EXEMPLARES E RELIXIOSOS

Os contos exemplares e relixiosos, ademáis dun pasatempo, son mutas veces empregados con fiis educativos e moráis, engadindo unha refresión a tergo, faguer sobresaír as insinanzas que encerran ou comparando o seu tema cun feito real.

Conto núm. 17. — *O morto que foi a ceiar cos amigos.*

É unha variante de *La leyenda de D. Juan,* tan espandida por toda España. Na versón vianesa non se trata de un increo coma nos contos 79 e 80 de ESPINOSA, anque galloufeiro coma naqueles, senón de un bon católico que se deixa vencer pola fachenda nun intre de fraqueza. Os episodios da comparecenza do morto á ceia, a convidadela que iste lle fai ós amigos, o consello do crego e o romate corresponden á versón número 80 de ESPINOSA, dita xa.

Conto núm. 18. — *Os tres herdeiros.*

Na obra de ESPINOSA non se achan versós de iste conto. Adóitase contalo cando ven a conto decir que neste mundo non hai nada dispreciable e de que todo é útile sabendo aproveitarse dos ouxetos e das circustanzas.

Conto núm. 19. — *Martuxiña.*

Iste conto pode encaixar noutras seizós. Foi incruído nesta porque foi ouvido nunha ocasión na que un home se laiaba de ser pai de catro fillas, sin ter un fillo que lle axudase nas súas tarefas.

Está enceneado no romance *La doncella guerrera*, que recollemos co tídoo do conto en Vilariño de Conso (Ourense), e co tídoo de *Sevillana* na Gudiña i en Ourense.

Seméllase ó conto núm. 155 de ESPINOSA, *El oricuerno.*

Conto núm. 20. — *Os sete ladróis.*

Trata da importanza que ten a educazón na criancice.

No libro de ESPINOSA non achamos ningún conto que se lle asemelle.

Conto núm. 21. — *A capiña rota.*

Apricaselle a aquelas persoas que nas circustanzas desfavorábeles non se avéin a sofrir un mal menor por aforrar outro meirande.

Según quen me contóu o conto, Domingo del Prado tivo eisistenza real, e aituaba nas Portillas, arroubando ós viaxeiros que iban ou viñan de Castela pola vereda reial, que viña sendo, pouco máis ou menos, antre A Gudiña e Puebla de Sanabria, polo mesmo lugar que percorre a estrada autual.

Conto núm. 22. — *O consello do abogado.*

É unha mostra das inevitábeles infruenzas herdadas, cuias leises conece o labrego polas súas esperenzas, e que, ás vegadas espresa en fermosos ditos, coma os que van incruídos no conto a que nos referimos.

Conto núm. 23. — *Diñeiro chama diñeiro.*

Iste conto costitúie unha espricazón do dito *diñeiro chama diñeiro, pero é o muto ó pouco,* co que se quere espresar a verdade do seguinte dito: *O mau é chegar a rico, que a riquismo calquera chega.*

Conto núm. 24. — *O engazo.*

Neste conto querse espresar o valor que ten o que na bisbarra se chama *canseira. Ter canseira,* é estar en todo, facendo cada cousa cando millor conveña, sin desatender ás de máis presa.

Conto núm. 25. — *Os tres consellos.*

Pertenece a *Los tres consejos*, de ESPINOSA, contos 63 ó 67. Contén os seguintes episodios da crasificazón que estabrece ó estudar o conto:

A. — Un home abandoa á muller i ós fillos e vai a servir ón bon amo.

Os consellos que rescibe son:

B. — Non deixar camiño por atallo.

B 1. — Non perguntar o que non lle importe.

B 3. — Antes de facer as cousas pensalas tres veces.

E seguindo o estudo do conto, comparándoo co de ESPINOSA, xa dito, aseméllanse, tamén, nos episodios seguintes:

C. — O herói rescibe unha fogaza de pan.

D. — Ouserva o pirmeiro consello e non o arrouban.

E. — Líbrase da morte por auservar o segundo consello, anque temos que decir que en ningunha versón de ESPINOSA se acha o episodio do desencantamento do pousadeiro a que se refire o conto vianés.

G. — Vei á súa muller agarimando ón cura novo e ten tentacióis de matar a entrámbolos dous, mais, lémbrase do terceiro consello que lle dera o amo e percura enteirarse ben; sabendo, máis tarde, que o crego é fillo seu.

H. — Parte a fogaza i alcontra drento unha boa mada de diñeiro.

Corresponde ó tipo I da crasificazón de ESPINOSA.

Conto núm. 26. — *O xuizo do demo.*

Corresponde nos seus elementos fundamentáis ó conto *Los huevos fritos*, de ESPINOSA, hijo; agora que desomellan en que o defensor é o demo no conto vianés, e no conto de ESPINOSA é un pastor. Ademáis a versón castelá non ten o episodio limiar do noso conto, no que o herói lle dá esmola ó demo.

A insinanza que se desprende diste conto é que *non hai nemigo pequeno*, e que convén levarse ben con todo o mundo.

Conto núm. 27. — *A miña muller.*

A sabidenza do pobo condénsase en ditos. Un mui conecido na bisbarra é o que di: *As mulleres i as gadañas non hai que escollelas, hai que acertalas.* O conto non é tan conecido coma o dito, e nel querse decir que nas custióis casamenteiras cada un aculta os defeutos que ten, os cuáis póinse ó descuberto co vivir xuntos, non quedando máis romédeo qua correxilos a tempo.

Nos contos de ESPINOSA, núm. 91 e 92, *La mujer mandona* e *La mujer desobediente,* o marido corrixe á muller dándolle unha boa pallougada. O home do noso conto, pensando en que é millor *prevenir ca curar*, non dá ocasión a que a muller poña os pantalóis por si acaso dispoixas non llos pode quitar.

Conto núm. 28. — *Juanitoso.*

O episodio limiar é semellante ó que corresponde ó elemento A 1 de *Juan el Oso*, de ESPINOSA, auque na versón vianesa non eisiste o pasaxe en que o criado persigue á muller.

Tocante ás forzas descomunáis do herói, ten algunha semellanza co conto *Sansón*, núm. 55, de ESPINOSA.

Conto núm. 29. — *A moza i os ladróis.*

Cadra cos contos de ESPINOSA que levan os números 39 e 40, *El mendigo* e *La hija del limosnero*, respeitivamente, con lixeiras variantes nos episodios principiáis, non traguendo as versós castelás o pasaxe refrente ó óso que o ladrón emprega coma se fora unha vela.

Conto núm. 30. — *As doce palabras retorneadas.*

Corresponde ó conto de ESPINOSA que leva o núm. 14, en cuio estudo costan as mesmas respostas, menos a sesta, que non cadran, seguramente pola corruzón

dalgún vocable, iñorando o narrador o seu siñificado, decindo que el llo insinaran eisí.

Di o narrador, e tamén se vei no conto, que é perciso saber as *doce palabras retorneadas* pra se librar das tentacióis do demo.

CONTOS DE BULRA

a. - *Contos de adiviñanzas*

Conto núm. 31. — *A mai matóu o Pancho.*

É un conto mui pouco conecido na bisbarra. Contén os seguintes elementos de *La adivinanza del pastor*, de ESPINOSA:

A. — Un rei ofrece unha filla en matrimonio a quen propoña unha adiviñanza que ela non sexa capaz de adiviñar. Un pailán quer porbar sorte.

B. — A mai do protagonista (un tolo na versón vianesa, un pastor na de ESPINOSA), envenénalle a comida que ha de levar pra o viaxe, mais cómella o burro, que morre, o mesmo ca tres aves que comeron carne do burro morto.

C 1. — O herói céiballe un tiro ónha lebre e mata outra que non a vía.

D 6. — Friten pescado ó chegar el a Madriz.

E. — O protagonista fai unha adiviñanza cuas cousas que lle pasaron no camiño.

G. — A princesa non é capaz de acertar a adiviñanza que lle propón o pailán. Danlle un rabaño de cuellos pra que os garde no monte, e se perde algún non se poderá casar cua princesa. Vende un e recóbrao tocando un chiro que lle regalóu unha muller.

G 1. — O protagonista vende cuellos e máis cuellos, arruinando ó rei, que non ten máis romedio qua darlle a filla en matrimoño.

G 2. — O herói dorme cunha doncella da princesa, que lle fai ise favor en troques dun cuello.

O episodio que trata de gardar os cuellos no monte tamén vein nos contos núms. 12 e 178, de ESPINOSA,

Juan Soldado e La princesa e *La princesa que nunca se reía*. Tamén é de istes contos o episodio de empregar un istrumento máxico pra recobrar os cuellos.

b. - Contos de cazadores

A terra de Viana é mui abondosa en caza e, polo mesmo, abondosa en contos de cazadores, impublicabels a mór parte, por porcos úis e por ouscenos outros.

Conto núm. 32. — *Un cazador de lebres.*

É mui conecido en toda a Galicia. Cando se lle vai unha peza ón cazador díceselle que non a mataría nin atada por unha pata, coma aconteceú niste conto. Nunhas variantes dise que foi atada cun barazo e noutras cunha vencella.

Conto núm. 33. — *O unto.*

Niste conto o cazador foi por lá e volvéu rapado. Constitúie unha sátira contra certos cazadores, mui contados, por fertuna, que cando vein á serra coidan que os labregos son úis pailáis que, dándolle catro cadelas, pódese facer deles calquer cousa.

c. - Contos de retranca

Os contos núms. 34 e 35 son espresión da tan redita cazurrería labrega. No pirmeiro o bulrador resulta bulrado pola fina retranca do labrego que, cua súa cara de pailán sábelle pór os puntos nos *is* a mutos que se coidan tein máis sabidenza.

No segundo conto sobresái a reserva do labrego diante de xente desconecida, atento ó que lle convén.

d. - Contos de estudantes e soldados

Conecida é a fama de pícaros que tein os estudantes i os soldados. Eisiste abondosa literatura en tódalas língoas refrente ás trastadas dos estudantes, sobresaíndo en Galicia a novela *La casa de la Troya*. Non embargante, o labrego, obrando en defensa propia, quizáis, aponlle máis picardía ó soldado, ben patente no conto núm. 36.

Conto núm. 36. — *Os estudantes i os soldados.*

Xeralmente os dous episodios de ise conto acostuman facer dous contos difrentes; non embargante pubricámolo nun solo porque é a versón máis bela de todas as que recollemos.

Conto núm. 37. — *As papas.*

É conecido por todalas partes. Certo que se trata dun conto porco, mais foi contado con tanto xeitiño, con tal númaro de metáforas que, coidamos de intrés a súa pubricazón.

Contos núms. 38 e 39. — *O cabo i os chourizos*, e *O xeneral Aguces*.

Aunque non achamos versós distes contos nas obras consultadas sabemos que é conecido, polo menos, na provincia de Santander, o últemo deles.

Conto núm. 40. — *O mozo que marchaba ó serviceo.*

Iste conto que tantas veces lle temos ouvido ós zamoranos, leoneses e asturianos, bulrándose dos *galleguiños*, non foi entendido polos que o empregan niste sentido. O seu motivo principal é dar a conecer o agarimo que o labrego lle ten ás súas vaquiñas, compañeiras do traballo e romédeo da súa probeza cua súa abondosa leite i os seus bitelos, que dan cartiños pra mercar na tenda canto percise. O *quinto* de iste conto ten valor de abondo pra se despedir da súa xente: *Un home é un home* cando se despide dos seus porque sabe qui é capaz de se valer por ela mesma y auque se lle partia o corazón sabe conservar a súa enteirez, mais é freconte que o seu gadiño pase maus invernos ameazado pola fame. Sabe que é fácile adequirir mantenza pra a xente porque eisiste un comercio ben orgaizado pra abastecer a xente, mais, se as neves apertan i a co-

lleita do feno foi má, entonces as vacas pasarano mal; de ehí o seu delor.

Conto núm. 41. — *A volta do serviceo.*

No conto sanabrés *El gallego y el ñabal*, de Cortés Vázquez, fálase da caída de un gallego disde a fiestra da súa casa ón nabal e dos laídos do fillo, que se queixa de que o pai derramóu os nabos. O episodio da perda do ollo apónselle, nas Américas, ós canarios.

e. - *Contos de matrimonios e noivados*

Conto núm. 42. — *Cudiado co cano*

Espinosa, fillo, pubrica un conto semellante, o número 6. Desoméllanse en que no conto segoviano a muller non ten ganas de chorar e págalle ónha chorona, i endispoixas da *resurreción* do home, iste dalle unha pallougada.

Conto núm. 45. — *A morte do home.*

Iste conto debe de ser de orixen portugués, pois é mui conecido nos pobos raiotos do concello de Vinhaes (Portugal), sendo escasas as versós recollidas na bisbarra ouxeto diste estudo.

f. - *Contos de xastres*

Eisisten dous tipos de contos de xastres. Nun deles considéranse pouco homes, no outro levan a gala de inxeniosos e bulróis.

Conto núm. 47. — *As comidas do xastre.*

A poesía de Hartzenbusch, *El sastre y el avaro*, desenrola o tema diste conto.

Conto núm. 48. — *O xastre valente.*

As verbas *nísquele, náscala* son onomatopeicas; a narradora quixo espresar, cuelas, o ruído que fain as tiseiras ó cortar.

Conto núm. 50. — *Non son home que son xastre.*

Na Terra de Melide pubrícase unha versón de iste conto co núm. 5.

g. - *Contos de tolos*

Conto núm. 51. — *Dominjo Domínjez.*

Corresponde ó núm. 24 de Espinosa, fillo. Desomella en que na versón castelá son dous frades os que vesten ó toliño de relixioso, e que ó chegar á casa dos seus pais coidan que é certo qui é frade, acordando que pedrique ó día seguinte. Pró outro día ponse a pedricar e di, somentes: *Señores, el que oiga mi voz se va a salvar, y el que no, será condenao.* Dispoixas sin prenunciar unha sola verba, move os labres coma si estivera falando. Unha vella xorda fai que ouve, i os demáis, como non ouven nada, cóidanse condanados. Acaba o pai chamándolle borrico, i el responde:

> *Ya que mi padre me llama burrico,*
> *nin digo misa nin pedrico.*

Conto núm. 52. — *O tolo i o listo.*

Ten os seguintes elementos do conto núm. 184, de Espinosa.

I. — Bota a porta ó lombo cando seu irmán lla manda cerrar i asobe cuela ón albre.

I 1. — Deixa caír a porta encima de úis ladróis que se axuntaron debaixo do albre.

I. 2. — Cille a porta na cabeza ó capitán dos ladróis e non pode falar craro porque trillóu a língoa; prenuncia certas verbas que os compañeiros entenden de outro xeito e foxen todos.

I 3. — Baixan do albre os dous irmáus e collen o diñeiro que deixaron os ladróis.

Os episodios de deixar caír a porta e levar o diñeiro áchanse no conto 183 de Espinosa, *Juan el Bobo.*

Conto núm. 53. — *O conto de botar as tripas fora.*

Corresponde ós contos 190 e 191 de *Juan Tonto*, de

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · FACULTADE DE FILOLOXÍA · BIBLIOTECA

ESPINOSA. Contén os siguentes elementos da crasificazón de HOVIO, citada por ESPINOSA:

I. — A pelexa de dous homes.

C. — A boda.

M. — O home que ten granos.

O episodio postreiro, o da viña, na resposta do tolo e semellante ó N da crasificazón dita.

Non encaixa en ningún dos dous tipos hispánicos que fai ESPINOSA no seu estudo.

Conto núm. 55. — *As peras.*

A frase: *As da boca pra os criados, as do cú prá súa mercez,* que dí o tolo ó darlle a cesta das peras ó señor é pra lle espricar que as peras do cima son pra os criados i as de por baixo son pra el.

Conto núm. 56. — *O tolo i as moscas.*

É unha versón do elemento F 2 de *Juan Tonto,* qui é o núm. 184 de ESPINOSA. No conto núm. 185, do mesmo autor, trátase de abellas en vez de moscas.

h. - *Contos varios*

Conto núm. 57. — *O conto das cen mil mentiras.*

Os contos de iste tipo son abondosos na bisbarra, pro versificados e impresos en castelán. O que recollemos está xa cuasi esquecido, non sendo fácile alcontrar quen saiba máis alá das dúas pirmeiras estrofas. As dúas anciás, nonaxenarias entrámbalas dúas, esquecérano na mór parte, por iso é de supoñer que, aunque o tema é o verdadeiro, a forma non debe de responder á primitiva.

Conto núm. 58. — *Non é cuco que é cuca.*

Corresponde a *Pedro de Urmedalas,* contos 163 a 167, de ESPINOSA, dos que contén os elementos fundamentáis.

Conto núm. 60. — *Acudíi difuntos.*

Encaixa no tipo I da crasificazón que fai ESPINOSA ó estudar as versós hispánicas de iste conto. Contén

os siguentes elementos do conto núm. 147 do mentado autor:

A. — Un pícaro cheio de deudas faise o morto.

C. — Os ladróis reparten o diñeiro de un roubo que fixeron. O zapateiro i o «morto» fáin fuxir os ladróis e reparten os cartos.

Conto núm. 61. — *O cántaro de mel.*

O episodio de vender un cántaro de porquería por mel méntao ESPINOSA na páx. 152, do tomo III ó refrirse á crasificazón que BOLTE Y POLIVKA fain cos elementos de contos picarescos. E o elemento D 2.

Conto núm. 62. — *O conto do xordo.*

Cuásique en todos os pobos se contan casos dos xordos, os cuáis, percuran acultar o defeuto que padecen, respostan con toladas e disparates ás perguntas que lle fán. O que se pubrica é o máis limpo dos que recollemos.

Conto núm. 64. — *Xan sin Cuidados.*

Corresponde ó núm. 13 de ESPINOSA, *Las tres preguntas.* As perguntas da versón vianesa corresponden ás J, A e N respeutivamente.

Conto núm. 66. — *O falar ben.*

Achase una versón de iste conto na PARROQUIA DE VELLE, páx. 225.

Conto núm. 67. — *A epístola do lobo.*

Contén os elementos A e C da crasificazón feita por ESPINOSA ó estudar o conto núm. 216, encaixando, no tipo II da dita crasificazón.

Conto núm. 68. — *Eu quero dous!*

ESPINOSA, fillo, pubrica un conto semellante, o número 7. Desomellan entrambas versós en que na castelá faise o morto o marido i en que se trata de un sacristán coxo en vez de un crego.

Conto núm. 69. — *Un home quer ter fungos.*

O dito *un home quer ter fungos* é mui conecido na bisbarra, o mesmo que o conto. Xeralmente apónselle

ón matrimoño costituído por unha muller homía i on home pequeno e de pouco caraute.

Conto núm. 70. — *Días de Maio, días de amargura.*

Tódolos ditos tiveron orixen nalgún feito, sendo frecuente que se esquecia o caso que deu motivo ó dito e iste perdure. Non embargante, o dito i o conto de que nos acupamos eisisten os dous.

CONTOS DE ANIMAIS

Na REVISTA DE DIALECTOLOGIA Y TRADICIONES POPULARES, tomo IV, cuaderno 1.º, pubricamos unha coleizón de 24 contos de animáis que se debía titular *Cuentos de animales, La Gudiña (Orense)*, mais, por erro no prelo meteron un *e* entre Gudiña e Ousense e feito quitaron o paréntese polo que parece que os contos son dos dous pobos, cando somentes pertenecen á Gudiña.

Despoixas recollemos os contos de animáis que se pubrican agora.

Conto núm. 72. — *A zorra i o lobo.*

Outro conto en que a zorra engana ó lobo, coma en tódolos que interveñen istes dous animáis.

No Bierzo (León) eisiste unha versón parecida, na que se sostén o seguinte diálogo entre os dous animáis:

Di a zorra:

Mi barriga llena,
muy repandigada;
mi compadre lobo
a cuestas me llevaba.

Resposta o lobo:

Tú qué dices, Marusiña?
¿Tú ríes ou regañas?

Responde a raposa:

No río ni regaño.
Son los perros de Miguel
que me vienen esfarrapando.

Conto núm. 73. — *A zorra i o lobo que foi as trutas.*

Corresponde ó conto de ESPINOSA *Buen día de vianda para el lobo* (Tomo I, páx. 215). CORTÉS Y VÁZQUEZ pubrica un conto que contén os seguintes episodios da versón vianesa: o encontro do lobo cos carneiros, o encontro do lobo cua porca ó que fai fuxire a dentadas.

Conto núm. 74. — *O home i a culebra.*

ESPINOSA, fillo, pubrica unha versón semellante. Non embargante, na versón castelá o home atopa á quiobra aterida, métea nas alforxas i a consulta faise cun touro. O episodio do engano da zorra polo home eisiste nos contos núms. 217 e 222 de ESPINOSA.

Conto núm. 75. — *Juan Periquito.*

Trátase de un conto enlazado ou acumulativo, que ben se pode considerar comón exercicio da criancice. Contén os elementos A 3 y C 1 do tipo II estabrecido por ESPINOSA ó estudar os contos 275 e 277. O episodio derradeiro, de perguntar polo burro, alcóntrase no conto 277 mentado. A resposta *érguelle o rabo e salúdao* é unha pulla.

CONTOS DE ENCANTAMENTOS

I

O FILLO DO REI

UNHA VEZ ERA UN QUE HERDABA UN REINADO SE A reina que había non tiña fillo ningún. De modo que foi a reina e déu a luz e trouxo un rapaz, i o home aquel colléuo e metéuno nun caixón e botóuo polo ríu abaixo, amenazando con matar a reina se decía algo.

O caixón marchóu ríu abaixo hasta que se foi a atrancar á cal de un muiño, facéndoo parar de moer. Salíu o muiñeiro pra ver o que pasaba; víu o caixón e sacóuo pra fora pensando que traería cuartos dentro; miróu i alcontróuse co rapaz, e como non tiña ningún, criouno ao biberón.

O home que botóu o rapaz polo ríu abaixo, chegóu a ser rei como el quería, e casóuse cua filla de outro rei; e chegaron a ter unha filla que decían que era a mais guapa de todo o reinado.

O rei foi unha vez de caza por cerca do muiño. Botouse a chover e meteuse drento pra non se mollar. Víu o mozote aquel, (pois xa era zagalote), e tanto, tanto se lle parecéu á mai, que lle perguntóu ao muiñeiro:

—Este rapaz é teu fillo?

—Non—respondéu o muiñeiro—; veu nun caixón que quedóu atrancado na cal do muiño.

—Se inda teis o caixón, insínamo.

O caixón inda estaba arrimado ón cantón do muiño, e cueso foi o muiñeiro por el i ensinoullo ao rei, que o conecéu en canto o víu. Non lle gustóu que o rapaz se salvara de morrer afogado e púxose a pensar como faría pra se desfacer de el sin que naide o soupese. Foi e chamóu por el e díxolle:

—Quéresme levar unha carta a onde eu te mande?

—Eu quero, sí señor—; respondéu o rapaz.

—Boeno. Pois mira: esta carta é pra a reina. A ver, ló, se eres capaz de lla levar.

Colléu a carta e salíu andando cara onde vivía a reina, pero fíxoselle de noite no monte pecho e cueso non sabía pra onde ir. Víu unha luz; guiouse por ela e foi a dar á cova de unha gavilla de ladróis.

Cando chegóu solo estaba una muller que estaba facendo a ceia; que ao ver entrar aquela persona desconecida, berróulle:

—Escapa, desgraciado! O que entra eiqui non sai vivo.

Pero o rapaz non lle fixo caso i entróu pola cueva adiante hasta onde estaba a vella; pois o que el quería era pasar a noite ao cuberto.

—Pero tu queres morrer!—díxolle a vella.

—Ló, que quer que faga cua noite que está?

—Vaite! Vaite! Non tentes ao demo! Se ven o meu amo, que é o capitán dos ladróis que viven eiqui, mátate.

—Auque me mate! Eu non quedo fora unha noite de lobos coma esta...

Estando nesta conversa sentiron que entraba xente pola cueva adiante, i a vella díxolle ao mozote:

—Métete eiquí, debaixo da miña saia.

E non tuvo mais remedio ca meterse alí, pois non lle quedaba tempo de esconderse noutro sitio.

A vella estaba sentada nun banco co rapaz debaixo

da saia; mais o demo, que as urde cuando quer, fixo de maneira que dese volta o banco e quedase o rapaz ao leilán.

—I eso?—perguntóu o capitán dos ladróis.

—É un mozote que veu por eiquí perdido i eu escondino porque tuven medo de que o matases.

—Matalo...? Por qué...? Eu nunca matéi os inocentes; e penso que el non faría motivo pra que eu lle poña as maus encima... Vamos a ver: quén eres e de onde véis?

O mozote contoulle todo o que sabía da súa vida e díxolle o recado que lle dera o rei.

—Pois trai a carta acá—; dixo o capitán.

Estúvoa lendo e víu que nela decíalle o rei a reina que en canto chegase aquel fulano cua carta, que o mandase matar. Estonces o capitán dos ladróis escribíu outra carta pra a reina onde lle decía, (coma se fora el o rei), que inda non chegase aquel zagalote cua carta que o casase cua filla; que cuando el volvese quería que xa estuvesen casados. Craro, a muller do rei ascape fixo o que decía a carta.

De maneira que cuando chegóu o rei, atopóuse que era seu xenro quen tiña por morto.

—Como é esto?—, perguntóulle a reina.

—Como vai ser! Eu fixen o que tú me mandabas na carta que el trouxo.

—Pero se eu na carta que lle din mandabo matar... Imos chamar por el a ver que nos dí.

El contóu todo o que pasara, cé a pé, sin deixar nada. O rei andaba levado do demo e non sabía qué facer. Pirmeiro acurríuselle matalo xenro; pero a reina quitoullo da cabeza, porque era cousa que iba a dar muto estampido, pois xa había muta xente que lle quería mui ben.

Estuveron discurrindo como farían pra desfacerse de el e por fin acordaron esto: Foi o rei e chamóu por el e díxolle:

—Teis que me traer tres pelos da cabeza do demo.

—Ben está—respondeulle o xenro.

Marchóu mundo adiante na busca do demo pra lle arrincar os tres pelos; e indo andando alcontróu un pobo que fora mui bon, pero que agora estaba mui decaído porque lle secara a única fonte que tiñan; i auque tiñan muto que comer, morría muta xente cua sede.

Seguíu pra adiante e chegóu autro pobo, tamén mui bon, onde a xente andaba mui triste. Perguntóulle que lle pasaba pra estar así e respondéronlle que era porque tuveran unha fonte coma non había outra no mundo enteiro, que lle botaba todo o viño que querían beber todo o ano; pero agora que lle secara.

Noutro pobo que alcontróu mais adiante viu casas mui boas i a xente mui ben vestida, que estaba chorando cua fame. Perguntólle que lle pasaba pra estar así, e respondéronlle que hasta entonces que tuveran unha mazaira que lle daba mutas mazás pra comer todos de sobre, pero que deixara de dalas sin saber por qué.

O xenro do rei que era mui listo, íbase fixando en todas estas cousas.

Despóis de andar muto tempo buscando o demo, sin alcontralo, soupo, por fin, onde era a boca do Inferno e determinóu de ir alá. Tuvo que pasar por un ríu que habían diante da porta e pasóuno un barqueiro mui vello. Estrañóulle muto que un home tan velliño estuvera nun oficio tan malo de facer, e perguntóullo.

—Pois—respondéulle o vello—, inda era pequeno cuando me meteron o remo na mau e naide mo veu a quitar, i así ando sempre.

O xenro do rei, que xa diximos que era mui listo, pensóu que tiña que facer todas estas cousas: Sacarlle os tres pelos ao demo, i ademáis, saber cuatro cousas, qui eran: por qué secara a fonte do pirmeiro pobo, por qué non daba viño a do segundo, por qué non daba

mazás a mazaira do outro, e por qué aquel velliño andaba sempre de barqueiro.

Pasóu as portas do Inferno i entróu pra drento. A mai do demo ao velo, díxolle:

—Tu que veis facer eiquí? Se ven o meu fillo cómete! Escápate antes de que veña.

—Non, escapo, non. Veño a buscar tres pelos da cabeza do demo e non me marcho sin eles; ademáis quero saber esto, i esto, i aquelo...; contóulle as cuatro cousas que quería averiguar.

Cando mais descuidados estaban sentiron vir o demo, e como non tuveron tempo de outra cousa, a mai do demo escondéuo debaixo da saia.

En cuanto entróu o demo, púxose a berrar:

—Eiquí cheira carne humana! Eiquí hai un cristiano!

A mai decíalle:

—Tu veis tolo, meu fillo! Mira que estar eiquí un cristiano...

—Pois cheira carne humana. Eiquí hai alguén escondido.

E púxose a buscar por tódolos sitios, pero non alcontróu a naide porque o que menos pensóu é que el estuvera escondido onde estaba. Así que anduvo buscando muto tempo díxolle a mai:

—Eu non sei que che pasa hoxe! É que non che andarían ben as cousas. Mira, déitate no meu colo e durme, que o que teis é que veis mui cansado.

Deitóuse o demo no colo da mai e durmíuse ascape; estonces ela arrepolóulle un pelo. O demo espertóu decindo:

—Ora o demo da vella! Que me está facendo?

—Nada, fillo, nada. É que estaba soñando quí é o que lle pasará a tal pobo, que antes tiña unha fonte mui boa i agora, sin saber por qué, secóu.

—Pois que lle vai pasar! É que tén un sapo atran-

cado no caño; non hai mais ca sacarllo pra que volva a reventar.

A vella esperóu que o demo se durmise outra vez i arrancóulle outro pelo.

—Ai que condenada de vella!—dixo o demo espertando outra vez—. Qué lle pasa hoxe... Non se pode estar quieta?

—Ai meu fillo! É que estaba soñando que lle pasará a tal fonte de tal pobo, que antes botaba viño, i agora nin viño nin auga.

—Pois o que lle pasa é que se lle atrancaron dúas salamancas no caño. Non hai mais ca quitarllas pra que volva a ser o mesmo que antes.

De alí on pouco durmíuse outra vez o demo e foi a mai i arrincóulle outro pelo.

—Pero a loba da vella—dixo o demo—non me quér deixar quieto?

—Cala, meu fillo, cala. Era que estaba soñando que será o que lle pasa a unha mazaira que hai en tal pobo, que antes daba muta fruta, i agora non dá ningunha.

—Boeno, outra! É que tén dous ratos que lle están comendo a raíz; en cuanto llos quiten ha dar tantas mazás como antes.

O demo volvéuse a durmir i a mai deulle unha bobofetada que o fixo despertar.

—Boeno, está visto que se puxo louca. Eu vóume de eiquí—dixo o demo levantándose.

—Non te enfades, fillo, non te enfades. É que estaba soñando por qué o barqueiro que anda no ríu que hai na entrada anda inda de barqueiro sendo xa tan vello.

—Anda por burro. Non ten mais ca entregarlle o remo ao pirmeiro que pase pra se librar; salirá el i entrará o outro.

E sin esperar mais nada o demo marchouse a tentar as almas ao mundo.

O xenro do rei salíu de onde estaba escondido, deulle

as gracias a vella e marchóuse. Así que pasóu a barca, díxolle ao vello:

—Pra se librar de andar co remo non tén mais ca darllo a pirmeira persona que pase.

Foi andando e pasóu polo pobo da mazaira. Mandóu empenar o Concello e díxolle:

—Cuanto me pagáis se eu fago de maneira que a mazaira volva a dar tantas mazás coma daba antes?

—Pide o que queiras. Pide o que queiras—respondéulle a xente.

—Boeno, pois ídesme dar dous burros cargados de diñeiro.

—Por eso non hai caso; agora que pirmeiro hai que espermentalo.

O xenro do rei escarbóu na raíz da mazaira, matóulle os dous ratos, i a mazaira volvéu a dar mazás. E cueso déronlle os dous burros cargados de diñeiro e seguíu o seu camiño. Mais adiante pasóu polo pobo que lle secara a fonte que daba viño. Mandóu que se axuntase o Concello, e díxolle:

—Se me pagáis ben eu faréi de maneira que a fonte volva a reventar e día viño.

Os veciños do lugar que non querían outra cousa no mundo, respondéronlle:

—Dámosche o que tu nos pidas.

—Pois hai que darme catro burros cargados de diñeiro.

—A espermentalo—responderon—; e se é certo dámoschos de boa gana.

Foi o xenro do rei e quitóulle as dúas salamancas que estaban atrancadas no caño i a fonte volvéu a dar viño.

De modo que xa levaba seis burros cargados de diñeiro cuando pasóu polo pobo en que lle secara a fonte. Alí tamén mandóu axuntar toda a xente pra decirlle:

—Eu, se me pagáis ben, heivos gobernar a fonte.

—Pagámosche o que tú pidas con tal de ter auga outra vez.

—Haberá que me dar oito burros cargados de diñeiro.

—Non é muto. O caso é que fagas o que dices.

Colléu un lareiro i afurrancoulle no caño da fonte e sacoulle o sapo, e volvéu a botar auga coma botaba antes.

O caso é que o home axuntóuse con catorce burros cargados de diñeiro e marchóu cueles pra onde o rei. Cuando o rei víu tantas riquezas empezoulle a chamar: "Meu xenro querido". "Meu herdeiro da vida", e mais cousas. Nin xiquera lle perguntóu polos tres pelos da cabeza do demo. Despóis estuvo vendo tódalas riquezas e perguntólle onde as adequirira.

—É cousa mui boa de facer—respondéulle o xenro—. Non hai mais que ir as portas do Inferno. Antes hai un ríu; en canto se pasa xa se atopan os cartos que se queiran coller.

O rei mandóu axuntar tódolos burros do seu reinado e marchouse alá co rabo quente; pero como o barqueiro xa estaba avisado do que iba facer, entregoulle o remo, i alí quedóu o rei pra sempre, facendo de barqueiro.

(*Francisco García,* de PENTES)

2

O HOME - LEON

HABIA UNHA MOZA ENCANTADA QUE A ESTABA GARdando un xigante, e pra desencantala había que ir a buscar un ovo á Serra da Armeña.

Un mozo quixo desencantala e cueso marchóu cara á Serra da Armeña. No camiño estaban o león, a zorra, a i-aigue i a formiga rifando por mór de comer un bicho que mataran, i estonces foi el e repartiullo ao

gusto de todos, e quedaron mui contentos, e cueso fóronlle decindo, pirmeiro o león:

—Se te ves en afríuto de pelexar, dí: *De hombre león.*

A zorra díxolle:

—En falta de sorte, dí: *De hombre zorra.*

A formiga díxolle:

—Se te queres acultar, dí: *De hombre hormiga.*

A i-aigue díxolle:

—Se queres viaxar de presa, dí: *De hombre aigue.*

Marchóu pra diante, i ón pouco mais adiante porbóu se era verdái que se podía volver naqueles bichos e víu que era certo.

Cando chegóu a cerca da Serra da Armeña perguntólle onha moza por ela, e foilla a insinar, pero como tuvo que deixar a res sola, pois era pastora, pasoulle algunha os lindes da serra e veu un quiobrón mui grande a comerlla. Estonces o mozo dixo:

—*De hombre-león.*

Botáronse a pelexar e ningún podía; estonces dixo o culebrón:

—Se tuvera unha *fuente*
tirábate de repente.

I o mozo respondéulle:

—Se tuvera viño i on xamón
non che quedaba vida, non.

Pelexaron hasta a noite e pra o outro día volveron a ela; e cando o mozo dixo:

—Se tuvera viño i on xamón
non che quedaba vida, non,

foi a moza e botóulle a dúas cousas, i estonces foi capaz de poder co culebrón e matóuo. Abríulle a barriga e quitoulle o ovo que tiña drento e marchóu á cueva onde estaba a moza encantada, que a estaba gardando un xi-

gante, e foi i escolfóullo ao xigante na cabeza, que caíu morto, e marchóu cua moza. Despóis casouse cuela.

(*Vitoria Rodríguez,* de BEMBIBRE)

3

XAN SOLDADO (A)

VIÑA POLO CAMIÑO, DE VOLTA DO SERVICIO, UN soldado que lle chamaban Xan Soldado. Polo mesmo camiño iban Dios e San Pedro, e Dios díxolle a San Pedro que lle fose a pedir unha limorna a Xan Soldado. San Pedro foi, e respondeulle Xan Soldado:

—Non traio mais ca tres pais que me déu o cochino do rei... Toma un

De alí on pouco volveulle a salir San Pedro noutra figura e pedíulle outra limorna.

—Traguía tres pais—díxolle o Xan Soldado—e xa lle dein un autro probe; toma tu outro.

Foi andando e mais adiante salíulle outra vez San Pedro de outra figura diferente das de antes, e pedíulle outra limorna.

—Boeno—dixo o Xan Soldado—; traguía tres pais e deinlle dous a dous probes que viñeron a pedirme limorna, e solo me queda un; tómao tú.

Mais adiante volvéronlle a salir Dios e San Pedro, e díxolle Dios:

—Eu son Dios i este é San Pedro. Pedímosche limorna tres veces pra saber se eras bon ou malo. Agora pide de premio o que tú queiras.

San Pedro decialle:

—Pídelle o ceio; pídelle o ceio.

—O ceio teño tempo de ganalo; agora perciso outras cousas: Quero un pau, de tal maneira, que cuando eu queira unha cousa solo teña que apuntar co pau cara ela; unha mochilla que se meta drento dela o que eu

mande meter; i ón bonete que por onde el entre podia entrar eu tamén.

Dios déulle todas estas cousas ao Xan Soldado, i así que as tuvo marchóu camiño da súa casa. Víu unhas perdices e puxo o pau cara elas e dixo:

—Á miña mochilla—. E, pun!, claváronselle na mochilla.

Mais adiante víu unha lebre e fízolle o mesmo. E marchóu camiño adiante con toda a caza hasta que chegóu onha taberna, na que había muta xente; pero o Xan Soldado levaba muta presa e non quería aguardar a que despachasen aos outros antes quél, e foi e díxolle a taberneira que o despachase porque inda tiña muto camiño que andar. A taberneira respondéulle que antes tiña que despachala xente que estaba didiante. Entonces o Xan Soldado perdéu a pacencia e dixo:

—Tódolos que están eiquí a miña mochilla!

E clavávonse todos na mochilla do Xan Soldado. Entróu pra drento do mostrador, colléu os cuartos que valía a caza, e dispoixas soltóuos a todos e marchóu.

Ao chegar a casa díxolle a mai:

—Se morro diante de osté, bóteme o bonete na cabeza i a mochilla a cabeceira, que se morre vostede xa lla botaréi eu.

Ao pouco morréu Xan Soldado, e cueso a mai botóulle o bonete i a mochilla tal como lle dixera.

O Xan Soldado colléu o camiño do ceio i o chegar alí petóu, tun!, tun!...

—Quén é?—respondéu San Pedro.

—Son eu. Son Xan Soldado.

—Pra Xan Soldado no hai sitio eiquí. Alá pra o inferno!

Deixóu o camiño estreito que o levara pra o ceio e colléu un mui ancho, que iba dar ao inferno. Chegóu alí e chamóu, tun!, tun!

—¿Quén?—respondéu o demo.

—Xan Soldado.

—Pra ese non hai aposiento eiquí.

Volvéu a coller o camiño do ceio e volvéu a chamar.

—Quén é?—dixo San Pedro.

—Son eu. Son Xan Soldado.

—Xa dixen que pra Xan Soldado non hai aposiento eiquí.

Estonces foi Xan Soldado e tiróu o bonete pra drento do ceio e díxolle a San Pedro que o deixase entrar pra collelo. Entróu i arrimóuse detrás da porta, e cuando San Pedro iba a abrir a porta pra que entrasen a ánimas pisabo, e cueso Xan Soldado decíalle:

—Non me pises, barallo.

—Fala ben, que estamos no ceio—decíalle San Pedro.

—Falaréi, barallo, falaréi, pero non me pises.

Cando se cansóu de estar de pe foi e dixo:

—Dios e todolos Santos a miña mochilla.

Meteúnos drento e sentóuse na millor silla e dispoixas soltóunos a todos.

(*Vitoria Rodríguez,* de Bembibre)

4

XAN SOLDADO (B)

Cuando licenciaron ao Xan Soldado do serviceo do rei viña todo contento cara a súa casa, cantando i asubiando, con tres pais debaixo do brazo, que lle deron pra que comese polo camiño. Virono vir Dios e San Pedro, que andaban dando unha volta polo mundo, e díxolle Dios a San Pedro:

—Vai e pídelle unha limorna ao Xan Soldado, a ver se cha da.

E foi San Pedro e pedíulle unha limorna a o Xan Soldado.

—Pouco che poderéi dar, pois solo teño estes tres pais... pero toma un.

E deulle un pan a San Pedro que marchóu a onde estaba Dios esperando por el. De alí on pouco díxolle Dios a San Pedro:

—Vólvelle a pedir outra vez limorna ao Xan Soldado, a ver se cha da outra vez; i o Xan Soldado déulle outro pan, decíndolle:

—Traía tres pais e xa lle dein outro on probe que me veu a pedir limorna; pero inda che vou a dar outro a ti, que a min ben me chega cun.

E San Pedro volvéu pra onde estaba Dios co outro pan. E volvéu Dios a decirlle:

—Ora volve a pedirlle limorna ao Xan Soldado, a ver se é capaz de darcha outra vez.

Volvéu San Pedro a pedirlle limorna ao Xan Soldado, que lle dixo:

—Traía tres pais e xa dein dous, porque xa viñeron outros dos probes a pedirme limorna. Non me queda mais que este; pero tómo, que eu son novo e podio ganar de comer millor ca ti.

E deulle o último pan que lle quedaba.

Entonces díxolle Dios a San Pedro:

—Un home tan bon como é o Xan Soldado ben merece un premio; vamos onde el. Foron alá e díxolle Dios ao Xan Soldado:

—Eu son Dios e quéroche pagar as limornas que deche; pide o que queiras.

San Pedro decíalle:

—Pídelle o Ceio; pídelle o Ceio.

—O Ceio inda teño tempo de ganalo.

—Pois pensa o que queres pedir—respondéulle Dios.

—Pídelle o Ceio—volvéulle a decir San Pedro—; pídelle o Ceio.

—Tu métete no que che importa—replicoulle o Xan Soldado—. Eu ben sei o que lle hei pedir. Quero unha silla, que o que se sente nela non se podia levantar hasta que eu mande; un saco, que o que meta a mau nel non a podia sacar hasta que eu queira; i ónha figueira

que o que se asuba a ela non se podia baixar hasta que a min me dia a gana.

—Está ben—repuxo Dios—; ha de ser todo como tu queres.

O Xan Soldado marchóu pra a súa casa; e viviu mutos anos facendo a vida de sempre, hasta que xa iba mui velliño. Naquel tempo foi o demo e miróu no libro a ver a quen tiña que ir a buscar ao mundo e un deles era o Xan Soldado; e cueso chamóu por outro demo e díxolle:

—Vai buscar o Xan Soldado.

Foi aquel demo a buscalo e cuando chegóu onde el díxolle:

—Xan Soldado; xa levas muto tempo neste mundo e xa é tempo de que veñas pra o outro: Véñote buscar.

—Mui ben, hó—respondéulle Xan Soldado—. Espera un pouco que me vou a lavar, que pra o outro mundo non se pode ir así lixoso como eu estóu. Séntate nesa silla mentras aguardas por mín.

Foi o demo e sentóuse na silla que lle dixera o Xan Soldado, e cuando se quixo levantar non podía, e cueso chamóu:

—Xan Soldado.

—Quei.

—Eu non me podio levantar de eiquí e temos que marchar. Apúrate.

—Eu non che teño presa ningunha; déixate estar.

—Pois anda pronto; que eu quérome levantar de esta silla e non podio.

—Xa te levantarás, hó, xa te levantarás; non teñas presas, que eu tampouco chas teño.

—Pero é que eu queríame levantar e non podio; e xa estóu cansado de estar sentado.

—I o que estarás!

—Xan Soldado, déixame levantar que teño que marchar; mira que me vai rifar o demo grande.

—Boeno, se me deixas quedar a min, entonces déixote levantar.

—Pois sí; tu quédate i eu me marcho.

Cando o demo pequeno foi onde o demo grande e lle dixo que non fora capaz de levar o Xan Soldado, empezóu a rifar cuel, decindolle:

—Tu nunca serviche pra nada. Non mereces estar no inferno.

O demo grande chamóu por outro que tiña levado mutas almas pra o Inferno e díxolle:

—Vai a buscar ao Xan Soldado que xa é tempo de traelo pra acá. Antias foi éste e non foi capaz de traelo. A ver se tu o tras.

—Traio, traio; pronto hei de volver cuel!

Marchóu aquel demo hasta onde estaba o Xan Soldado e díxolle:

—Xan Soldado, eu véñote a buscar pra levarte pra o outro mundo que xa eres mui velliño pra estar neste.

—Boeno. Vóume a lavar e mentres tanto, se queres, pódeste subir a esa figueira e fartarte de figos. Eu logo acabo.

Foi o demo i asubíuse a figueira e fartóuse ben de figos; pero cuando quixo baixar non podía. Entonces chamóu polo Xan Soldado e díxolle:

—Xan Soldado; eu queríame baixar da figueira e non son capaz.

—Non teñas presa, hó, non teñas presa. Tu come figos.

—Xa comín os que quixen e xa é tempo de que marchemos.

—Pra tí será; pero eu non che teño presa ningunha.

—Déixame baixar, que eu teño que me baixar; que xa hai muto tempo que estóu eiquí e váime rifar o demo grande.

—Non te apures, hó, non te apures.

—Déixame marchar auque sea eu solo.

—Boeno; pois se marchas tu solo, báixate e vaite.

Ao chegar aquel demo o inferno sin o Xan Soldado, díxolle o demo grande:

—E ló, onde queda Xan Soldado?

—Pois non fun capaz de traelo—. E contoulle o que lle pasara.

—Non servíis pra nada. Ahora vou eu alá e xa verás como o traio.

E foi o demo grande e marchóu en busca do Xan Soldado. Chegóu alí e díxolle:

—Xan Soldado, véñote a buscar; conque arréglate pronto que eu non estóu disposto a aguardar.

—Boeno, hoxe xa estóu porparado; solo teño que me calzar. Mentres eu me calzo mete a mau nese saco e colle uns chourizos pra a merenda.

O demo grande rabiaba polos chourizos, i auque xa estaba remoto polo que o Xan Soldado lle fixera aos outros, metéu a mau no saco, e nona podía sacar...

—Tú engañácheme Xan Soldado; déixame sacala mau.

—Mentras non me digas que me deixas quedar non cha deixo sacar.

O demo derrizóu o que pudio e non foi capaz de sacala mau, i o ver que non podía, díxolle a Xan Soldado:

—Déixame sacala mau pra marchar e déixote quedar.

E cueso marchóu o demo. Xan Soldado quedóuse neste mundo hasta que quixo; pero cuando se aborrecéu de estar eiquí colléu o camiño do ceio, i o chegar a porta, petóu:

—Quen é?—dixo San Pedro.

—Son Xan Soldado.

—Pois o Xan Soldado non tén sitio eiquí—respondéulle San Pedro que inda estaba enfadado pra el, porque lle dixo que se metese no que lle importase.

O Xan Soldado colléu o camiño do inferno e chamóu.

—Quen chama?

—Xan Soldado.

—Xan Soldado eiquí non pode entrar—respondéu o demo todo trascado e mandando cerrar tódalas portas.

Volvéu o Xan Soldado cara o ceio outra vez, con tan suerte que cuando chegóu estaba Dios na porta, onde San Pedro, e cueso deixárono pasar ascape.

(*Teresa Pousa,* 65 anos, PENTES)

5

JUANITO

JUANITO ERA UN MOZO, QUE POR INTERQUINENCIAS DA vida, un día, xogóulle a i-alma ao demo pra que o sacase dos seus apuros; e pasado un tempo tuvo que ir a entregarlla ao inferno. Marchóu cara alá e no medio do camiño alcontrouse cun vello; puxéronse de parola e contoulle pra onde iba. O vello díxolle:

—Mira; teis que pasar tres ríos; un verde, un blanco, i on encarnado. Neste último hanse de estar bañando as tres fillas do demo; unha de elas é santa e chámase Blancaflor.

E deulle as señas pra que a conecese, decíndolle que lle escondese a roupa e que cuando ela a fose a buscar que lle contase o que lle pasaba, que ela lle iba de decir todo o que iba de facer pra librarse de lle entregar a i-alma ao demo.

O Juanito fixo tódalas cousas coma aquel vello lle dixera. Falóu cua Blancaflor, i ela díxolle coma iba de facer, decíndolle:

—Meu pai hache de mandar facer mutas cousas mui malas de facer; pero tú non te apures; cuando che mande facer algo veis onda min que eu te sacaréi do apuro.

Marchóu o Juanito de cara o inferno e cuando o demo o víu ir, díxolle:

—Ola, Juanito. Fuche home de palabra; así me gus-

ta a min a xente. Boeno, pois ahora teis que ir onha debesa, cortar os álbores, rozar o monte, cavar a terra, atoleirala, sementala, segar o pan, mallalo e mañá traerme un bolo de pan.

O Juanito asustouse todo e marchóu onde a Blancaflor a contarlle o que lle mandara facer o demo.

—Non te apures—díxolle a Blancaflor—; que eu che faréi todo o que meu pai che mandóu e mañá haslle de levar o bolo pra a hora que el che dixo. Cuando llo días hache de perguntar quen te insinóu; tu respóndelle: "Sei eso e muto mais, i aiquí estóu pra todo o que osté me queira mandar".

Pra o outro día foi o Juanito a levarlle o bolo ao demo, que quedóu ademirado de que llo levase, e que lle perguntóu:

—Quen te insinóu?

—Sei eso e muto mais, i aiquí estóu pra todo o que osté me queira mandar—respondéu o Juanito.

—Boeno, home, boeno. Pois ahora vas ir debaixo da ponte a buscar o anillo que lle caíu a miña abuela o día da boda, hai trescentos anos; e mañá por estas horas teismo que traer.

Foi onde a Blancaflor, que lle perguntóu:

—Que che mandóu facer meu pai?

El, todo asustado, contóulle o que lle dixera o demo, pois pensaba que non había naide que fora capaz de hachar o anillo e levarllo a hora que el dixera. Pero a Blancaflor botouse a rir e díxolle:

—Non te apures, home, non te apures; que todo ten arreglo. Teis que traer unha redoma e teisme que picar ben picadiña e meterme drento de ela, tendo muto cudiado de que non se perda ningunha talladiña nin unha pingada de sangre; despóis bótala redoma ao ríu e tén muto cudiado de non te durmir; se te dormes nonos han de salir ben as cousas.

Juanito ao oir de ca tiña que picar arripióuselle o corpo, e díxolle:

—Eu non te tiro o ríu, picada, coma tu me mandas; porque eres mui boa pra min e non te quero perder.

—Tu fai o que che mando e non teñas medo, que a min non me ha de pasar nada. Xa verás.

Fixeron as cousas coma xa disemos; i o Juanito quedóuse na borda do ríu. De vez en cuando viña ela a borda do ríu e decíalle:

—Dormes ou velas?

—Velo.

Volvía a marchar a buscar o anillo, e de vez en cuando viña a borda pra ver se Juanito velaba. Unha das veces que veu xa tuvo que perguntarlle dúas veces se durmía ou velaba; inda lle respondéu pero xa pouco lle faltaba pra estar durmido de feito.

Por fin unha vez salíu a Blancaflor co anillo e díxolle ao Juanito:

—Non te durmas; teis que estar sempre velando. Ahora vou buscar outro anillo pra min, que inda tén mais poder que ese.

Ao cabo de algún tempo salíu a Blancaflor co outro anillo e marcharon pra casa.

Cuando Juanito lle levóu o anillo ao demo, perguntóulle:

—Quén te insinóu?

—Sei eso e muto mais, i aiquí estóu pra o que me queira mandar.

—Boeno, hó, boeno; mui ben por todo. Ahora vas ir ao curral i amansar os tres cabalos que alí hai.

El foille a decir a Blancaflor o que lle mandara o demo, i ela contestóulle:

—O cabalo mais grande é meu pai, a albarda é miña mai, os estribos miñas hirmás i o freno hei de ser eu. Montas nel e non te acupes do freno que xa eu me encargaréi de que o cabalo non se mova; eu pegaréi de el; tu dalle espuela e mais espuela hasta que caia coma morto.

Así o fixo. Os dous cabalos mais pequenos fóronlle

mui bois de amansar, pero o grande deulle muto traballo, porque, auque o freno era a Blancaflor, e pegaba de el que nin se movía, levantábase muto de atrás, i a mesma albarda movíaselle pra todos os lados pra ver se o tiraba, pero el apertoulle ben as pernas e calcoulle as espuelas todo o que pudo, de maneira que o domóu hasta deixalo por morto.

O demo i a dema xa desconfiaban de que era Blancaflor a que lle axudaba ao Juanito i o insinaba en todo o que tiña que facer, i acabaron de telo por certo cuando amansóu os cabalos; de modo que pra quitarlle que lle axudara, o demo chamóu por el e díxolle:

—Boeno, Juanito, boeno. Estóu mui contento de ti porque me fas mui ben todo cuanto che mando e quero que te cases cunha das miñas fillas; pero as de escoller de entre as tres a que che toque en suerte.

O Juanito marchóu onde a Blancaflor a contarlle o do casamento, i ela díxolle:

—Meu pai vainos vestir as tres de mesma maneira e do mesmo color i hanos de tapar a cara pra que tu non me conezas a min, pois xa desconfían de nos; pero mira, eu heime de pór no medio das miñas hirmás, ahora que se el me mandara pór noutro síteo, tu pódesme conecer polo cachiño do dedo que me falta, o que tu me perdiche cuando me picache e me metiche na redoma, pois auque me fagan pór guantes tu non teis mais ca ir apalpando os dedos de todas, pra saber cual son eu das tres.

As cousas pasaron tal coma dixera a Blancaflor, e cueso escolléu nela e casáronse.

Despóis díxolle o demo á dema:

—Eu ben che decía que era a Blancaflor a que insinaba a Juanito. Ímolos deixar deitar i así que estían ben durmidos matámolos aos dous.

Pero a Blancaflor sabía todo porque llo decía aquel anillo que sacóu do ríu pra ela e cueso díxolle ao Juanito:

—Esta noite, meus pais tein trazado de nos matar. Has de traer dous pelexos de viño pra metelos na cama; pra que cuando veñan a matarnos pensen que os pelexos son os nosos corpos. Despóis vas ao curral e colles o cabalo do pensamiento, que imos de escapar nel pra a túa terra.

O Juanito puxo os pelexos na cama e marchóu a buscalo cabalo do pensamiento, pero ativocóuse e colléu o do vento. Montaron nel e botaron a escapar O demo i a dema, cuando creeron que eles xa estaban durmidos foron alá i acutelaron os pelexos, e cuando salía o viño decíalle a dema ao demo:

—¡Que ben lle acertamos! Mira como corre o sangre.

Marcháronse e de alí on pouco volveron a ver se acabaran de morrer, e déronse conta de que eles escaparan. Entonces dixo a dema:

—Tu veis como era a Blancaflor a que o insinaba! O malo é que iban escapar no cabalo de pensamiento. Vai alá a mirar! Se fuxiron no cabalo do pensamiento xa non temos que lle facer; se escaparon noutro montas nese e vas detrás de eles, que inda os has de atrapar.

Foi o demo ao curral e como víu que quedara o cabalo do pensamiento montóu nel e marchóu detrás de eles. Pero a Blancaflor ló soupo polo anillo que seu pai iba detrás de eles e díxolle ao Juanito:

—Ai de nós que somos perdidos! Tu marráchate de cabalo e colliche o do vento en vez de coller o do pensamiento e xa ven ahí meu pai detrás de nós. Anillo, pídoche que formes eiquí un jardín; eu son a horta, o cabalo o pozo e tú o jardinero.

Inda non acabaran de cambearse nas figuras que dixera a Blancaflor cuando aparecéu alí o demo montado no cabalo do pensamiento que ao ver o jardinero foi onde el e perguntóulle:

—Oiga, buen jardinero; osté non víu pasar por eiquí un home i onha muller montados nun cabalo?

—Teño boas cereixas, teño bon repolo, teño boas peras, teño...

—Boh!, boh!, boh! Eu pergúntolle a osté se víu pasar un home i onha muller de acabalo de un cabalo —respondéu o demo.

Pero o jardinero fixo coma que nono entendía e volvéulle a ofrecer as cousas que tiña no jardín, e cueso o demo aborrecéuse e deu volta pra o inferno. Cuando a dema soupo o que lle pasara, díxolle:

—Ah, burrancán, burrancán! Éranche eles que se puxeron de esas figuras. Volve alá correndo.

En cuanto o demo salíu de onde a dema, xa a Blancaflor sabía que iba outra vez detrás de eles, e cueso díxolle ao Juanito:

—Ai meu home querido, que estamos perdidos! Ahí volve meu pai detrás de nós, i ahora non sei se se me deixará engañar de segundas. Anillo, pídoche que eiquí mesmo formes de min unha capilla, do cabalo o cura, e do Juanito o sancristán.

Cuando o demo chegóu alí, estaba o Juanito tocando á Misa. Tamén lle perguntóu, coma da outra vez, se vira pasar un home i ónha muller de acabalo de un cabalo; pero el respondéulle:

—Estóu tocando á Misa e ló vai a empezar—; e non houbo queno sacara de aquelo.

O demo aborrecéuse e deu a volta pra o inferno. A dema rifóu cuel, chamóulle burro mutas veces e despóis dixo:

—Ahora vou eu a buscalos e xa verás como non veño sin eles.

Cuando a Blancaflor soupo que iba a súa mai detrás de eles deuse por perdida e díxolle ao home:

—Ahora non temos rescate. Vén miña mai detrás de nós i ela non se deixa engañar coma meu pai. Anillo querido, pídoche que formes eiquí unha debesa con tantos silveiros que non haxa quen podia pasar e que escureza tanto que non se vexa un burro aos dous pasos.

De modo que cuando a dema chegóu alí non foi capaz de pasar e tuvo que volverse pra o inferno sin eles. Ao chegar perguntóulle o demo:

—Non os viche?

—Cala! Cuesa Blancaflor non hai quen podia. De por forza tén que ter o anillo de miña bisabuela, i o que tén ese anillo fai todo o que lle da a gana, de modo que hai que esquecerse de eles.

O Juanito i a Blancaflor foron andando hasta que chegaron á entrada do pueblo do Juanito, alí díxolle el que o esperase, que iba a buscar un coche pra que entrase montada nel no pueblo.

—Ca! Non te deixo ir—dixo a Blancaflor—. Non me deixes sola; porque se te marchas sin mín e te abraza cualquera esquéceste de mín pra sempre.

—Eu esquecerme de ti! Eso non o digas nin en groma; pois eu de ti non me esquecerél mentres viva.

Non houbo maneira de convencelo e marchóu solo, quedando ela alí aguardando por el. O pirmeiro que fixo ao entrar ao pueblo foi decir que naide o abrazase, pero unha vella que chegóu despóis foi por detrás e déulle un abrazo. E pasóu o que a Blancaflor dixera; esqueceuse de ela de tal maneira que nin lle sabía o nombre nin se acordaba de que estaba casado cuela.

A Blancaflor ao verse sola pediulle ao anillo que lle formase alí unha finca cun palacio e vivíu nel.

Logo se empricipióu a falar de aquel palacio e da moza que vivía nel porque era a millor moza que había en todo o arredor, e tódolos mozos a iban a enamorar. Dous amigos do Juanito falaron cuel e dixeron que iban ir un cada noite a enamorala.

Foi un e púxolle mui boa cara. Fixo unha cena mui boa e despóis deulle tal xeito as cousas que mesmo parecía que se iban a deitar xuntos; tanto que ela empezóu a espirse a vista de el; pero de pronto díxolle:

—Ai; olvidóuseme unha cousa!

—Qui é?—respondéu el.

—Bazar a bacenilla.

—Pois déitate que eu o faréi.

E pasóu toda a noite bazando bacenillas. El a bazar a bacenilla i a bacenilla sempre cheia, cuando se deu pola conta era de día. Entonces deuse conta de que a moza se estuvera burlando de el e marchóuse. Aos outros foille decindo que lle fora mui ben cuela e que fixera o que quixera. De modo que pra a outra noite tocoulle de ir pra onde ela ao outro mozo, que, claro, como o que fora lle contara aquelas cousas iba o home mui aceirudo, pero tamén lle salíu a Páscoa a viernes. Blancaflor fixo unha cena moi boa, riron muto e tamén lle fixo ver que se iban a deitar xuntos; ahora que cuando ela emprecipióu a espirse, díxolle:

—Esquecéuseme unha cousa.

—E ló qué?—perguntóulle o mozo.

—Que me quedóu a ventana sin cerrar.

—Pois cérroa eu ascape.

I estuvo cerrando na ventana toda a noite, pois non a daba cerrada. De maneira que cuando chegóu o día inda estaba cerrando na ventana. Ao ver que era día déulle vergonza i escapóu; e tamén lle foi decindo aos outros que o pasara mui ben.

Aquela noite tocóulle ao Juanito de ir pra onde a moza e cueso chegóu alá, e nin por mentes se lle pasóu que aquela era a súa muller, tan esquecido estaba de ela. Cenaron e fíxolle coma aos outros; túvoo toda a noite dándolle cuerda á guitarra, i al avío.

De alí a algún tempo enamoróuse Juanito de outra moza e tratóu de se casar cuela. Tiñan todo arreglado, pero cuando estaban na porta da iglesia, aparecéu alí a Blancaflor e pedíu licencia pra falar.

—Fale osté—díxolle o cura.

—Pois mire osté: Se se perdera a chave da iglesia e se mercase outra pechadura, i antes de pola aparecese a chave que estaba perdida; cual se usaría?

—Sendo así non se andaría pondo pechadura nova, usaríase a vella: A pirmeira é a que tén dereito.

—Mui ben. Entonces eu teño mais dereito a casarme cuese home ca tén esa outra moza, dito sea con todo o respeto, porque eu fun o pirmeiro amor que el tuvo.

A xente púxose a mirar unha cara a outra esperando a ver o que decía o Juanito. Pero o Juanito non se acordaba da Blancaflor pra nada, e cueso dixo que con quen se quería casar era cua moza que levaba ao seu lado, que el non conecía a Blancaflor pra nada. Pero ela empezóulle a decir:

—Non te acordas Juanito de ésto, de ésto e de aquélo...

O Juanito ao principio desdecíase, pero pouco a pouco foise acordando de todo i o último dixo:

—Pois perdonen todos, e sobre todo a que iba a ser miña muller. É certo todo cuanto a Blancaflor dice, i eu non me podio casar outra vez porque xa estóu casado. E cueso marchóu cuela, i acabóuse o conto.

(*Cecilia Fernández,* de Carracedo)

6

O CRIADO QUE FIXO BAILAR O AMO

Un criado estivo dous anos servindo ond-on amo e pasado ese tempo botóuo fora, dándolle cuatro pesetas polas soldadas dos dous anos. O criado estivo por non collerllas pois pensóu que aquelo, verdadeiramente, era facer burla do sudor de un probe; pero colleullas pensando que lle farían falta polo camiño, pra chegar a casa.

Indo andando alcontróu un probe que lle pedíu unha limorna. Botóu mau ao bulso sacóu as cuatro pesetas e déullas decíndolle que era a soldada que ganara en dous anos. O probe aquel, díxolle:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA - FACULTADE DE FILOLOXÍA - BIBLIOTECA

—Boeno, pois ahora pídime o que queiras.

—Pois eu quero—díxolle o criado—unha escopeta que sempre día no blanco i on violín que faga bailar a toda a xente cuando eu o toque.

O probe déulle as dúas cousas, i el volvéuse a casa do que fora seu amo, que estaba mirando pr-on páxaro mui bonito que estaba pousado nun silveiro, con ganas de collelo. Entonces o criado tiróulle un tiro i o páxaro caíu morto no medio do silveiro.

O amo en cuanto víu o páxaro morto botouse a correr e meteuse por el ascape, non sendo que se lle escapase. En cuanto estuvo no medio do silveiro, o outro que lle quería facer pagar as xudiadas que lle fixera, púxose a tocar no violín. Entonces o amo soltóu o páxaro e púxose a bailar con tantas ganas como se estivera na millor festa, esgarrachándose no silveiro hasta que quedóu cuasi espido. E pra que o criado parase de tocar deulle un bulso cheo de diñeiro, pero en cuanto salíu queríallo quitar, pero el defendéuse e non o deixóu.

O amo marchóu a casa e puxo outra roupa, despóis metéu ó criado no Xusgado, decindo que o roubara, i o probe criado foi condenado a morrer na forca.

Ao ilo a matar perguntáronlle se quería pedir algunha cousa, pois sempre se lle concede o que piden aos que van a morrer aforcados. El pedíu que lle deixasen tocar o violín; i auque o amo decía que non, que non o deixasen; pero a Xusticia non vía cousa má en que tocase o violín e dixo que sí. Inda non empezóu a rascar nas cordas do violín cuando toda a xente se puxo a bailar. I o amo, que sabía o que iba a pasar, engarróuse ónha xesta; pero arrincóuna e despóis andaba bailando cuela por entre a xente.

Os da Xusticia berrábanlle:

—Para! Para!

Pero el seguía tocando, e tocóu hasta que xa toda a xente non podía terse de pé; estonces dixo:

—Eu pararéi se ese home me da o diñeiro que legalmente me pertenece, i endemáis se se lle da unha boa tunda pra que así aprenda a tratar ós criados e non lle estafe o sudor a naide.

Non tuveron mais remedio ca facer o que el pedía e deixalo libre.

(*Recollido en* Fornelos de Filloás)

7

O XANCIÑO

Era un matrimonio mui probiño que tiña mutos fillos, e que se vía mui apretado pra os manter, porque el, que se chamaba Xanciño, non servía pra nada.

Un día a muller tanto se enfadóu cuel que o botóu fora da casa, decíndolle que polo menos que se fose polo mundo a buscar un amo e que ganase pra se manter.

Salíulle Dios en figura de home e perguntoulle:

—Pra onde vas, Xanciño?

—Vou na busca de un amo.

—E tu queres vir comigo?

—Eu quero, sí señor.

Estuvo servindo certo tempo, e díxolle Dios:

—Xanciño, xa é tempo de que vaias a ver a muller.

—Ai, non vou, non señor! Se lle aparecio en casa é capaz de me matar.

—Teis que ir. Mira, héiche de regalar esta burriña. Cuando chegues a casa mandas axuntar os fillos i a muller arredor da burra, e dislle á burra:

—Burriña, con toda a gracia que Dios che deu... Arre burra; caga diñeiro!—A burra ha de ciscar un montón de diñeiro.

O Xanciño marchóu pra casa todo contento, pensando que ahora a muller que o deixaría estar en casa; e no camiño paróu nunha casa de unhas mulleres que

lle dixeron que pousada lle daban, pero que non tiñan que lle dar de cenar.

—Non vos apuréis—díxolle o Xanciño—; eso arréglo eu.

Marchóu onde a burra e fíxolle cagar diñeiro. Levoulle os cuartos pra que foran a comprar a cena, e despóis, as grandes tunantas, cambiáronlle a burra por outra.

Pra o outro día o Xanciño marchóu cua burra cara casa, e cuando chegóu alí chamóu polos fillos e pola muller a berros, decíndolle:

—Vinde acá, fillos queridos! Ven acá, muller querida! Veño rico de afeito, pois traigo unha burra que caga diñeiro. Traéi un barreño grande que volo hei de encher de el.

Acudiron todos i o Xanciño púxolle o barreño a burra debaixo do rabo e díxolle:

—Burriña, con toda a gracia que Dios che deu... Arre burra, caga diñeiro!

A burra non cagaba diñeiro. Entonces colléu un pau e baixóullo no lombo, decíndolle:

—Are burra; caga diñeiro!

Pero a burra non cagaba diñeiro. O que fixo foi romper o barreño. Entonces a muller quitoulle o pau ao Xanciño e deulle unha tunda que a pouco mais mátao, chamándolle tontarrán, lapón, e non sei cuantas cousas mais.

Marchóuse o Xanciño polo mundo adiante outra vez a buscala vida e no camiño volveulle a salir Dios, de outra figura diferente da de antes, e díxolle:

—Onde vas, Xanciño dúas veces?

—Vou a buscar un amo.

—E tu queres vir comigo?

—Eu quero, sí señor.

Estuvo outra vez servindo un certo tempo, hasta que Dios lle dixo:

—Xanciño, xa é tempo de que vaias a ver a muller.

—Non vou, non señor. Estuven servindo onde outro amo que tamén me mandóu que fose a vela, i eu fun, pero deume unha tunda que a pouco mais mátame.

—Pois de esta vez non che ha de pegar porque che hei de dar unha mesa, que che ha de pór toda a comida que tu queiras con solo lle decir: "Mesiña, cua gracia que Dios che deu, pon comida pra todos os que estamos eiquí".

Marchóuse o Xanciño cua mesa e foi a parar a mesma casa da outro vez; onde lle deron pousada, pero dixéronlle que non tiñan que comer.

—Non se apuren. Ahora mesmo vai haber eiquí comida de sobra pra todos;—e cueso díxolle a mesa: "Mesiña, pola gracia que Dios che deu, pon comida pra todos os que estamos eiquí".

A mesa puxo comida de sobra pra todos; cenaron hasta que non lle coupo mais no bandullo e despóis fóronse a cama. Cuando aquelas mulleres viron que o Xanciño estaba durmindo roubáronlle a mesa e puxéronlle outra no sitio de ela. O caso é que pra o outro día levantóuse o Xanciño e colléu a mesa ao lombo e marchóu cuela pra a súa casa, chamando pola muller i os fillos coma da outra vez.

—Pero tú que virás a facer eiquí, desgraciado—decíalle a muller—. Inda non escarmentache?

—Cala, muller, que de esta vez veño rico. Traigo unha mesa que se lle manda pór de comer e pón. Vinde todos pra eiquí e xa veréis.

A muller do Xanciño, antes de nada armouse do barredoiro e baixóu cos seus fillos pra onde estaba o seu home. Entonces o Xanciño díxolle a mesa:

—Mesiña, pola gracia que Dios che deu, pon comida pra todos os que estamos eiquí.

A mesa non mudaba do seu ser. E cueso a muller do Xanciño pensóu que o iba engaritando, e co mango do barredoiro déulle unha tunda que o deixóu por medio morto.

O probe do Xanciño, en cuanto se pudo levantar escapóu outra vez polo mundo a buscar outro amo con quen servir. Volveulle a salir Dios noutra figura, e díxolle:

—Pra onde vas, Xanciño tres veces?

—Vou a buscar un amo pra servir.

—E tu queres vir comigo?

—Eu quero, sí señor.

Botóu muto tempo servindo, i on día díxolle o amo:

—Xa será tempo de que vaias a ver a muller, Xanciño.

—Ca! Eu non volvo mais nunca onde a muller. Estuven onda outros dous amos que tamén me dixeron que a fose a ver, e pegoume tanto as dúas veces, que a pouco mais mátame.

—Non mata, home, non mata. O que pasa é que tu eres un toliño: Eu son Dios, e tódalas veces que estuveche servindo foi comigo. Eu deiche sempre ben con que gobernala túa vida, pero tu deixáchete engañar por aquelas mulleres onde parabas. Ahora vouche a dar un crucifico que cuando lle digas: "crucifico, pola gracia que Dios che deu, pégalle a esa persona", o crucifico halle pegar. Tamén che hei de dar un pano do que has de decir naquela casa que tén muta virtú. Cuando te deites pon o pano na cabeza i o crucifico contra o péito; pois cuando pensen que estías durmindo hanche de vir a arroubar o pano; tú díceslle ao crucifico que lle pegue i hasta que che dían a burra i a mesa non lle digas ao crucifico que pare de pegar.

Tal coma Dios lle dixo así pasóu. Cuando as mulleres creeron que o Xanciño estaba durmido foron a arroubarlle aquel pano que tanto lle agabara, pero el dixo:

—Crucifico, pola gracia que Dios che deu pégalle a estas mulleres.

Elas ben lle pedían que as deixase, pero o Xanciño díxolle que non mandaba que o crucifico parase de pe-

gar hasta que lle devolvesen as cousas que lle arroubaran.

Por fin déronllas i o Xanciño marchóu cuelas pra a súa casa, e cuando a muller víu que era certo o da burra i o da mesa, abrazábase ao Xanciño e decíalle:

—Ai, meu Xanciño querido, cuanto che quero. Eu ben sabía que tu eras o home mais listo do mundo.

(*Angelita Prieto*, de PENTES)

8

SANTA MANUELA

UNHA VEZ UN FUMADOR NON TIÑA DIÑEIRO PRA mercar tabaco, e foi e vendeulle a filla ao demo, e cuando o demo a foi a buscar, non a pudo levar, porque tiña auga bendita e lavaba a Dios cuela; estonces díxolle ao pai que lle tirase cua auga, que se non non a podía levar, e foi o pai e tiroulla; pero cuando o demo volvéu por ela tampouco a pudo levar porque, auque ela non tiña auga pra lavar a Dios, decía: "alabado sea Dios", i o mismo lle valía que se o lavara. Estonces díxolle o demo ao pai que lle atase os brazos por detrás e que lle tapase a boca. Feito esto, púxolla ás cabaliñas e marchóu cuela, e polo camiño perguntoulle:

—Quén é teu pai?

—É Dios.

—Quén é a túa mai?

—É a Virxe Santísima.

Estonces pra castigala, polo que decía, salían do demo coma escambruñeiros que se clavaban nela. I o ver que non podía facer bon de lea, arruñóu por un álbore arriba e deixouna caír nun bosque, e rompéu os brazos ao caír.

O rei tiña muta facenda e mutos cais pra guardala; e cuando os pastores lle daban a merenda aos cais, eles

íbanlla levar a Santa Manuela, e claro, enflaquecían, e foi un día o rei por alí e rifoulle porque tiñan os cais tan flacos; pero os pastores respondéronlle que non sabían o que podía pasar, pois eles dábanlle igual ración ca sempre. Estonces o rei púxose a velar os cais e víu que collían a merenda e que lla iban a levar a Santa Manuela, e metíanlla na boca. O rei levoua pra casa, e como lle gustaba muto casouse cuela, auque a mai de el non quería, porque non tiña brazos.

Pouco tempo despóis o rei tuvo que marchar á defensa e deixóu a muller cua mai, pero como non lle quería ben, en cuanto deu a luz, botouna da casa cos dous meniños que trouxera, i escribíulle ao rei que morrera ao parir dous perritos.

Ela, como solo comía herbas, non daba leite pra manter os fillos, pero Dios mandoulle unha corza pra que lle dese de mamar.

Un día iba á buscar herbas pra comer e deulle muta sede i agachouse pra beber nun rigueiro e caíulle o meniño a el; ela querío sacar cua boca, pero oíu unha voz que decía:

—Quíto co hombreiro, quíto co hombreiro.

E foi e metéu o hombreiro e salíronlle outros brazos e pudo sacalo meniño.

Cuando volvéu o rei da defensa non tiña parada porque estrañaba muto a muller, e cueso salía muto de caza pra espalecerse; i on día foi detrás de unha corza a dar ao sitio onde estaba a súa muller cos fillos. Pedíu entrada e cando estaba dentro, díxolle un rapaz, porque se arrimaba muto ao lume:

—Papá, que se queima.

—Tú non eres meu fillo, que a miña muller non tiña brazos, i a túa mai ténos.

Estonces respondéulle ela:

—Dios todo lo puede.

Ao oir aquelo o rei miróu ben pra ela e conoceua,

e cueso levóu a muller i os fillos pra o palacio, onde viviron mui contentos.

(*Victoria Rodríguez*, de Bembibre)

9

LUCIANITO E LUCIANON

O Lucianito tiña unha burra i o Lucianon tiña tres. O Luicianito iba cuelas a arada e decía:

—Arriba mis mulas.

Mais o Lucianón replicáballe:

—Non son túas que son miñas. E se volves a decir polas miñas que son túas, mátoche a túa.

O Lucianito non lle facía caso e seguía decindo: "arriba mis mulas", pero un día foi o Lucianón e matoulle a burra. O Lucianito calóu; quitoulle o pelico á burra, púxo de sal pra que se curtise e despóis marchouse polo mundo adiante facendo de adiviñador; e púñalle os pés encima ao saco en que levaba o pelico, pra que chilase, e decía que era o adiviñador que falaba.

Un día foi parar ónha casa i alí o cura i a muller da casa con muto que comer, pero nesto veu o home de ela i esconderon as cousas no forno. I el, como vira todo, fíxolle ver ao amo da casa que llo decía o adivinador que levaba no saco; i o ver que era certo díxolle se llo quería vender, i o Lucianito vendeullo por mutos miles.

Cuando chegóu a casa pedíulle ao Lucianón unha tega pra medir os cuartos.

—E ló de onde che veu tanto diñeiro?

—Pois déronmo polo pelico da burra que tú me matache.

O Luicianón matóu as tres burras que tiña e foi á vender os pelicos, pero o que lle pasóu foi que apañóu uis paus por pedir mutos cuartos por eles.

De alí óis días morreulle a mai o Lucianito, e foi e púxoa nun carriño coma se estuvera viva e pasóu por didiante de unha casa de uis amigos, que o convidaron a beber. Tamén lle levaron de beber a mai do Lucianito, pero o que lle levóu tiña mui mal genio e como víu que non lle respondía cuando lle dixo se quería beber tiróulle co vaso a cabeza e tiróu cuela do carriño en baixo. Estonces o Lucianito emprecipióu a gritear que lle mataran a mai, e pra que se calase, déronlle mutos cuartos.

Boeno, outro día viña o Lucianito cunha vacada mui grande e mutas mulas, cantando de contento, e víuno o Lucianón, que lle perguntóu de onde as sacara; estonces o Lucianito díxolle:

—Métete naquel prefundo pozo; ao cabo de el alcontrarás unha irla e nesa irla unha señora que che ha de dar as que lle pidas, pois a min deume estas e inda lle quedaban mutas mais.

O Lucianón fixo caso do Lucianito e meteuse naquel prefundo pozo i afogóuse, que era o que o Lucianito quería; que auque pasaba por mais burro ca Lucianón foi mais listo que el.

(*Victoria Rodríguez,* de Bembibre)

10

PEDRO CORTIZOILO

Unha vez era un rei que tiña tres fillas. Xuntounas un día e perguntoulle cual de elas lle quería mais. Unha díxolle:

—Quérolle pola vida.

Outro díxolle:

—Quérolle polo corazón.

I autra díxolle:

—Quérolle tanto coma ao sabor dos sabores.

O rei quedóu satisfeito do que lle dixeron as dúas

pirmeiras fillas, pero parecéulle que a terceira non lle manifestara muto cariño. E cueso mandoulle facer un vestido de cortiza e botóua polo mundo adiante. Pero ela arreglouse pra levar os millores vestidos que tiña.

Marchóu andando hasta que chegóu a casa de outro rei, onde pedíu traballo e dixo que se chamaba Pedro Cortizoilo. Déronlle de traballo ter que guardar pavos.

Cuando iba cos pavos puña os millores vestidos que levara, e decía falando cos pavos:

—Pavín, pavín; se me vise o fillo do rei, enamoraríase de mín? Sin, Sin.

O fillo do rei víuna cuaqueles vestidos i enamorouse de ela e díxolle ao pai que a quería por muller.

Convidaron a boda ao pai de ela, porque tamén era rei, e cuando soupo que lle iba o pai á boda dixo que tiña que facerlle a comida pra el solo, aparte; fíxolla e non lle botóu sal. De modo que cuando se puxeron a comer, perguntoulle a filla ao pai, que xa non a conecía:

—Como alcontra a comida?

—Non está mal feita, pero fáltalle o sal, i o sal é o sabor dos sabores.

—Ló osté, mi padre, non se acorda que me botóu fora da casa porque lle dixen que lle quería polo sabor dos sabores?

Estonces o pai reconecéu a filla e pedíulle perdón.

(*Cándida Prieto,* de Pentes)

11

CONTO DA CACHAPORRA

A muller de un pastor foi cua facenda pra o monte e veu por alí un oso e tuvo que deixarse render de el porque senon matábaa. E dispoixas tuvo un rapaz que cuando nacéu xa tiña mais forza ca nin-

gún home. Botábano á escola e pegáballe aos outros, e cueso axuntouse o Concello pra botalo do lugar.

El dixo que se marchaba con tal de que lle desen a súa mai un cocho cebado, catorce cuartas de viño e todas as demáis medidas que percisase pra vivir; e pra el que lle ficesen unha cachaporra que pesase dazaséis quintales.

Colléu a cachaporra na mau e marchóu polo mundo adiante i atopóu o Arrasalumbeiros, que era un que se sentaba de forza nun lumbeiro e púñoo chairo.

—Queres vir comigo?—díxolle.

—Cuanto me vas a dar?—respondéu o Arrasalumbeiros.

—Unha peseta e mantido.

Marcharon os dous xuntos i alcontráronse co Arrancapinos, que era un que collía un álbore pola punta, tiraba de el i arricabo. Díxolle o da cachaporra:

—Queres vir comigo?

—Cuanto me vas á dar?

—Unha peseta e mantido.

Despóis, mais adiante, alcontráronse co Solverríos, que solvía un ríu de un trago, e díxolle o da cachaporra:

—Queres vir comigo?

—Cuanto me vas á dar?

—Unha peseta e mantido.

Marcharon os cuatro xuntos i axustaron unha obra. Cada día quedaba un pra facer de comer mentras os outros iban a traballar. Resulta que ao que estaba facendo de comer viña un gigante e dáballe volta aos pucheiros e pelexaba cuel; e como lle daba vergonza decir que era outro home o que facía aquelo, decían que era un cocho que entraba na cuciña no mais pequeno descudio. Pero tocoulle de quedar de cociñeiro ao da cachaporra e cuando veu o gigante pra tirarlle os pucheiros colléu a cachaporra e tiroulle unha orella cuela; e de alí pra diante cuando quería algunha cousa

púñase a roer na orella i ascape se lle presentaba o gigante e decíalle:

—Qué queres? Déixame a orella.

—Quero que me digas onde teis encantada a filla do rei.

Díxolle onde estaba e foi a desencantala, e tuvo que baixar unha barreira mui grande, pero levóu a cachaporra cuel, por si es caso lle facía falta. Sacóu de alí a filla do rei e foilla entregar a seu pai, e no camiño déronse palabra de amor.

Alcontraron un piollo na cabeza do rei e curaron muto de el, de maneira que xa se paseaba pola sala adiante, pois era tan grande com-on carneiro. Despóis matárono e cua pelica de el fixeron un pandeiro, ao que lle botaron os aros de jinojo.

Mentres tanto o da cachaporra fora á servir pra onde un plateiro; e nesto botaron cartas por toda a parte de que o rei iba a ter unha función. O amo díxolle:

—Vamos á función do rei?

—Eu non vou alá que estóu espilfarrado—respondéulle o da cachaporra. Pero dinde que marchóu o seu amo púxose a roer na orella do gigante, que se lle presentóu ascape, decindo:

—Qué me queres? Déixame a orella.

—Quero que me traias un vestido millor ca o podia ter o rei, un gorrión cunhas borlas moradas, mais millor ca o que podia ter o rei, i on cabalo mais millor que os millores que podia ter o rei.

Así que tuvo todas as cousas marchóu a función.

Diante do palacio almóu o rei unhas cerras pra ver que ben saltaban os cabaleiros por encima de elas; e foi el e saltounas millor ca ningún cabaleiro.

Na festa estaban tocando o pandeiro que ficeran cua pelica do piollo e decían que o que acertase de que eran os aros i a pelica que se casaba cua filla do rei. Ela mandoulle razón de que dixese de que os aros eran de

jinojo i o pelexo de piojo, pero el non entedéu ben a razón e non o soupo decir. Ao acabarse a festa marchóu pra casa antes de de que fose o plateiro, que lle contóu todo, porque pensaba que non fora.

Volvéu, de segunda, a haber festa, i o plateiro convidouno a ir pero el díxolle que non podía ir, que estaba mui espilfarrado; agora que en cuanto marchóu o plateiro púxose a roer na orella, e cueso o gigante veu ascape e díxolle:

—Qué me queres? Déixame a orella.

—Quero que me traias un vestido mais millor que o millor que podia ter o rei, un gorrión mais millor que o que podia ter o rei, i on cabalo mais millor ca tódolos millores que podia ter o rei.

Así que tuvo tódalas cousas, vestíuse e marchóu a función do rei. A filla do rei volveulle a mandar recado, i estonces atinóu de que os aros do pandeiro eran de jinojo y o pelexo de piojo.

Como o rei dera palabra de que o que atinase se iba de casar cua súa filla, foi e deulla por muller; pero estonces foi e saltóu a reina:

—Ai! Non se casa cua miña filla menos que traia xente capaz de comer o que se guise nunha somana.

O da cachaporra non se apuróu por eso. Foi e chamóu polos compañeiros, e todos o facían ben, pero ganáballe o Solverríos, que solvía os platos coma se nada; e dinde que acabóu a comida, dixo:

—Veña a vella tamén. (Pola reina).

—A vella non—dixo o rei—. Levái a filla cuando queiráis.

E cueso, casáronse i acabóuse o conto.

(Victoria Rodríguez, de BEMBIBRE)

12

CONTO DE BUSCALO MEDO (A)

ERA UN HOME QUE NON TIÑA MEDO A NADA, XA DISDE rapá. El oía falar do medo e perguntáballe a demáis xente que cousa era, que el non podía comprender que un sentise eso que lle chamaban medo.

Dixéronlle que fose á guerra, que alí íbo de saber; foi á guerra, víu morrer muta xente, pero el non colléu medo; volvéu pra casa decindo que o medo tiño cada un drento do seu corpo. Estonces dixéronlle que fose polo mundo adiante, que tarde ou cedo conecería o medo; e marchóu.

Unha vez chegóu ón lugar e pedíu pousada; dixéronlle que unicamente lla daban nunha casa na que tódalas noites andaba o demo estroupeleando. Foi alá, meteuse na cuciña, acendéu lume e fixo a cea. Cuando estaba cenando oíu mutos ruidos que salían de un caixón; abríuo pra mirar o que había drento e víu un culebrón mui grande; pero el non se arredróu, botóu mau do cutelo e segóulle a cabeza. Así que acabóu de comer deitouse; estonces volvéu a oir mutos ruidos, pero el non lle facía caso: De alí ón pouco caíulle a perna de un home na cama, colleua e botouna pron lado pra que non lle estorbase; despóis caíu un brazo, i así foron caíndo tódalas parte do corpo de un home, que según caían, íbas botando todas pra o mesmo síteo. Aqueles nembros uníronse e formóuse un home ao que lle perguntóu que quería, pero escapóu sin lle contestar.

Disde alí foi a dar ónha casa onde había unhas mozas que lle perguntaron quen era e de onde viña. Díxolle que andaba buscando o medo pero que non o daba alcontrado. Elas respondéronlle que se deitase, que aquela noite iba de conocer o medo.

Deitóuse onde o mandaron; nunha cama que, porri-

ba de ela, as mozas puxeron un barreño con trutas e mui pouca auga. Pola noite adiante as trutas principiaron a batuxar e unha de elas caíu á cama e metéuselle entre o coiro i a camisa; estonces sentíu el así comón fríu polas costas, e conecéu o medo.

(*Recollido en* CALDESIÑOS)

13

CONTO DE BUSCALO MEDO (B)

HABIA UN HOME QUE NON LLE TIÑA MEDO A NADA; cuando oía falar de tal cousa, decía:

—Medo, medo! Que cousa é o medo? Eu quixera saber qui é!

A xente decíalle a súa maneira como era o medo, pero el non a entendía, e cueso detreminóu de se marchar polo mundo adiante a ver se daba cuel.

Unha vez chegóu ón síteo e pedíu pousada, e non lla deron porque dixéronlle que eran tantos que non cabía unha persona mais, pero que a casa de en frente estaba valuta e que podía parar nela; pois morrera toda a xente que vivía alí había mutos anos, e naide a arrendaba porque a xente tiña medo de vivir nela, porque de noite andaban berrando e trastaleando drento, sin parar.

El foi alá e rexistrouna toda, de cabo a rabo; víu que había muta carne na touciñeira e mutos chouricicos no lar, e cueso dispúxose a facer unha boa cea. Descolgóu o que lle parecéu, fizo lume, puxo o pote na garamalleira i empezóu a soplar cos foles pra apurar o lume porque tiña muta fame. Nesto oíu decir no canizo:

—Que me caio; que me caio!

El respondéu:

—Se te cais, non te caias no pucheiro, que teño fame e quero comelo.

Caíu de arriba un zanco de unha persona; colléuno e botouno pra detrás do lume e seguíu afufando coma se nada. De alí ón pouco volveron a decir:

—Que me caio; que me caio!

—Caite de unha vez!—respondeulle el.

E pouco a pouco foron caíndo tódolos nembros de unha persona, i el íbos botando todos pra o mesmo síteo. Mentras estaba cenando uníronse todos aqueles nembros e formouse o corpo de un home, que escomenzóu a falar, decindo:

—Todo o que pasóu eiquí era pra meterche medo. Meus abós, meus pais, i eu tamén, estamos no purgatorio. Nós queremos salvar a nosa i-alma, i o demo estorba a toda a xente pra que non fale con nós pra ver se inda arrenegamos de Dios; agora que tu, como fuche valente, pudeche cuel. Ven comigo.

Levouno ón síteo e déulle un cubeto cheio de diñeiro, decíndolle:

—Mira, este cubeto está cheio de diñeiro. Cua mitái honras a meus pais, a meus abós i a min; a outra mitái guárdala pra tí. Leva tamén todo o que hai na touciñeira e no lar.

Anduvo cunha burra apañando todo aquelo e foi dar ónha casa onde dixo que andaba polo mundo buscando o medo e que nunca o hachara. Unhas mozas que había na casa puxéronlle en alto, porriba da cama, unha palangana con trutas; e cueso empricipiaron a batular de noite e caíronlle unhas pingadas na cara; estonces espavoríuse e conecéu o medo.

(*Victoria Rodríguez,* de BEMBIBRE)

14

SANTA DORA

UNHA VEZ IBA UN REI APASEIANDO POR UNHA CALLE do seu reinado e pasóu por diante da casa onde vivía Santa Dora con dúas hirmás mais, que estaban todas tres nun corredor pra velo pasar.

A mais vella díxolle que se a collía por muller íballe facer un vestido sin costura ningunha, a do medio díxolle que se a quería a ela que lle faría unha camisa sin puntada ningunha, pero el seguía sin facerlle amensión; solo lla fixo a Santa Dora cuando lle dixo que se se casaba cuela habíalle de dar dous fillos, cunha estrella de ouro na frente cada un. O rei pensóu que sería mui bonito ter dous fillos cuas estrellas de ouro, e foi e pedíulle palabra de casamento.

Casáronse con muto rumbo e dispoixas levóu pra o seu palacio ás tres hirmás; i o pouco tempo que se casara tuvo que marchar pra mui lonxe, á defensa.

Consante Santa Dora dixera, deu a luz e trouxo un meniño i onha meniña, cada un cunha estrella de ouro na frente, pero como as hirmás lle tiñan muta envidia, colleron as criaturas, atáronlle uis tirelos na frente, pra tapar as estrellas, e botáronas ríu abaixo metidas nun caixón, facéndolle ver ao rei que trouxera dous gatos negros.

O rei, cuando recibíu a carta das cuñadas entráronlle ganas de mandar matar a muller, pero pensóu que a morte era pouco castigo e mandóua emparedar pra que morrese de fame. Pero non morréu, porque a Virxe botáballe pan e i-auga pra que vivise.

O caixón que levaba os meniños marchóu polo ríu abaixo hasta que quedóu atrancado na cal de un muiño, facéndoo parar. O muiñeiro salíu afora a ver o que pasaba, i o ver aquel caixón pensóu que iría cheio de diñeiro e sacouno correndo; chamóu pola muller pra que lle axudase a abrilo i atopáronse cos dous meniños. Quedaron un pouco mirando un pra o outro sin saber que iban a facer de eles, porque eran probes e xa tiñan un fillo, pero por últimas acordaron quedarse cueles.

O muiñeiro non se marróu cuando creéu co caixón iba cheio de diñeiro, pois disde que tuvo os meniños en casa, cada día lle marchaban mais dereitas as cousas i estaba en camiño de se pór rico.

Os meniños espoliñaban muto i eran mui listos. Mandáronos á escola na compaña do fillo, i eles eran tan listos que ao pouco tempo xa o maiestro non tiña que lle insinar, pero o fillo do muiñeiro era tan burro que non adeprendía nada, e por eso tiñalle muta rabia aos outros e sempre lle andaba chamando lomeiadas, entre elas "hachados".

Un día os meniños perguntáronlle ao muiñeiro porque o hirmáu, (eles pensaban que eran hirmáus), lle andaba chamando "hachados" sempre. Estonces o muiñeiro contoulle todo. Eles ao saber que o muiñeiro non era seu pai quixeron marchar polo mundo adiante, i auque o muiñeiro non os quería deixar marchar, eles teimaron tanto que non tuveron mais remédio ca deixalos ir; pero antes déronlle carabela pra o camiño e sete duros, pois eles non quixeron mais cuartos.

Botaron a andar polo mundo adiante hasta que chegaron ón lugar onde atoparon un home morto na calle, e perguntaron porque non o enterraban; respondéronlle que era porque non deixara nada cuando morrera e naide lle quería pagar o enterro. Perguntaron cuanto custaba enterralo e dixéronlle que sete duros, e como os tiñan, pagáronlle o enterro e seguiron o seu camiño.

Chegaron cerca do palacio do rei e fixeron alí unha horta que era un jardín precioso, con tantas flores e tantas plantas, que ademiraba a toda a xente. Todo o mundo se perguntaba de onde virían aqueles rapaces e todos lle iban a ver a horta, polas maravillas que tiña.

E tanto falaron da horta que tamén as tías dos rapaces foron a vela; en cuanto chegaron xa coneceron os sobriños e quedaron coma se viran visióis, pois elas pensaban que se afogaran. Conecéronos porque os tirelos que lle ataran á cabeza inda os traían e naide fora capa de desatarllos.

Volveron pra o palacio i empezaron a pensar no que faría o rei se chegaba a ir a ver a horta dos rapaces i os conecía. E coma os rapaces cada vez tiñan mais fama de sabidos, porcuraban non deixar nunca o rei a solas, pra estorbar que naide llo dixese; e por últimas foron a falar cunha bruxa pra que lle dixese como iban de facer pra empuntalos fora de alí. Respondeulle que se lle pagaban ben xa ela se encargaría de quitarlle o estorbo de diante.

A bruxa empricipióu a ir pola horta tódolos días; alaudoulle as cousas que tiñan nela e díxolle que inda lle faltaba unha cousa.

—E ló, qui é?

—Unha múseca armoniosa.

—Onde a hai?

—No Castillo de Irás e non Volverás.

E cueso estuveron falando os dous hirmáus de ir a buscar a múseca, i acordaron de que marchase el a buscala, deixando de consinia un pan que se iba de volver en sangre se lle pasaba algunha cousa mala.

Marchóu el a buscar o castillo e no camiño salíulle a figura do home que mandaran enterrar, que lle dixo:

—Mira, no castillo ha de haber tres músecas, unha que toca mui ben, outra que toca solo medianamente, i autra de un tocar mui tristeiro, que non ha de gustar oíla. Tu colle a do tocar tristeiro, pois se colles a que toca millor cérranse as portas do castillo e quedas zarrapechado drento.

O rapaz foi ao castillo, víu as tres músecas e fixo caso do que lle dixera o home, conllendo a múseca do

tocar mais tristeiro, que ao chegar á horta toda a xente quedaba ademirada de oíla polo ben que tocaba.

A bruxa quedóu levada do demo cuando víu co rapaz non quedara preso no castillo, pero púxolle mui boa cara e díxolle:

—Tu viche que múseca mais bonita! Pois inda faltan mais cousas neste jardín.

—E ló, que falta?

—Unha fonte preciosa.

—Onde a hai?

—No Castillo de Irás e non Volverás.

—Pois vou a buscala.

No camiño alcontróu o home da outra vez, que lle dixo:

—Alcontrarás tres fontes drento do castillo, unha que bota a i-auga mui clara, outra que a bota algo alodada, i autra que a bota alodada de feito. Tú colle a i-auga da fonte que a bota mais alodada, se non zarrapéchanse as portas do castillo e quedas preso nel.

O rapaz volvéu a facer caso do home e colléu a i-auga da fonte mais alodada; pero cuando a puxo na horta formóuse unha fonte preciosa que era a ademiración de cuantos iban a vela.

Cuando a bruxa volvéu por alí e víu que o rapaz volvera outra vez en salvo, non sabía que pensar. Púxolle mui boa cara, coma sempre, e díxolle:

—Mirái, inda falta outra cousa pra estar o jardín completo.

—Que falta?

—É o páxaro que o fala todo.

—E onde está?

—Está no mesmo Castillo de Irás e non Volverás.

Volvéu o rapaz ao Castillo de Irás e non Volverás, e no camiño salíulle o home das outras veces, que lle dixo:

—No Castillo de Irás e non Volverás haberá tres páxaros, un mui falador, outro que fala algo, i autro

que parece que está malo, co pico metido debaixo de unha ala, mui morriñoso. Tú colle o páxaro morriñoso, pois xa sabes que se colles un dos outros cérranse as portas do castillo i alí te quedas pra sempre.

Pero o rapaz non seguíu o consello do home, porque tuvo medo que o páxaro morriñoso lle morrese no camiño, de tan malo como parecía que estaba; de maneira que colléu o que mais falaba; pero inda non lle tocóu cuando caíu coma morto e zarrapecháronse as portas do castillo.

A hirmá, que non facía mais ca estar mirando sempre pra o pan, oservóu que se volvía en sangre e comprendéu que algunha cousa mala lle estaba pasando ao seu hirmáu, i ascape marchóu alá, a ver se o podía axudar. No camiño presentóuselle o home que lle tiña salido ao hirmáu e díxolle:

—Eu son aquel home que mandastes enterrar, que vos quedéi mui agradecido. A teu hirmáu díxenlle o que tiña que facer pra que non lle pasase nada e como foi mal mandado, por eso quedóu preso no castillo. Tu, non te apures que todo se ha de arreglar, se fas caso de min. Mira, cuando chegues ao castillo has de ver tres páxaros, un mui falador, un que fala algo, i autro que ten o pico metido debaixo de unha ala, coma se estuvera máu; tú colle este último, pero escuta ben como has de facer: Alí haberá tres homes coma mortos, dous a entrada, i autro un pouco mais atrás, ese e teu hirmáu... Colles auga da fonte mais alodada que alí vexas, bótaslle mau ao páxaro, salpícaslle unhas pingadas a teu hirmáu na cara, que ha de volver en sí, i escapáis ascape, porque se han de cerrar as portas do castillo.

Fixo ela todo cuanto aquel home lle mandóu, e inda así, houberon de quedar presos, pois cerráronse as portas cuando iban salindo e inda lle colleron a levita ao hirmáu, pero ela cortóulla cunhas tiseiras que levaba, i escaparon.

O páxaro que levaron era a mór maravilla do mundo, pois non había cousa que el non falase, e tiña resposta pra todo o que se lle perguntase.

Tanto e tanto se falóu da maravilla do dichoso páxaro e das demáis que había na horta que chegóu aos oídos do rei, que tamén a quixo ir a ver. Anduvo mirando todo, e cuando chegóu diante do páxaro, este non quixo falar mais e metéu a cabeza debaixo de unha ala. Estonces perguntóulle o rei porque facía aquelo, e respondéulle:

—É porque tú vives engañado, i estás facendo unha inxusticia cua túa muller...

E foille contando todo o que pasara, e díxolle que pra facer xusticia que tiña que queimar as prendas que mais quería.

Quíxolle desatar as cintas aos fillos pra ver se tiñan as estrellas pero non foi capaz; estonces o páxaro díxolle que fora buscala reina, pois era a única persona que o podía facer.

—Si—respondéu o rei—; a probe estará en cinsas.

—Non—respondéu o páxaro—. A reina é santa i esta viva.

O rei ao oir aquelo púxose louco de contento e mandóu ascape por ela e desatoulle os tirelos aos fillos, que facían dez anos aquel día.

A reina quería que o rei lle perdonase ás hirmás, xa que tanto lle quería; pero el renpondéu que todos os castigos eran pequenos pra o que fixeran, e cueso mandóuas queimar, tal coma lle dixera o páxaro.

(*Cecilia Fernández*, de CARRACEDO)

15

FLORE E FLORA

UNHA VEZ ERAN TRES MOZAS, HIRMAS, QUE VIVIAN EN frente do palacio do rei, e que salían sempre pola mesma hora a regar unha planta de albaca que tiñan nun corredor. A mais pequena das tres, que era a que lle botaba a i-auga á planta, salía no medio das outras dúas. Era a mais guapa de elas.

O fillo do rei estaba enamorado de ela, e pra buscar a maneira de falarlle, díxolle un día:

Moza que regas a albaca;
cuantas follas tén a planta?

I ela que non era zarabeta, respondéulle:

—Cuántas estrellas hai no ceio, e cuántas areias no mar?

E, claro, o fillo do rei non lle soupo responder á pergunta, e como non quería quedar por baixo, foi un día e vestiuse de tendeiro e pasóu por onde a casa de elas apregonando, pra que salisen a mirar o que levaba. Entre outras mutas cousas levaba uis dedáis mui guapos, que lle gustaron muto á moza que el pretendía, que lle quería mercar un; pero el díxolle que non o vendía por cuartos, que lle tiña que dar un biquiño por el. Ela non quería, pero as hirmás tanto e quiño por el. Ela non quería, pero as hirmás tanto lle dixeron que llo dése, que naíde llo sabería, que ao fin deullo.

De alí óis día volveron a regar as plantas e tuveron esta conversa:

Moza que règas a albaca;
cuantas follas tén a planta?

Respondeulle ela:

—Cuántas estrellas hai no ceio, e cuántas areias no mar?

—Cuántos biquiños deu osté por un dedal?

Ela avergonzouse de tal maneira que xa non salíu mais a regala planta, i el cua pena de non vela atopouse máu. Foron mutos médicos a velo e ningún lle acertaba. Soupoo ela e vistíuse de médico e pedíu permiso pra que llo deixasen visitar. Entróu, rexistrouo e dixo que tiña muta calentura; dispoixas mandóu traer un nabo afidargouno e meteullo no cú, e díxolle que o tiña que ter drento mutas horas pra que lle pasase a calentura.

Disde que sanóu volveron a verse ao regar elas as plantas; e cueso díxolle el:

Moza que regas a albaca;
cuantas follas tén a planta?

Respondeulle ela:

—Cuántas estrellas hai no ceio, e cuántas areias no mar?

Dixo el:

—Cuántos biquiños deu osté por un dedal?

Respondeulle ela:

Cuántas horas tuveche tú
o nabo no cú.

Tan enamorado estaba o fillo do rei que detreminóu de ter unha corrida de toros diante da casa de ela pra poderlle falar e pedirlle palabra de casamento. Dixo ela que sí e cueso casáronse e levoua pra o palacio, i as hirmás tamén.

Cuando estaba en cinta díxolle ao home que lle iba traguer un meniño co sol pintado na frente i onha meniña cua lúa no mesmo sitio.

El tuvo que marchar á defensa e tardóu mutos anos en vir e no entretanto deu ela a luz e trougo os meniños tal como dixera, pero as súas hirmás, que lle tiñan muta envidia porque o fillo do rei se casara cuela, escribíronlle unha carta decíndolle que morrera ao dar a luz e que trouxera dous cadeliños.

Botaron os meniños polo ríu abaixo metidos nun caixón i ela emparedárona.

O caixón que levaba os meniños foi collido por un pescantín que lle puxo aos meniños Flore e Flora, i a Virge e San-Antoño fóronlle padriños, que lle daban comida pra que lle levasen á mai pra que non morrese de fame; i eles formáronlle un palacio tan bon coma o do rei.

Tanto se falóu do palacio dos meniños, e de eles tamén, que as tías foron a velo e conecéronos. Ao velos anduveron discurrindo coma iban de facer pra matalos e dixéronlle que tiñan un palacio mui bonito pero que inda lle faltaba unha cousa.

—Qui é?—perguntaron eles.

—Unhas plantas pra flores.

—E onde as hai?

—No Castillo de Irás e non Volverás.

Foron mutas veces a buscar plantas porque auque o tal castillo era un sitio do que naide salía se entraba: os padriños decíanlle o que iban de facer e nunca lle pasaba nada, e cueso as tías cada vez que viñan cunha planta decíanlle que volvesen por outra. O caso é que sempre lle saliron ben os viaxes e no entretanto volvéu o rei da defensa e foi ver o palacio dos meniños, porque non había outro cousa que falar. Alí conecéu os fillos polas señas que lle dera a muller, i entón declarouos, madóu sacar a reina do síteo onde a tiñan emparedada as hirmás; i elas madóuas matar.

(*Victoria Rodríguez,* de Bembibre)

16

CONTO DO LAGARTO

Iba un cazador por un monte e viu un lagarto mui grande no alto de unha fraga. Botóu a escopeta á cara cua intención de lle zorregar un tiro, e xa

lle iba a despechar un tiro, cuando o lagarto se puxo a falar, decindo:

—Non me mates, cazador!

O cazador quedóu espantado de oir falar o lagarto, pero tendo confianza no ollo e na escopeta, quedouse parado. Estonces díxolle o lagarto:

—Ven acá que temos que falar.

Chegóuse o cazador ao sitio en que se alçontraba o lagarto, que segíu decindo:

—Se tú fas todo o que eu che diga heite de pór rico pra sempre. Entra nesta fraga e colle os cuartos que queiras, e mañá has de volver eiquí cunha das túas fillas que eu lle hei de decir como ha de ganar os cuartos que tu leves. I ahora vaite polo monte adiante que has de matar a caza que che día a gana.

O cazador matóu as perdices, cuellos e lebres que lle deu a gana e marchó pra a súa casa, onde chegóu mui triste. Púxose a comer sin levantar os ollos do chau, conecéndoselle ben que estaba pensando nalgunha cousa. A muller perguntóulle, ao velo así:

—Qué che pasa? Outras veces non tras nada e veis todo contento, e hoxe que cuasique non podías cua caza, teis unha cara que mesmamente parece que che pegaron.

El respondéu:

—Nada, non teño nada.

Dinde que acabóu de comer chamóu a filla mais vella e contoulle o que lle pasara. Ela dixo que non iba onde o lagarto; que quería millor que lle devolvese os cuartos ca ter que verse cuel.

Chamóu por a outra filla, a do medio, pois tiña tres, e tamén lle respondéu que ela non iba pra onde o lagarto, inda que a matara.

Despóis chamóu pola mais pequena. Esta quedóu pensando o que seu pai lle dixo e por fin romatóu decindo:

—Boeno, mi pá, eu non sei que me acurrirá co lagarto ese que osté dice; pero seia o que Dios queira.

A min sempre me queda o consolo de que os meus quedan ricos pra sempre.

Estonces o cazador chamóu pola muller e contóulle todo o que pasaba. A muller pirmeiro dixo que non deixaba ir a filla pra onde o lagarto porque non sabía o que lle podía pasar cuel; pero a moza enteimóu en que quería ir e quedaron en que a levaría seu pai o outro día.

Pra o outro día pola mañá, o cazador marchóu cua filla cara a fraga do lagarto, que emprecipóu a dar saltos de alegría ao vela ir. Chegaron pai e filla ao seu destino i estonces díxolle o lagarto:

—Tu—díxolle ao cazador—váite pra a túa casa e non volvas eiquí hasta ón ano xusto. E tu—díxolle a moza—, has de facer o que eu che diga sin marrarlle un punto. Colle esta papela e pergunta á xente que alcontres polo camiño pola casa que ahí dice; e cuando te atopes alí dílle que vas a buscar amo pra servir. Hanche de dar traballo e tu has de quedar alí servindo hasta que che quede tempo de chegar eiquí ao ano xusto; tamén che han de querer pagar, pero tu non lle queiras soldada. Toma esta concha que che a de facer todo o que tu lle pidas.

A moza botóu a andar e no camiño víu cuatro cazadores que viñan cara onde ela, tuvo medo de que se meteran cuela, e dixo:

—Concha, pídoche que eses homes collan por outro camiño.

Inda non acabara de decilo xa os cazadores colleran por outro camiño.

Foi andando, andando, hasta chegar ónha casa na que pedíu pousada pra pasar a noite, pois xa era ruscofusco e quería pasar a noite ao cuberto.

A i-ama de aquela casa tiña unha meniña que non paraba de chorar; estonces a moza díxolle á mai que lla dese, que ela a faría calar. O pai da meniña díxolle:

—Aguallá fose así, pero esta meniña non sei que

diaños ten que non para de chorar; unicamente está algunha vez calada no colo da mai.

—Ostedes díanma pra acá que eu a faréi calar.

Colléu a meniña e dixo:

—Concha, quero que esta meniña non día un chío mentras eu estía nesta casa.

A meniña surríuse cara a moza e quedóu durmida com-ónha santiña. Aquel matrimoño, ao ver aquelo, dixóronlle que se quería quedar onda eles pra cudiar da meniña, que non lle iban de mandar outra cousa e que lle iban de pagar mui boa soldada; pero a moza dixéronlle que se quería quedar onda eles pra cudiar adiante e que non se podía parar.

Pra o outro día levantouse mui cediño e seguíu o seu camiño, perguntando sempre pola direción que levaba na papela que lle dera o lagarto, hasta atopar cunha muller que resultóu a ser criada da casa que ela iba buscando. O amo da casa respondeulle que solo a quería se entendía de panadeira.

—Eu creio que han de estar contentos de min—respondéu ela.

Foi pra o forno e nunca estaba sola porque había tres estudiantes no lugar que acordaron facerlle o amor, e cueso cada noite iba un pra onde ela. A pirmeira noite foi un deles e díxolle a moza á concha, en cuanto entróu:

—Quero que este mozo me faga a masa e me coza o pan.

Así foi: O estudante amasóu, roxóu o forno, larexóuo, enfornóu e sacóu o pan. I o mozo pasóu a noite enteira facendo de panadeiro; ahora que cando víu aos outros díxolle:

—Dá gusto falar cuela; paséi unha noite mui boa falándolle de amores.

Pra o outro día á noite foi o outro estudiante pra onde ela, pensando que o iba a pasar mui ben, polo que lle contara o outro; pero en canto entróu no forno, díxolle a moza á concha:

—Quero que este mozo pase toda a noite facendo o traballo que teño que facer eu.

I así foi. Ela estuvo levando mui boa vida, i el suaba a mais non poder, facendo unha fornada detrás de outra. Auque salíu rabiando, cuando víu aos outros díxolle que o pasara mui ben, que era unha moza que parrafeiaba mui ben e que se adevertira un muto cuela.

De maneira que pra a outra noite foi o estudiante que faltaba; á quen tamén lle pasóu o mesmo que aos outros.

A moza iba a vender o pan ón mercado que alí había e como llo pedía á concha, naide lle mercaba ás outras panadeiras mentres ela tuvese que vender. As panadeiras axuntáronse todas i acusárona de bruxa, e que por eso era que vendía todo o pan que facía, auque fixera ela sola tanto coma as outras todas.

O Xurgado citouna pra un xuicio que lle iban ter por bruxa, i ela foi e falóu cua concha i aparecéu alí de esta maneira: Iba acabalo de un macho do que iba tirando un dos estudiantes, outro estudiante iba ao lado de ela tendo conta de que non caíse, i o outro iba detrás pegándolle do rabo ao macho e dándolle bicos no cú.

Ao chegar ao Xurgado díxolle á concha:

—Que todos se poñan a pelexar.

E cueso, o Xuez, o Escribano, o Aguacil, i a demáis xente da Xusticia póxose a pelexar unha cua outra; romperon as camisas i as chaquetas, tiraron cua mesa e cuas sillas..., fixeron o demo!

Cuando a ela lle parecéu, dixo:

—Que fagan as paces.

No mesmo intre, os que antes estaban pelexando, empezaron a bicarse i a darse abrazos.

De alí ón pouco dixo a moza:

—Concha, que se apacigüen todos.

Entonces os outros gobernaron ás roupas o millor que puderon e sentáronse en santa paz. E como viron o que aquela moza era capaz de facer, deixárona en

libertaz e que se marchase. Ela volveuse pra casa dos seus amos i estuvo alí hasta que lle faltaron uis días pra cumplir o ano; entonces marchóu pra chegar onde o lagarto ao facer o ano.

No camiño volvéuse a hespedar na mesma casa que parara da outra vez. Cuando a viron, desfacíanse de alegría e non a querían deixar marchar pra que lles cudiase da meniña; pero ela díxolle que levaba muta presa en que non se podía parar.

Chegóu onde a fraga do lagarto ao facer o ano xusto que marchara, e xa estaba alí seu pai aguardándoa.

O lagarto, en cuanto a víu ir embuligouse na fraga e volveuse u bon mozo e díxolle ao cazador:

—Boeno, eu estaba encantado, i ahora quedéi desencantado e quérome casar cua túa filla, qui é a quen lle debo o volver a ser home. De modo que hai que arreglar as cousas pra a boda o mais pronto que se podia.

Marcharon todos a casa do cazador i acordaron facer a boda alí. A filla mais vella do cazador foi a cociñeira, e deulle tanta rabia que súa hirmá se casara cun home tan rico e tan bon mozo, que envenenóu a comida que iba no plato da hirmá, pero el deuse conta e fixo de maneira que se cambeasen os platos de maneira que a comida envenenada foi a dar á mesma cociñeira, e de ese xeito morréu, i eles quedaron en paz.

(*Recollido en* Pentes)

CONTOS EXEMPRARES E RELIXIOSOS

17

O MORTO QUE FOI A CEAR COS AMIGOS

ERAN TRES AMIGOS, MUI AMIGOS, I ON DE ELES ERA mui gromista; sempre estaba de bon himor, disposto a facer rir a toda a xente cúas súas acurrencias e boas saídas. O tal morréu, i os outros dous amigos sentírono muto porque sempre andaban xuntos nas comilainas que facían, e que el lle alegraba co seu bon himor.

De alí ónha temporada que morrera, os dous amigos vivos fixeron unha merenda, millor dito unha cea, e cueso, cuando iban a empricipiar a comer, dixo un de eles:

—Que lástima que non estea cõn nós o noso amigo; nunca me podio esquecer de el.

O outro que se quería facer de chistoso e persumía de valente, díxolle:

—Se queres vou chamar por el, que nos veña acompañar.

—Pois vai—respondéu o outro, de groma.

De modo e de maneira, que por non quedar de cobarde foi o outro e marchóu ao Camposanto, que era cerquiña, i entróu e chamóu:

—Fulano; eu i o teu amigo Menguano imos cear xuntos e quixéramos que nos acompañases.

Nesto oíuse a voz do amigo morto que lle respondéu:

—Vai indo que xa vou eu.

O vivo foi marchando, xa así con certa tristura, por drento, i-e inda non se acabara de sentar e de contarlle ao amigo o que pasara, cuando chegóu o amigo morto, decindo:

—Buenas noches. Aiquí estóu eu, i agradézovos que vos acordárais de min.

Sentáronse e puxéronse a cear, os vivos xa sin ganas, e cuando acabaron, díxolle o morto:

—Bueno, mutas gracias; e mañá convídovos eu a cear.

Os dous amigos foron onde o cura e contáronlle o que lle pasara. O cura repredéunos muto, e dispoixas díxolle:

—Mañá indes alá, pero antes pondes estes escapularios i estes rescritos no peito.

Foron. Chamaron polo morto, que lles respondéu:

—O que vos salva a vós é o que traeis encima, que semón íbais vir comigo pra o outro mundo.

(*Recollido na* Gudiña)

18

OS TRES HERDEIROS

Un pai que tiña tres fillos, chamounos a hora da morte, e díxolle:

—O capital que vos deixo e ben pequeno, pero se o sabéis esplotar podéisvos pór ricos os tres.

E deixóulle, empricipiando polo mais vello, un galo, unha fouce i onha gadaña; unha cousa a cada un.

O dono do galo marchóuse polo mundo adiante buscando unha terra en que non houbera galos. Anduvo, anduvo, i en toda parte había galos, pero el non se

desanimóu e por fin chegóu ón país onde non había galos nin nadie oíra falar de eles. Ao ver aquela caste de bicho, a xente perguntáballe pra que servía.

—Pois sirve—respondéu el—pra saber que hora é. Este bicho chámase un galo e canta á media noite i on pouco antes de vir o día.

Coma naquel lugar non había relós xuntóuse o Concello e tomóuse o acordo de mercalo, se era certo o que aquel home decía. Espermentárono, e como viran que era verdái, perguntáronlle canto quería por el.

Déronllo e marchóu rico pra a súa terra.

Estonces dixo o outro hirmáu, o da fouce, que iba a sair polo mundo adiante pra vender a súa ferramenta. Anduvo mutas terras, e por fin chegóu a unha onde arripazaban o pan cúas maus. Axustóu a sega de unha leira, e claro, en comparanza dos outros segaba así coma trinta ou cuarenta veces mais; e cueso perguntáronlle como se chamaba aquela ferramenta e se a quería vender.

—Chámase unha fouce, e hai que me dar dous sacos de diñeiro por ela.

Déronllos. Mercóu un burro, cargóu os sacos de diñeiro nel e marchóu pra o seu pueblo, inda mais rico ca o hirmáu.

Dispoixas salíu polo mundo adiante o outro hirmáu pra ver se tamén vendía a gadaña; e foi andando, andando, hasta que chegóu ónha terra que arrincaban a herba cúas maus. Axustóu a sega de un prado, segóuno ascape e vendéu a gadaña por tres sacos de diñeiro.

De este xeito puxéronse ricos os tres hirmáus, vendendo cousas que parecía que non valían nada na súa terra. É que tódalas cousas valen mais cuartos onde escasean.

(*Francisco García*, de Pentes-A Gudiña)

19

MARTUXIÑA

DENANTES, CADA MATRIMOÑO TIÑA QUE BOTAR UN fillo a servilo rei, e se non os tiña iba o home. E cueso, houbo un matrimoño que tuvo sete fillas e coma todas eran femias tiña que marchar o home a servir; pero era cousa que o disgustaba tanto, que lle dixo á muller:

> Reventes Catalina,
> revente *tu corazón;*
> de sete veces *que has parido*
> *ninguno ha sido varón.*

A filla mais vella, que estaba presente, respondéulle:

> Cale, mi padre cale;
> non bote tal maldición;
> teño *de ir servir al rey*
> entre Francia i Aragón.

—E coma te gobernarás pra verter auga?—preguntóulle a mai.

—Poño un caniño de plata.

—E, coma farás cos peitos?

—Héinos apertar hasta metelos ao corazón.

Trocóu o nome en Martuxón e marchóu ao servicio; i alí non quería compañeiro pra dormir xuntos, pero tuvo que collelo a forza; i o que lle tocóu tiña a mai cerca e cuando iba a vela faláballe do tal Martuxón, decindo:

> *Los ojos de Martuxón*
> *de hembra son,*
> *que de varón* non.

Estonces decíalle a mai:

—Se queres sabelo levo á horta a collelas berzas; se é muller haias de coller ben, pero se é home colleraias de afeito.

Foron i a Martuxiña colléunas todas de afeito, coma se fora home e non soupera.

Volvéu o outro onde a mai, falóulle do que pasara e volveulle a decir:

> *Los ojos de Martuxón*
> *de hembra son,*
> *que de varón* non.

—Pois mira—respondéulle a mai—, levo ao comercio, decindo que ides a mercar cousas pra levar pra casa cando vos dían licencia; se é muller mercará cousas de muller, se é home mercará cousas de home.

Foron pero a Martuxiña decía que solo lle gustaban cousas de home, navallas, chisqueiros, petacas...

O compañeiro non se daba por convencido de que o Martuxón era home, e cueso volvéu onde a mai a contarlle o que pasara, decindo coma sempre:

> *Los ojos de Martuxón*
> *de hembra son,*
> *que de varón* non.

E decía mais:

—Logo nos van a licenciar e non sei coma vou facer pra saber se é home ou muller; pois eu, se fora muller casábame cuela.

—Pois mira—díxolle a mai—, leva a danar contigo i así xa o sabes.

O mesmo día que os licenciaron foi cuando o soldado convidóu ao Martuxón a danar. Ao chegar ao ríu díxolle que se espira, pero fixo ver que iba a facer unha volta e colléu o pendín cara casa; pero o soldado ao ver que non volvía foi e vestíuse ascape e foina seguindo polas pisadas hasta a casa. Cuando chegóu xa ela estaba cosendo entre as hirmás, vestida de

muller e coma se non fora nada; pero el coneceuna porque tiña os dentes negros de fumar, e tamén polos callos que tiña nas maus de levalo fusil. Estuveron muto tempo rindo das cousas do cuartel e contándolle ás hirmás de ela todo o que pasara, e despóis declaráronse, falaron cos pais de un e de outro e casáronse.

(*Manuel Fernández*, 62 anos, FORNELOS DE FILLOÁS)

20

OS SETE LADROIS

UNHA VEZ HOUBO UN MATRIMOÑO QUE TIÑA UN FILLO solo e crióuno con toda a mimarrachada e cumpríndolle tódolos gustos. Fíxose home e adicouse a xogar i as baduladas, hasta chegar a meterse de ladrón i acabar de capitán de unha gavilla de eles.

Nunha ocasión pasóu o pai por cerca da *cueva* onde se escondía e díxolle aos outros que era seu pai e que o iba a roubar. Os compañeiros dixéronlle que se era seu pai que non iban, i estonces dixo que iba el solo porque tiña unha conta que gobernar cuel.

Foi e salíulle ao camiño e pedíulle os cuartos. O pai respondeulle que non os tiña, que llos gastara un fillo que tuvera, i os poucos que lle quedaran que os tiña empleados.

—Boeno—díxolle o fillo—; pois estonces colla ese rebolo novo que hai ahí e vólvalle o pico hasta o chau.

O pai fíxoo sin traballo ningún; pero entonces o fillo díxolle:

—Agora a ver se é capaz de facelo mesmo cuaquel outro mais groso.

Por muto que o pai tiróu cuasi que non o fixo abaneiar; estonces díxolle o fillo:

—Non me conece, verdái? Non é estrano cuas barbas que traio. Pois eu sónlle o seu fillo, que cheguéi a este camiño pola súa culpa. Se cuando era rapaz me

arrecadara en lugar de deixarme á renda solta, tamén me houbera domado coma ese rebolo novo, pero deixoume ir por malos camiños, i agora xa non podio, por muto que faga, volver á vida de home honrado.

O pai volvéu pra a casa e ao outro día morréu de pena, reconecendo que a culpa de que seu fillo salise un ladrón era de el por non sabelo arrecadar a tempo.

Cecilia Fernández, 90 anos, CARRACEDO-A GUDIÑA)

21

A CAPIÑA ROTA

UN GALLEGO QUE ANDUVERA MUTOS ANOS POLO mundo adiante acordóu vir pra a súa terra. E pra que non lle roubasen os cartos acordóu mercar unha capa vella, remendala con mutos remendos e meter unha moneda debaixo de cada remendo; i os que non lle couperon na capa meteunos nun bastón de cana.

Veu sin novedá hasta Sanabria, mais alí oíu decir que nas Portillas había un ladrón que se chamaba Domingo del Prado, que roubaba a toda a xente que pasaba por aquel síteo. O noso home, pouquirrichiño a pouco foi andando, andando, coma se non pudera de velliño, e facendo o coxo; pero cuando acabóu de pasar as Portillas, pensando que xa pasara do peligro botóu un arrulo, empricipióu a andar de presa, i a cantar así:

Capiña rota,
remendo diorado;
xa me libréi
de Domingo del Prado.

Pero o Domingo del Prado andaba por alí cerca i escoutoulle o cantar, dándose conta de que o galleguiño lle pasara cos cuartos por diante dos fociños sin darse conta; e cueso salíulle ao camiño e pedíullos.

O gallego xuróu e perxuróu que non tiña cadela, que era un probete que andaba á esmola; mais non lle valéu; quitoulle a capa, descoséu os remendos e sacóu tódolos cuartiños. Ao verse roubado de ese xeito empricipóu a queixarse i a pedirlle a Domingo del Prado que lle deixase auque solo fora unha moneda pra lle comprar algo á muller i os fillos; pero Domingo del Prado que estaba enrabuchado polo traballo que levara pra descoser os remendos díxolle que se calase; pero el non facía outra cousa ca decirlle que lle deixase algo. Estonces enfadóuse Domingo del Prado, arripazóulle o bastón das maus e deulle un pau cuel nas costas rompéndose o bastón e cueso saliron as monedas roullando por alí adiante.

De este xeito o probe do home quedóuse sin unha cadela, por antexo.

(*Manuel Fernández*, 62 anos, FORNELOS DE FILLOÁS)

22

O CONSELLO DO ABOGADO

UN MOZO ESTABA ENEMORADO DE UNHA RAPAZA MUI guapa e mui aquelada, que o mesmo daba un carro de estrume ca facía unha camisa ou bordaba un pano do bulso, pero resulta que era filla de unha muller á que lle gustaban muito os homes, e que tuvera tres ou cuatro fillos cada un de seu pai, ou quizáis, quizáis, nin ela mesma soüpese de quen eran, e tiña medo de que a filla resultase cua mesma querencia, e cueso foise onde un abogado e díxolle:

—Eu teño unha cadela mui boa, tén boa nariz e portando non hai outra, agora que xa me vai mui vella e teño que matala; e coma me fai falta outra, non sei se me quede cunha filla dela que xa tén un ano e non fai cousa ao dereito, ou merque outra; vostede que me aconsella?

—Pois o meu consello e que te quedes cua filla, pois se a mai é tan boa coma tu dices, tarde ou cedo, a filla hase de sair a ela. Tu ten en conta estes refiáis: *O que se herda ,non se merca, De tal mai, tal filla. Na cabeza ou nos pés, haste saír a quen és.*

O mozo botóu contas de que o abogado decía pola cadela tamén o podía decir pola novia, e cueso nunca mais lle volvéu a mirar á cara.

(*Francisco Penín*, 62 anos, VIANA)

23

DIÑEIRO CHAMA DIÑEIRO

ERA UNHA VEZ UN MOZO QUE VIA QUE TODA A xente que iba a Madriz viña mui lucida a cu algúis cuartos na faldriqueira, e tamén se lle antoxóu marchar alá, pensando que en Madriz ataban os cais con lengüizas. E cuiso pedíulle ón veciño cinco pesos prestados e marchóuse sin despedirse de naide coma acostuman a facer todos. Foi pedindo polos pueblos, de maneira que cuando chegóu alá, despóis de manterse, levaba sete pesos no bulso. Pero, salíulle a Pascua a viernes, pois gastóu cuasi tódolos cuartiños e non atopaba traballo. Un día, cuando solo lle quedaba un peso, i andaba o home levado do diaño, acertóu a pasar por didiante de unha casa de esas que téin montóis de diñeiro nunhas alacenas que dan pra a calle, cuis reixóns de ferro por diante pra que naide podia coller os cuartos. Quedóu parmado ao ver tantos cuartos xuntos; arrimóuse alí un pouco i estuvo cavilando as leiras i os prados que podería mercar se todo fora de el. Nesto acordouse de que a xente decía: *Diñeiro chama diñeiro.* Entón sacóu o peso que lle quedaba, metéu a mau por entre os barrotes dándolle á mau pra diante e pra tras ao mesmo tempo que decía:

—Diñeiro, chama diñeiro..., diñeiro, chama diñeiro...

Nunha destas voltas tropezoulle o peso nunha reixa e marchóu roullando hasta o montón mais grande de monedas que alí había; quedando o probe coma se lle deran unhas labazadas e pensando:

—É certo que diñeiro chama diñeiro, pero... e o muto ao pouco.

(*Francisco Penín,* 62 anos, VIANA)

24

O ENGAZO

UN MOZO TIÑA NOVIA NOUTRO LUGAR, ESTABA TAN enemorado de ela que se quixo casar e cueso foi onde os pais de ela e pedíulla en matrimoño.

—Boeno—díxolle o pai de rapaza—; coma tu eres labrador i eu tamén o son e de supor que queiráis seguir cua labranza; non é así?

—Si, señor. Eu, se osté non pensa outra cousa, coma na súa casa fan falta brazos pra o traballo, i este na súa casa non falta, ao casarme viréi pra onde osté.

—Non me parece mal a ideia; pois eu xa vou vello e non solamentes perciso quen traballe, senón quen se encargue de levala casa, cousa que xa se fai mui pesada pra os meus anos. De maneira que tendo unha sola filla e casándote tu cuela o natural é que te encargues de todo en cuanto vos caséis; pero escuta unha cousa; cuando se fan os engazos?

—Os engazos—respondéulle o mozo—fanse cuando haxa que engazar a herba.

—Non, home, non. Non me sirves pra xenro. E se te queres casar cua miña filla, pirmeiro has de adeprender cuando se han de facer esas ferramentas; de modo que... vaite i en paz.

Tanto o mozo coma a novia levaron un disgusto mui grande, pero o pai díxolle a ela cuando lle foi con lágrimas a queixarse do feito:

—Mira; o teu novio non me disgusta pra xenro, pero non se casará contigo hasta que sepia cuando se fan os engazos; pois é cousa que ten mais importancia da que mutos lle dan.

De alí a algún tempo volvéu o mesmo mozo a pedir a rapaza en matrimoño, decíndolle ao pai de ela:

—Xa sei cuando se fan os engazos, así que xa me pode dar a filla.

—Boeno, home boeno; estonces cuando se fan?

—Pois os engazos, coma as demáis ferramentas que percise o labrador, coma gobernar o arado i o carro, debe ser nos días de inverno, cuando neva ou chove muto e cueso non se pode traballar na terra.

—Mui ben, hó! Pódeste casar cua miña filla cuando queiras; pois xa adeprendiche muto dinde a outra vez. Agora xa eres labrador.

(*Ceferino Cerviño,* de PENTES)

25

OS TRES CONSELLOS

UN HOME CASADO FIXO UNHA MORTE I ESCAPOU PRA Portugal, deixando a muller en cinta. Estuvo alá vintecinco anos i o cabo de eles acordóu volver pra a súa casa e díxolle ao amo, con que estuvera servindo todo aquel tempo, que lle ficese a conta; quen lle respondéu:

—Tu quérela soldada en cuartos ou en consellos?

—Sendo osté da maneira qui é, díama coma millor lle parecia.

Deulle un pan, cua encomenda de que non o comera no camiño, que o comese ao chegar á súa casa na compaña de toda a familia, i estes tres consellos:

—Non deixes rodeio por atallo.

—Non perguntes cousa que non che intrese.

—Non fagas ningunha cousa sin pensala antes tres veces.

Marchóu o home do conto na compaña de muta mais xente hasta chegar ón síteo en que o camiño facía unha revolta mui grande. Todos colleron por un atallo que alí había, pero el, acordándose do consello do amo seguíu polo arrodeio; i así salvouse de ser roubado, pois estaban os ladróis no atallo e roubaron a todos os que foron por el.

Seguíu o seu camiño i a noite pedíu pousada nunha casa que atopóu ao lado do camiño. Entróu e víu que non había mais ca unha persona e mutos osos de mortos. Era a hora de ceiar i o amo puxo na mesa tres tazas de sopas; a el estranóulle aquelo porque solo eran dous, pero non fixo ningunha pergunta. E fixo ben en calar porque o home que alí estaba era un encantado, que lle dixo cuando acabaron de comer:

—Cuesto que tu fixeche, de non perguntar nada, quedéi eu desencantado de un encanto que me botaran, e cueso toma pra alá esos cuartos que ben os ganache. Se houberas perguntado algo houbérate matado coma fixen coutros mutos; mira, ahí están os ósos.

E déulle muto diñeiro.

Pra o outro día seguíu o seu camiño hasta que chegóu á súa casa, i alí púxose de lonxe a mirar pra a xente que había no corredor de ela, e víu que a súa muller andaba brincando cun cura, ao que lle daba bicos de vez en cuando. De pirmeiras déronlle ganas de ir alá e matalos; pero acordouse dos consellos que lle dera o amo, e cueso foi onde unha veciña e perguntóulle quen vivían naquela casa.

—Aqueles dous que están no corredor—respondéulle a veciña— son mai e fillo; el estudióu pra cura e vai cantar mañá a pirmeira misa.

Estonces aquel home estuvo pensando cuanto lle valeran os consellos que lle dera aquela boa perxona a quen estuvera servindo; e despóis foi onde a súa muller, que xa non o conecía, e pedíulle pousada. Deulla e convidouno a ceiar; el acertóu cua condición de que habían de comer do pan que el traía.

Sentáronse á mesa e cuando o home foi a partir o pan, deuse conta de que o cutelo tropezaba nunha cousa dura; miraron e resultóu que o seu amo metéralle drento do pan vintecinco onzas de ouro.

Deuse a conecer á muller i o fillo e díxolle a el que cuando predicara que lle dese mutos consellos aos feligreses, pois era a millor cousa que podía facer. E contoulle todo o que lle pasara.

(*Esperanza Fernández,* 64 anos, de Pentes)

26

O XUICIO DO DEMO

Iban dous mozos andando por un camiño, no que estaban Dios i o Demo pedindo limorna. Un de eles deulle a Dios solo, pero o outro deulle unha peseta a Dios i on can ao Demo, pois acordouse de que tiña oído de que decían: *Dios é bon, pero o Demo non é malo.*

Andando tempos, o mozo que lle dera a limorna ao Demo foi ao servicio, i on día que tiña muta fame e non tiña cuartos, foi ónha taberna e pedíu un par de ovos cocidos, decíndolle ao taberneiro que xa lle os pagaría, pois aquel día non tiña con qué.

O probete do soldado non daba axuntados os cuartos pra lle pagar ao taberneiro, que xa cansado de aguardar deu parte de el. Citaron ao soldado e sinalaron o día do xuicio, decíndolle que buscase defensor. Viña o soldado de mui mal himor, cuando no camiño salíulle un home mui ben vestido de negro, que lle dixo:

—E ló, que che pasa? Mesmamente levas unha cara coma se che fixeran algunha cousa má.

—Pois que me vai a pasar! Pasoume esto, i esto i aquelo—; contóulle todo.

—Por eso non te apures hó! Todo tén goberno neste mundo. Tu non te acordas de unha vez que estaban Dios i o Demo pedindo limorna? O Demo son eu; e non me esquencio de que me deche algo; de modo que eu che seréi o defensor o día do xuicio.

Chegóu o día do xuicio i alá me foi o meu soldado todo cheio de razón, acordándose do ofrecimento que lle fixera o Demo: Estaba sinalado pra as once i estuveron aguardando polo defensor hasta as once e media, pero coma non daba vido, tuvérono. O taberneiro pedíalle ao soldado montóis e moreias decindo que se puxera aqueles dous ovos de choco darían dúas polas, aquelas polas porían mais ovos, de aqueles ovos sairían mais polas...; de modo que no día de autos sería dono de centos e centos de pitas, e cueso estaría rico. O abogado que iba a favor do taberneiro puxo as cousas de tal maneira que condanaron ao probe soldado a pagar mutísimo diñeiro; mais coma non o tiña debía ir a cárcel por mutos anos.

Boeno; deron o xuicio por acabado e cuando xa iban a zarrapechalas portas, apareceú o defensor do soldado. Non querían darlle ouvidas, mais el alegóu que non se podía celebrar o xuicio sin estar o defensor do acusado, e cueso déronlle licencia pra que falase. Falóu así:

—Tardéi muto porque hoxe tiña que botar un fabal, i antes estuven cocendo as fabas que iba a sementar.

—Cocelas!—respondeulle o xuez—.Home na vida se oíu cousa semellante. Que fruto poden dar a fabas cocidas? Osté está tolo!

—Que fruto pode dar! Pois outro tanto coma podían dar os ovos que coméu o meu defendido. Aqueles ovos estaban cocidos e de ese xeito auque se puxeran de choco eu penso que non sairía ningunha pola de eles; polo tanto, o meu defendido non ten que pagar mais que o valor de un par de ovos que coméu, e se himos a levar

as cousas dereitas, os réditos que lle toquen a eses cuartos postos ao tanto por cento que seia de lei.

O Xuez, o Escribano, i os demáis, miraron uis cara os outros, pero non atoparon que responder. Caláronse e deixaron ao soldado cua pena que lle pedira o defensor.

(*Francisco García*, de Pentes)

27

A MIÑA MULLER

Estaba eu unha vez aporbando unha gadaña, nun comercio, cuando apareceú por alí un velliño do meu pueblo, que era un home mui sabido en todas as cousas; e cueso díxenlle que me escollera el a gadaña; pero respondeume:

—*Ás mulleres i as gadañas, non hai que escollelas, hai que acertalas.*

Eu, que andaba por aquel estonces pra me casar, quedéi pensando no dito de aquel home, i así de mamórea, paseille revista ás mozas do lugar; e das que me gustaban, á que lle atopéi menos defeutos foi a unha que, tanto ela coma a mai, tiñan a costume condanada de emprestar tódalas ferramentas que tiñan ao pirmeiro que llas pedise, e de esa maneira naquela casa nunca había a que botar mau, pois naide llas volvía. Pero, vá!; en comparación das outras era a máis xeitosa. E cueso fun onde ela, pedínlle palabra de casamento, deuma, buscamos padriños, e casámonos.

A noite da boda estuven pensando coma lle quitaría o defeuto. De modo que pra o outro día, cuando volvín á noite do traballo, no camiño engarréi unha verdasca ben xeitosa i en cuanto cheguéi á casa collín a muller por un brazo e deille unha tollena de mil demoros, tanto que lle deixéi o corpo como onhas medias a raias. Ela, cuando a soltéi, díxome chorando:

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · FACULTADE DE FILOLOXÍA · BIBLIOTECA

—Por qué me pegache?; qué che fixen?

—Peguéiche porque emprestache o eixadón.

—Pero..., se nós non temos eixadón!

—Chacha, i é verdad! Pois dispenxa, e xa sabes a que te espera coma emprestes unha ferramenta sin meu permiso.

Non hai que decir que a maciña foi de un efeuto mui bon. Sin o meu consentimiento nunca salíu unha ferramenta da casa.

(*Recollido en* PRADOCABALOSJ

28

JUANITOSO

UNHA MULLER VIVIA SOLA NUNHA CASA QUE ESTABA soliña no monte, i on día foi por alí un oso e tuvo que deixarse render de el por medo a que a devorase. E pasado tempo, aquela muller tuvo un fillo que ao nacer xa tiña mais forcia ca ningún home. Puxéronlle Juanitoso porque era fillo de un oso. Iba crecendo, i ós dous anos tiña mais forcia ca cuarenta homes xuntos e podía cos osos en con toda cras de animáis que se lle puxese diante. Un día díxolle á mai:

—Non hai no mundo enteiro quen teña tanta forcia coma min.

—Hai, hai—respondéulle a mai.

—Pois dígame que é que quero pelexar cuel.

—Pois é El Hijo del hombre.

—Agora mismo vou a buscalo para pelexar cuel.

Marchóu polo mundo adiante, anda que te andarás, e con quen deu pirmeiro foi cun rapaz a quen lle perguntóu:

—Eres tú El Hijo del hombre?

—Non—respondéulle o rapaz—, eu heino de ser co tempo, cuando crecia.

Mais adiante alcontróu un velliño, a quen tamén lle perguntóu:

—Eres tú El Hijo del hombre?

—Non—respondéulle o vello—, eu funo. Agora xa son vello e deixéi de ser El Hijo del hombre.

Seguíu andando, i atopóu un mozo que estaba rachando uis cañotos mui grosos, e tamén lle perguntóu:

—Eres tú El Hijo del hombre?

—Sí; que queres?

—Quero pelexar contigo.

—Boeno, mui ben—dixo o mozo, que acababa de meter unha cuña na punta de un cañoto—; mete aquí unha mau que vou a sacar esta cuña e dispoixas pelexamos.

Juanitoso metéu a mau entre os dous rachóis dos cañotos, i o mozo escapóu pra casa, deixándoo preso e vouceando coma un condenado, hasta que a poder de darlle pra eiquí e pra alí pudo soltar a mau. Estonces marchóu onde a mai e díxolle:

—Mir como me deixóu a mau; i eso que solo ma pillóu con dous dedos *El Hijo del hombre,* que se ma chega a coller con toda a mau de el...

(*Victoria Rodríguez,* de BEMBRIBE)

29

A MOZA I OS LADRÓIS

UNHA VEZ PRESENTOUSE UN HOME NUNHA CASA RICA facendo ver que era un probe que andaba á esmola, mais era o capitán de unha gavilla de ladróis que quedaron escondidos na entrada do lugar, esperando que o capitán lle abrise a porta pra entrar a roubar.

Cuando chegóu a hora de deitarse, os demáis fóronse á cama, i o ladrón quedóu deitado no escano; e cuando lle parecéu que xa todos durmían, acendéu un óso o mesmo ca se fora unha vela, e foi por tódolos cuartos

onde estaba a xente durmindo, pingándolle na cara unhas pingadas de aquela vela pra ver se estaban durmidos ou espertos. Nun cuarto durmían tres hirmás na mesma cama e cuando lle pingóu na cara, a mais pequena, auque estaba esperta, fixo a dormida, resistindo o queimor das pingadas.

O ladrón pensóu que toda a xente da casa estaba durmindo e saíu ao alto de un monte onde tocóu unha corna pra axuntar os seus; pero cuando volvéu pra entrar, xa non pudio, porque a filla que estaba desperta, zarrapechóu ben tódalas portas. Anduvo apalpando por onde lle parecéu pra ver se podía entrar; i o ver que non podía, chamóu decindo que tuvera que salir a facer unha volta, que o deixasen volver a entrar. A moza díxolle que de ningunha maneira lle abría a porta e que se non calaba chamaba por toda a demáis xente. Estonces díxolle el:

—Pois xa que non me deixas entrar, dame un cutelo que se me esquecéu encima do escano.

—O coutelo doullo. Meta a mau por debaixo da porta pra collelo.

A moza colléu unha machada, i en cuanto o outro metéu a mau, cortóulle os dedos, cuela.

De alí a tempo, volvéu por alí o capitán dos ladróis mui peripuesto e decindo que era de unha casa mui rica, e foi e pedíu en matrimoño a moza que lle cortara os dedos; que non o conecéu porque sempre usaba guantes e non se lle vían os dedos cortados. O pai da moza ao velo tan fino, deulla por muller, pois pensóu que era mui boa cominencia.

Disde que se casaron marchóu cuela decindo que a iba a levar pra a súa terra, pero levábaa cara a cueva onde se escondía a gavilla que el mandaba. Cuando xa iban cerca de ela díxolle que esperase alí un pouco que iba ao lugar a buscar a toda a súa xente pra que entrase no pueblo con bon acompañamento. Pero o que el iba a facer era outra cousa ben diferente; pois en cuanto

chegón á cueva colléu un caldeiro cheio de aceite e púxoo a richar pra despóis, ao chegar cua moza metela drento, e pra que ela non se aburrise mandoulle unha rapaza pra que lle dese compaña.

Aquela rapaza era mui lariadora i antoxadiza, e cueso en cuanto chegóu onde a moza díxolle:

—Cuántos anillos ten! Se me dera ese mais bonito íballe contar unha cousa.

—Pois cóntama, que cho dou—respondeulle a rapaza.

—Pois verá: Osté casouse co capitán de unha gavilla de ladróis que a estas horas está richando un caldeiro cheio de aceite pra botala a osté dentro.

—A min! Por qué?

—Pois, porque osté lle cortóu os dedos de unha mau.

Estonces a moza deulle á rapaza tódolos anillos que levaba e botóu a escapar cara a casa de seus pais. Indo xa cerca do lugar alcontróu ao seu padriño que estaba cargando un carro de rachóis e contoulle o que lle pasara.

—Non te apures—díxolle o padriño—. Métete no carro que te hei de tapar cos rachóis e mal será que eiquí te atope, auque te veña a buscar.

De alí ón pouco chegóu o capitán dos ladróis perguntándolle se vira pasar unha moza por alí. Negoullo; i estonces o capitán hasta quixo mirar no carro, pero o padriño de ela fixolle ver que naide era capaz de aguantar entre os rachóis sin morrer esmagado polo peso da leña.

Marchóu o home co seu carro, i en lugar de metelo no seu curral, foi e metéuno no do pai da moza; descargaron o carro, desfixeron un cacho de parede i escondérona alí. Cuasi inda non acabaran cuando chegóu o capitán dos ladróis cua gavilla que mandaba, e púxéronse a buscala por tódolos síteos que lle parecía que podía estar escondida; remexeron o esterco e picárono todo cuas baionetas pra matala se por si escaso estaba escondida entre el. Por últemas marcháronse a buscala polos montes.

En cuanto os ladróis se marcharon o pai da moza montóu nun cabalo mui bon que tiña e foi a dar parte á Xusticia. Coma a moza xa sabía pouco mais ou menos onde quedaba a cueva da gavilla dos ladróis, guióu os guardias hasta ela e foron e prendéronos a todos e matáronos. Somente lle perdonaron á rapaza que lle contara á moza o que lle quería facer o capitán dos ladróis. E inda, en vez de castigala, collérona os pais da moza e levárona pra a súa casa. Insináronlle a Doutrina, pois non sabía ningunha; tamén a insinaron a coser i a bordar e dispoixa foi mui boa muller.

Mais tarde tanto a moza coma a rapaza, casáronse mui ben e sempre foron mui boas amigas, hasta que morreron.

(*Pura Fernández,* de CARRACEDO-A GUDIÑA)

30

AS DOCE PALABRAS RETORNEADAS

O DEMO APARECEUSELLE ONHA PASTORA E PERGUNTOIlle se sabía as doce palabras retorneadas, e que se non as sabía que a levaba pra o inferno. A rapaza non as sabía maila Virxe púxose por detrás de ela e iba decíndollas. Son así:

—A pirmeira é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As dúas son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo puxo seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo

puxo seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés onde Jesucristo puxo os seu sagrados pés; a pirmeira é a casa santa de Jerusalén onde Jesucristo morréu por nós.

As seis, son os seis *zurubentos;* as cinco, as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés onde Nuestro Señor Jesucristo puxo os pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As sete, son os sete Sacramentos; as seis, son os seis *zurubentos;* as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés onde Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As oito, son oito coros; as sete, son os sete Sacramentos; as seis son os seis *zurubentos;* as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Nuestro señor Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa, onde Jesucristo morréu por nós.

As nove, son os nove monumentos; as oito, son os oito coros; as sete, son os sete Sacramentos; as seis, son os seis *zurubentos;* as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Nuestro Señor Jesucristo puxo os seus

sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As dez, son os Mandamientos; as nove, son os nove monumentos; as oito, son os oito coros; as sete, son os sete Sacramentos; as seis, son os seis *zurubentos*; as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira, e a casa santa de Jerusalén, onde Cristo morréu por nós.

As once, son as once mil Vírgenes; as dez, son os dez Mandamientos; as nove, son os nove monumentos; as oito, son os oito coros; as sete, son os sete Sacramentos; as seis, son os seis *zurubentos;* as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

As doce, son os doce Apóstoles; as once, son as once mil Vírgenes; as dez, son os dez Mandamientos; as nove, son os nove monumentos; as oito, son os oito coros; as sete, son os sete Sacramentos; as seis, son os seis *zurubentos;* as cinco, son as cinco llagas de Nuestro Señor Jesucristo; as cuatro, son os cuatro Evangelistas; as tres, son as tres personas distintas da Santísima Trinidaz; as dúas, son as dúas táuboas de Moisés, onde Jesucristo puxo os seus sagrados pés; a pirmeira, é a casa santa de Jerusalén, onde Jesucristo morréu por nós.

Trece raios ten o Sol, trece raios ten a Lúa; anda, demonio, al infierno, que esta alma non e túa.

O demo estoupóu e desaparecéu.

(*Nicomedes Ballestero,* de CARRACEDO-GUDIÑA)

CONTOS DE BULRAS

a) CONTOS DE ADIVINANZAS

31

A MAI MATÓU AO PANCHO

Un rei tiña unha filla tan lista coma non había outra en todo o mundo; non había cousa que non soupera i adiviñaba tódalas adiviñanzas que lle dixeran. Coma xa che chegara o tempo de se casar, o rei botóu ediutos por todo o reinado decindo que casaría a filla co home que lle levase unha adiviñanza que ela non a acertase; pero se a acertaba mataban o home que a dixese.

Nun lugar que estaba mui lonxe de onde vivía o rei había unha muller que tiña tres fillos. O mais novo de eles non era ben avisado; pero cuando se enteróu dos ediutos do rei, díxolle á mai i os hirmáus:

—Eu vóulle a decir unha adiviñanza á filla do rei i heime de casar cuela, pois non a de acertar.

Ah, toliño, toliño!—respondéulle a mai—. Tanta xente lista que tén ido alá e toda a mataron...

Os hirmáus decíanlle, facendo a burla:

—Déixeo ir má, déixeo ir, que nos aforra un carro de marcos.

Pero non valéu que os hirmáus fixeran a burla de el e que a mai lle dixese que non; pois díxolle que se non lle daba licencia que se escapaba; e cueso a mai ao ver esas cousas acordóu deixalo ir, pero pensando na vergonza que era que o matasen alá, foi i envenenoulle a caravela.

O toliño colléu un burro que tiñan, que lle chamaban Pancho, metéu a merenda nas alforxas, púxollas encima ao burro e despediuse da súa xente que non facía mais ca chorar.

No camiño tuvo que facer unha volta e deixóu o burro solo no camiño, que, coma facía muta calor, foi i embuligóuse e tiróu cuas alforxas e caíu a merenda ao chau, e claro, comeuna; e coma iba envenenada, morréu.

Cuando volvéu o toliño onde o burro déuse conta do que pasara, e dixo:

—A mai matóu ao Pancho.

Botóu o burro polo ríu abaixo e viñeron tres pegas e puxéronse a comer nel, e tamén morreron, porque o burro estaba envenenado. Estonces dixo o toliño:

—O Pancho matóu a tres.

Seguíu o seu camiño a pé e cuando iba mais adiante víu unha lebre; botóu a carabina á cara e despechóulle un tiro, pero a lebre salíu correndo. Foi alá, por ver o tiro, e víu outra morta,, que estaba escondida detrás da que él lle tirara.

Estonces dixo:

—Tiréi á que vin
e matéi á que non vin.

Tiróu pra diante, i o chegar a Madríz oíu o ruido que facía o aceite ao estar fritindo sardiñas, e dixo:

—I o chegar a Madríz,
chirris-chis-chís.

Na casa onde paróu, ríronse muto de el cuando dixo que iba onde a filla do rei a decirlle unha adivinanza, i emprecipiouse a saber o conto por todo Madríz, de maneira que pra o outro día, cuando iba onde a filla do rei, iba muta xente detrás de el facéndolle a burla; pero non lle daba vergonza. Chegóu ao palacio e dixo ao que iba; pero os soldados que están alí guardando o rei, non o querían deixar entrar. Nesto salíu o rei e dixo, ao sabelo caso:

—Deixaio entrar, que tén tanto dereito comautro cualquera; i ademáis ímonos a rir muto cuel.

E cueso levárono onde a filla do rei, que non aguantaba a risa ao velo; e foi o toliño e díxolle a adivinanza, ca fixera cuas cousas que lle pasaran polo camiño. Díxolle así:

—A mai matóu ao Pancho.
O Pancho matóu a tres.
Tiréi á que vin
e matéi á que non vin.
I o chegar a Madríz
chirris-chis-chís.

—Pois eso é...; pois eso é...; dixo a filla do rei.

E volvía outra vez:

—Pois eso é...; pois eso é que...;—e de ahí non había que a sacase.

Estuvo pensa que te pensa, e por últemas dixo:

—Pois non sei qui é; non acerto.

—Coma non vas acertar—dixo o rei—. E ló vaste casar cun toliño?... Pénsoo ben.

Non lle valéu pensar; pois auque estuvo tempo e tempo pensando, non foi capaz de acertar. Estonces o rei, por ver se libraba a filla de que tuvera que se casar cuel, dixo:

—Boeno; teis dereito a te casar cua miña filla; pero antes quero saber como eres capaz de gobernar. Vouche a dar cen cuellos pra que os guardes no monte, e se

á noite os tras todos é que saber gobernar; pero se falta un solo non te podes casar cuela; pois cuando eu morrese non saberías gobernar tampouco aos homes.

Marchóu o tolo pensando que á noite non iba a traer nada do rabaño, e que o millor que facía era escapar pra súa casa, cuando no camiño alcontróu unha velliña que non era capaz de pór ao lombo un feixe de leña e foi i axudóulle.

Estonces díxolle a vella:

—E ló, pra onde vas?

—Mandoume o rei a guardar este rabaño de cuellos e díxome que á noite que llos tiña que traer outra vez. Eu o que vou a facer é escapar pra casa.

—Non—díxolle a vella—; non escapes. Mira; toma este chiflo e deixa andar os cuellos por onde eles queiran, pois cuando tú os queiras axuntar non teis mais ca tocar o chiflo; xa verás como vein todos.

Cuando á noite volvéu con todos os cuellos, naide llo quería creer hasta que os contaron. O rei levóu mui grande disgusto, e dispoixas foi e falóu con quen lle tén guardados os cuartos, e díxolle:

—Mañá, cómprasIle un cuello ao tolo, custe o que custe.

Despóis foi o rei onde o tolo, e díxolle que tiña que volver a guardar os cuellos, pois de unha vez sola non se sabía inda como era capaz de gobernar, que auque era verdad que os trouxera todos, podía ser de casualidá.

Pra o outro día volvéu o tolo cos cuellos pra o monte, e inda non chegara cuando aparecéu por alí o home que o rei encargara de que comprase un, que lle dixo ao tolo:

—Quéresme vender un cuello de eses?

—Non vendo, non señor, que non son meus.

—Véndemo, que cho hei de pagar ben.

—Non pode ser.

—Tu pídeme por el o que queiras.

—Non, que á noite rífame o rei.

—Véndemo, que che dou vinte mil rales por el.

O tolo, que nunca pensara en que pudera chegar a ter tantos cuartos, i ademáis, tendo o chiflo que tiña, díxolle que sí e vendéulle o cuello.

O home déulle os vinte mil rales e marchóu co seu cuello debaixo do brazo, pero cuando ao tolo lle parecéu foi e tocóu o chiflo, e cueso o cuello escapóu de onde o home e foi pra onde o tolo; de modo que cuando aquel home chegóu sin o cuello á casa, o rei chamoulle burro e non sei cuantas cousas mais, e díxolle:

—Mañá ha de ir Fulano, que sempre foi mais listo ca tí, xa verás como o trai.

Trouxo as ganas... Deu cuarenta mil rales por un cuello, metéuno nun macuto pra que non escapase, pero non lle valéu, porque foi o tolo e tocóu o chiflo i o cuello rompéu o macuto e marchóu pra onde o seu amo.

O caso é que o rei, mandando hoxe un a comprar un cuello e mañá outro, resulta que acabóu todos cuantos cuartos tiña, de maneira que o tolo era rico i el, probe de afeito. E cueso o rei foi onde a filla e díxolle:

—Boeno, teis que te casar co tolo, e namáis.

—Espere, mi pá; eu veréi a maneira de lle quitar un cuello.

De modo que foi a filla do rei a falóu cunha criada mui guapa que tiña e pedíulle por Dios e por tódolos santos que fixese a maneira de quitarlle un cuello ao tolo, pois, se non, non tiña mais remédeo ca casarse cuel.

Pra o outro día foi a criada da filla do rei por onde o tolo, estuvo falando cuel e díxolle que lle vendese un cuello. De pirmeiras díxolle que non; pero tanto e tanto porfióu, que por fin díxolle que se durmía un pouco cuel nunha touza que alí había, que lle daba o cuello. Acertóu a criada da filla do rei e durmiron xuntos; pero cuando marchaba toda contenta co cuello metido nunha cestiña do brazo foi o tolo e tocóu o

chiflo i o cuello escapóu, de modo e de maneira que chegóu sin el a filla do rei, quen se enfadóu muto ao sabela noticia, e dixo:

—Mañá hei de ir eu i heino traer.

Pero en vez de traer, deixóu; pois tamén tuvo que durmir con tolo pra que lle cedese un cuello, e tamén chegóu sin el á casa; pois auque o metéu no seo foi o tolo e tocóu o chiflo i o cuello empezóu a arrabuñar a filla do rei nas tetas, de maneira que ela púxose a berrar e dar pinotes toda trascada, sin ser capaz de asegurar o cuello que escapóu coma todos os outros.

O caso foi que o rei era probiño de afeito, pois quedárase sin cuartos por mercar o cuello, i a filla quedárase sin outra cousa polo mesmo motivo; e como o tolo era rico e lle quitara á filla do rei o que lle faltaba, ela non tuvo mais remédeo ca casarse cuel.

(*Francisco Penín,* Viana do Bolo)

b) CONTOS DE CAZADORES

32

UN CAZADOR DE LEBRES

Habia un home que era louco por andar cua carabina ao lombo persumindo de cazador, pero nunca mataba nada. Dinde que se casóu, a muller díxolle que aquelo tiña que se acabar porque perdía mutas guías e mutas xeiras por causa da caza i o que había que facer era traballar para ter que comer.

El, andaba sempre enraibado, pois pensaba que o tempo chegaba pra traballar e pra adevertirse e pensaba pra sí que se unha vez matase algo, estonces a muller xa o deixaría andar cua carabina. Un día foi a arada,

i o volver nunha borda da leira, as vacas avafaron unha lebre; e cueso foi el e colléua i atóua cunha vencella ónha xesta e marchóu pra casa decíndolle á muller:

—Dame pra acá a carabina que vou a matar unha lebre.

—Non dou, non!

—Dama por quen mais queiras. Vin meter unha lebre entre unhas xestas e non teño mais ca chegar alí e volver cuela ascape.

—Xa che dixen que non!

—Mira; déixama hoxe solo; e se non mato esa lebre rompe a carabina.

—Boeno; pois xa o sabes; coma non mates a lebre xa sabes que che escacho a carabina.

—Sí, muller, sí. Traia pra acá.

E cueso alá marchóu cua carabina; botóu rodilla en terra, estuvo apuntando a lebre un bon pouco e cuando lle parecéu que a tiña ben cuberta foi e pum!, despechóulle, pensando que xa a tiña no pote; pero o que pasóu foi que rompéu a vencella co tiro sin tocarlle á lebre, que salíu fuxindo coma se fora un cento de cais detrás de ela, e vendendo saluz.

(*José Martínez,* Venta da Teresa-A Gudiña)

33

O UNTO DA VELLA

Unha vez foron uis cuantos cazadores a cazar ónha serra e perdéronse e foron a dar ón lugar mui probiño, onde anduveron buscando pousada, sin hachala hasta que deron cunha velliña que vivía sola que se compadecéu de eles e que lle dixo que os deixaba durmir alí; pero que non tiña nada que lle dar de cear.

—Boeno—dixeron os cazadores—; traemos nós caza bastante. Solo nos fai falta unha pouca grasa pra gobernala.

—Si... grasiña! Xa non me acordo a porbala.

—E ló, osté de que vive?

—De que vivo? De miseria. De un caldiño sin grasiña e do leite que me dá unha cabriña que teño, ca vou a muxir agora mesmo pra cear.

E foi a vella e colléu un pucheiro e marchóu ao curral a muxir a cabra; e mentres tanto quedaron os cazadores decindo:

—Pero esta xentiña vivirá como dice esta velliña, sin porbar a grasa?—dixo un.

—Tú créelo?—dixo outro—. Vamos mirar por ahí, xa verás como lle imos de alcontrar grasa guardada.

Anduveron escachouzando por toda a casa hasta que atoparon un cacho de unto nunha arca.

—Non vos decía eu—dixo o que o atopóu—. Eiquí tendes a proba de que nos engañóu a vella.

Colleron o cacho de unto e botáronllo a dúas perdices que tiñan a guisar, i así que estuveron guisadas, cearon e foron á cama. De alí ón pouco oíron fungar a vella i andar escachouzando na artesa, na arca e por toda a casa adiante. De pronto veu cara onde a cama rancheira, na que se deitaran os cazadores, e díxolle, insultándos:

—Desgraciados! Desagradecidos! Facer o que me fixestes despóis de darvos pousada! Se neste mundo non se pode ser boa. Galopíis...

Estonces, díxolle un cazador:

—Pero muller; osté porque berra tanto?

—Porque hei berrar, desagradecidos! Tiña este untiño guardado na arca como onha reliquia e coméstemo.

—Bó, por eso non se apure, que xa lle daremos cuartos pra mercar mais.

—Mui ben! I esta noite como me arreglo? Era o untiño que tiña pra untar as almorranas ao deitarme.

(*Maximino*, Asdexarxe, Viana do Bolo)

c) CONTOS DE CAZURRERIA CAMPESIÑA

34

A GIRALDA

Foron dous galegos a Sevilla; anduveron dando voltas de eiquí pra alí hasta que foron a parar diante da Giralda. Estuvérona ademirando e falando de ela:

—Xa tuveron que apañar carros de pedra pra facela—dixo un.

—Pois mira que pra asubilas arriba inda che deberon levar bon traballo!

Levaban alí un pouco mirando pra ela e falando do alto que tiña, cuando acertaron a pasar por alí dous andaluces, un dos cuais estuvera en Ourense i entendía o gallego, quen lle dixo ao outro:

—*Epérate que no vamo a reí de eto gayego*—E falando cueles díxolle:

—*O guta, eh? Pué la hemo traído de Parí.*

Un dos gallegos que entendera a conversa que tuveran os dous andaluces, e que se dera conta de que o que facía burla de eles entendía o gallego, díxolle ao compañeiro, ben alto pra que o outro oíse:

—Non che decía eu, hó, que ningún lapón de estes era capaz de facer unha cousa coma esta!

(*Ricardo Barja*, 44 anos, Erosa)

35

DE QUÉN BARALLO SERÁ O CAN

CUANDO EMPRECIPIARON A ANDAR OS AUTOMVLES POR estas carreteras aconteceu o que vou a contar.

Iba un home pola carretera chamando un carro de esterco i o lado levaba un can da rés. Nesto empezóuse a oir un ruído coma se tronara, que cada vez se iba acercando mais, e de pronto aparecéu un automovle. O home sóupose arretirar a tempo; pero o can quedóu aturullado i o caso foi que o automovle pasóu por cima de el i esmagoulle a cabeza. Estonces paróu o automovle e baixouse de el unha señorita que lle dixo ao amo do carro:

—Siento en el alma lo que ha pasado. Yo, que pertenezco a la Sociedad de Animales comprendo el hondo sufrimiento de V. por la pérdida del perro. (O home moneaba cua cabeza e calaba). Tenga V. estas cien pesetas. Ya sé que el cariño que ha perdido no se paga con dinero; pero podrá V. comprar otro perro, y mi conciencia quedará tranquila. Y perdone. (O home seguíu moneando cua cabeza).

Marchóu a señorita, i estonces o home miróu pra o can, deúlle volta cua vara e dixo:

—De quén barallo será o can, hó!

(Ricardo Barja, de EROSA)

d) CONTOS DE ESTUDIANTES E SOLDADOS

36

OS ESTUDIANTES I OS SOLDADOS

SEMPRE HOUBO A DISCUSION DE QUE SE ERAN MAIS listos os estudiantes ou os soldados; e cueso, unha vez o Rei decía que eran mais listos os soldados, i a Reina que eran mais listos os estudiantes. Fixeron unha aposta, e pirmeiro mandóu a Reina ón estudiante a que lle trouxese un can de *hai* i on can de *non hai*. O estudiante recorréu todos os comercios e non foi capaz de alcontrar ningunha das dúas cousas. Dispoixas, díxolle o Rei que mandase ón soldado polas mesmas cousas.

O soldado colléu os dous cais e metéuse nunha taberna e gastóuos no que lle parecéu, e despois metéu un rato nun bulso e marchóu a onde estaba a Reina, e díxolle:

—Traio os encargos; pero tén que sacalos dos bulsos Vuestra Majestá.

Foi a Reina e metéu unha mau nun bulso do soldado, e coma non atopaba nada, dixo:

—Non hai.

—Boeno—dixo o soldado—; nese bulso *non hai*, que me costóu un can; agora meta Vuestra Majestá a mau neste outro bulso.

A Reina metéu a mau no bulso que o soldado levaba o rato, i o alcontrar aquela cousa tan amorosiña, asustóuse e dixo:

—Ai!

—Pois xa está Vuestra Majestá servida. Ahí tén o outro can de *hai*. De modo que ás súas órdenes.

Dispoixas foron a comer e dixo o Rei que tiña un premio pra os que foran capaces de comer sin doblar os brazos.

Os estudiantes comeron coma os cais, metendo o fuciño na fuente, pero os soldados gobernáronse dándolle cada un ao que tiña enfrente.

O Rei déulle o premio ós soldados porque auque os estudiantes comeron sin doblar os brazos, non usaron tanta fineza.

Nicomedes Ballesteros, de CARRACEDO)

37

AS PAPAS

UNHA VEZ VIÑAN DOUS ESTUDIANTES DE SANTIAGO E tuveron que pasar pola terra do millo e facer noite nun pueblo de alí. Naide lle quería dar pousada porque desconfiaban de eles; pero en fin un matrimoño mui velliño tuvo lástima de eles e dixéronlle que lle darían onde dormir; pero de ceia non tiñan mais ca papas millas. Os estudiantes quedaron alí de pousada, pero cuando lles botaron as papas emprecipiaron a darlle voltas e mais voltas e deixáronas tal coma llas botaran. Deitáronse; o matrimoño nunha cama que había nun cantón da casa, i os estudiantes noutra cama que había noutro cantón. I alá pola media noite, coma quedaran sin cea, déulle fame e díxolle un ao outro:

—Chacho, agora non lle puña peros ás papas.

—Tampouco eu!—repuxo o outro.

—Se soupera que acertaba do pote de elas, iba alá e dábame unha boa fartura de elas.

—Pois anda; vai e traime unhas poucas tamén pra min.

—Eu de boa gana iba, pero cuesta escuridá non vou a dar do pote, nin dispoixas da cama pra me volver a deitar.

—Pois mira; eu traio eiquí un novelo de liñol que me encargóu meu pai, e cueso tú podes ir tirando da punta do fío i eu vóuno desenvolvendo asegún che faga falta pra chegar ao pote; e dispoixas, pra volver á cama, non teis mais ca virte guiando por el outra vez.

— Boa acurrencia, hó! Pois trai, que vou por elas.

E foi indo hasta o pote, i alí, coma non tiña culler, coméu as papas a puñados, i así que se fartóu colléu outro puñado de elas pra o compañeiro e foise guiando polo fío pra volver á cama. Pero no entretanto que el comía as papas, o compañeiro, que era da pelica do demo, foi muy despaciño hasta a cama do matrimoño i atóulle o fío ón pé da vella; de maneira que cuando o outro chegóu a cama dos vellos, na creenza de que era a do compañeiro, díxolle:

—Toma, come esas, e se non che chegan vóuche por máis.

A vella, estaba destapada, co traseiro cara arriba e respiraba por entre as nalgas sin parar, i o estudiante pensaba que era o compañeiro que lle asoplaba as papas i entonces díxolle:

—Non lle asoples que están frías; toma.

A vella seguía cos seus respiros, e coma o estudiante pensaba que era o compañeiro que estaba facendo burla de el, foi e zapateóulle as papas no síteo que el pensaba que era a cara do outro; e dispoixas quíxose meter na cama, pero ao facelo atopóu dous corpos e déuse conta da allada que lle fixera o compañeiro e cueso escapóu e tropezando eiquí e caindo alí, deu da cama e deitouse.

De alí ón pouco espertóu a vella e deuse conta de que tiña unha empanada fora do forno e cueso chamóu polo home, decíndolle:

—Xan! Xan! Acende unha luz, que eu parece que me fun.

O vello riscóu un misto, miroulle o traseiro á vella e dixolle:

—Estás boa, muller! Asegún as comiche así as botache.

(*Demetrio Estévez,* de Carracedo-A Gudiña)

38

O CABO I OS CHOURIZOS

Un mozo que fora cabo no serviceo marchaba licenciado pra a súa casa, e coma se lle fixera de noite, pedíu pousada nun lugar. Deulla un matrimoño que tiña un fillo que iba a entrar en quintas, pensando en que tamén se folgarían muto de que lle a deran ao seu fillo cuando fora a servir.

Coma bon soldado que fora, o pirmeiro que fixo foi mirar ben todo o que había na cuciña pra ver se se podía aporveitar de algo. Víu que había muto mondongo e mentres lle contaba aos amos mais mentiras ca trai a Gaceta, púxose a discurrir coma faría pra fartarse de chourizos.

Chegada a hora de deitarse dixéronlle que fose cueles, que lle iban a insinar a cama onde iba dormir; pero el, auque viña mui cansado e se deitaba de boa gana naquela cama tan ben feita, perdía a ocasión de lanfrar os chourizos, respondeulle:

—Dormir eu nunha cama! Agadézollo muto, pero eu non descansaría i estaría toda a noite dando voltas e mais voltas. Veño acostumado a dormir en duro, e cueso déixeme quedar no escano qui é onde millor podio descansar. E non se asusten se de noite ando estroupeleando pola casa adiante, pois mutas veces soño que lle estóu mandando facer a istrución aos soldados.

Os amos da casa ben porfiaron e porfiaron, pero

non houbo maneira de facelo deitar na cama e cueso quedóu no escano. Alá pola hora que lle pareceu, levantouse e colléu unha latada de chourizos e botouna ón saco que tiña, decindo:

—*Primera fila... Un paso al frente... Em!*

Botoulle a mau autra latada, púxoa onde a outra, decindo:

—*Segunda fila... Unirse a la primera... Em!*

Despóis engarróu o pingoreiro e tamén o metéu ao saco, decindo:

—*Oiga osté, melón; únase al pelotón.*

Os amos da casa que oían aquelas cousas, choraban pensando no fillo, e decían:

—Probiño, probiño. Cuantas pasaría... Ai noso filliño querido!

Agustín Prieto, de Pentes)

39

O XENERAL AGUCES

Un soldado que viña de Cuba pasou por un lugar que lle quedaba no camiño da súa casa e pedíu pousada ón home que xa estuvera alá antes que el.

Nun descudio, o soldado que era un gatuñeiro do diaño, arroubóu un xamón que lle cuadróu ao xeito e meteuno nunhas alforxas que levaba. Dispoixas puxéronse a falar da guerra de Cuba i a contar mentiras das valentías que fixeran por alá, e cueso, o soldado, que era un gromista, dixolle ao amo da casa:

—Ló, osté debe acordarse de cuando o Xeneral Xamóis entróu na ciudá de Alforxas.

—Non me acordo de oir falar de eso. Non estaría eu alí.

—Sí que estaba osté presente; o que pasa é que era osté quinto e non se apercibíu do feito.

De alí a pouco tempo marcharon á cama, i o amo

da casa púxose a cavilar no que lle dixera o soldado e por mais voltas e voltas que lle daba á mamoria non se acordaba de tal xeneral nin de tal ciudá; mais pensa que te pensa déuse conta do que lle fixera aquel galbín. Ergueuse da cama, sacóu o xamón da alforxa e metéu drento a pedra de aguzar.

Pra o outro día á mañá, cuando se levantaron, díxolle o amo da casa ao soldado:

—Ai hom! Xa me acordo de todo o que contabas onte á noite: E verdái que era eu quinto cuando o Xeneral Xamóis entróu en Alforxas; pero cuando xa era veterano salíu o Xeneral Xamóis i entróu o Xeneral Aguces.

O soldado botóu a alforxa ao lombo e iba asubiando de contento porque pesaba muto, e pensaba que era o xamón. Chegóu ónha taberna e díxolle á taberneira:

—Tráiame pan, viño i on cutelo ben grande.

Cuas mesmas partíu un cacho de pan, botóu mau ás alforxas e sacóu a pedra. Estonces díxolle a taberneira:

—E ló, pra qué queres o cutelo?

—Pois... pra aguzalo—, respondéu o soldado todo cheio de razón.

(*Agustín Prieto*, de PENTES)

40

O MOZO QUE MARCHABA AO SERVICEO

CUANDO A MIN ME CHAMARON AO SERVICEO NA MIÑA casa todos eran a chorar: Meu pai choraba, miña mai choraba, miña hirmá choraba, i eu... tan serio. Empricipéi a arreglar o macuto da roupa e cuando estaba cuel a voltas, veu meu pai i abrazóume, chorando e decindo:

—Adios fillo querido! Que perdido me deixas!

Eu... serio.

Veu miña nai e tamén se abrazóu a min, decíndome:

—Adiós fillo querido; adiós espello! Escríbeme muto, meu rolo!

Eu... serio.

Boeno; abrazóume miña hirmá que mesmo me parecía que me quería afogar, decindo:

—Adiós hirmáu querido! Non te esquencias nunca de nós.

Eu... serio.

En resume de contas: Todos eran a chorar, pero a min non me caía unha lágrima: un home é un home! Agora que cuando iba baixando a escaleira foi o becerro da Garbosa e sacóu o fuciño pola ventana do curral e orneóu, decindo:

—Adiós, Farrúuuuco.

Estonces non o puden remediar; botéime a chorar coma un meniño.

(*José Moráis*, MESON DE EROSA)

41

A VOLTA DO SERVICEO

ESTABA NA CARRETERA AGUARDANDO A QUE CHEGARA meu hirmáu do servíceo, pois dixeran que viña aquel día; dixéronnolo, porque el, nos tres anos que alá estuvo solo escribíu unha vez, pedindo cuartos, e como non llos mandamos, non volvéu a escribir máis. Boeno, eu vino vir i entroume unha alegría tan grande polo corpo que entréi nunha taberna que alí había e díxenlle ao taberneiro:

—Bóteme ahí un cuartillo de viño, que me parece que vén por ahí meu hirmáu, complido.

Bebín o cuartillo e volvinme a asomar á porta; miréi pra o camiño, i efeutivamente, parecíame meu hir-

máu; e cueso entroume unha alegría tan grande que volvín a entrar na taberna e díxenlle ao taberneiro:

—Bote ahí dous cuartillos, que cada vez estóu mais contente; agora cuasique estóu certo de que é meu hirmáu o que vén ahí.

Bebín os dous cuartillos, e cuando acabéi volvinme a asomar á porta outra vez, i estonces xa conecín a meu hirmáu; e cueso volvín a entrar á taberna e díxenlle ao taberneiro:

—Bote ahí cuatro cuartillos; É meu hirmáu que vén ahí... Estóu mais contente!

E cueso chegóu meu hirmáu, démonos un abrazo, pedín unha cuartilla de viño e puxémonos a falar da nosa xente:

—E ló, hai novedá na casa—perguntoume.

—Non hai ningunha—respondinlle—. Ben che importa a tí eso... Botache alá tres anos e solo escribiche unha vez.

—E ben arrepeso que estóu. Gastéi un ral na carta porque pensći que me ibais a mandar cuartos; que senón nin esa vez vos houbera escribido... Pero conta, conta; qué novedás hai na casa?

—Xa cho dixen, ningunha!

—Dime estonces que tal están os da casa.

—Todos che están ben. As tres hirmáns, cada unha tuvo un fillo de achego, a mais pequena do cura. Boeno; temos tres sobriños mais listos e mais gordos...

—I a mai?

—Tamén está ben. Xa casi fai un ano que non se levanta da cama porque se derreóu dun golpe que levóu ao caír pola escaleira abaixo; pero cómeche que non se lle dá apañado.

—I o pai?

—Non che tén duda. Está medio tullido e perdéu un ollo... boeno, perder non perdéu, pero pouco lle faltóu.

—E ló, como foi eso?

—Verás: Asubíuse á cerdeira que hai detrás da casa, a coller cereixas pra o neto que é fillo do crego, porque lle quer máis que aos outros porque o cura lle dá tabaco, e caíu de ela embaixo encima da parede do horto; e menos mal que caíu alí que se chega a caír no medio do horto non deixa unha berza. O caso é que rompéu os cuadris e quedoulle un ollo enganchado nunha galla do cereixal; pero coma xa che dixen iantias, o ollo non o perdéu; trouxo pra casa e pousouno encima da maseira, e foi a gata raxada e comeullo; i agora resulta que a gata tén tres ollos i o pai tén un namáis. Coma tu veis cousa de importancia non hai ningunha que che contar.

(*José Moráis*, Meson de Erosa)

e) CONTOS DE MATRIMOÑOS E NOIVADOS

42

CUDIADO CO CANO

Habia un matrimoño que se levaba mui ben, i a muller sempre lle andaba decindo ao home que non quería pensar en que chegase un día en que morrese el pirmeiro que ela, pois se eso pasase tamén ela morrería de pena. O home tiña tragado o que a muller lle decía; pero un día foi ónha feira cun compadre e foillo contando...

—Home, parece mentira que un home cansado de andar polo mundo coma ti—díxolle o compadre—, faga caso do que din as mulleres.

—Eu aposto a que é certo o que a miña dí.

—Pois queda feita a aposta... Un cántaro de viño

pra beber cos amigos. Tu vaste a facelo morto e veremos o que pasa.

De modo e de maneira que o casado fixo o morto, despoixas de pintar o mau uis días, e cueso, amortaxárono e pra o outro día levárono a enterrar; pero ao pasar por debaixo de un castiñeiro que había onde a porta do cementerio foi i engarróuse ón cano, decindo que se esmaiara e que lle volvera o sentido naquel intre.

A muller non facía mais ca chorar e desesperarse mentres creéu que o home estaba morto, e déu tais sináis de alegría cuando aquel *rezusitóu* que a todos nos deixóu convencidos de que lle quería ao home de veras, e de que era certo o que decía; de maneira que o compadre deu a aposta por perdida e beberon o cántaro do viño.

De alí ón ano foi o home aquel e púxose mau de veras e morréu. A muller choraba mais ca nunca e non había maneira de facela comer nin de que se deitase a descansar algo; non quería sopararse do home de ningunha maneira cuando foi que o meteron na tumbia. Cuando o iban levando polo camiño inda choraba con mais forza; pero cuando pasaron cua tumbia por debaixo do castiñeiro, púxose a berrar:

—Cudiado co cano,
non pase a conta do outro ano.

(*Demetrio Estévez,* de Carracedo-Gudiña)

43

AI TRAGOS, TRAGOS!

Era un matrimoño que o pasaba mui ben. Aos dous lle gustaba muto o viño e cueso tiñan unha bota mui grande que lle chamaban *Vida,* e coma non tiñan fillos queríanlle muto ón gato que lle puxeran *Mundo.*

O caso é que morréu o home, i a muller, como o úneco que lle entresaba era comer e beber ben, non perdera as ganas de facelo así que aporveitóu un momento ca deixaron sola, pra fritir unha boa sartenada de torresmos e ir á bodega a buscar unha bota de viño; pero cuando acabara de fritir os torresmos sentíu vir xente e colléu a sartén e meteuna entre as pernas e tapóuna co mandil.

O caso é que a xente non lle deixaba porbar os torresmos; pero ela que facía? Amatóu a candil decindo que lle doían os ollos e facía que rascaba as pernas e iba collendo os torresmos como podía; pero o gato marchában cueles, i entonces ela da co pé no chau pra espantalo e decía:

—Ai, *Mundo, Mundo;* como os levas un a un.

Despóis agachaba a cabeza hasta meter o bocal da bota na boca, churrupiaba de ela e decía:

—Ai tragos, tragos. *Vida, Vida,* que tragos me das...

(*Recollido en* Conso)

44

MORTE NEGRA

Unha vez era un matrimoño, i a muller sempre lle andaba decindo ao home que non podía pensar en que el lle morrera.

—Jesús—decía ela—; se tu me morreras eu iba de morrer tamén. No mesmo día íbanse facer dous enterros, o teu i o meu.

O home oía e calaba. Parecíalle costa arriba eso de que ela quixese morrer millor que el. E cueso un día que foi ónha feira volvéu decíndolle á muller:

—Hoxe estuven falando cunha sabia e díxome que iba vir a nosa casa a morte na figura de un galo pelado, i o pirmeiro que atopase era o que iba de morrer didiante.

—Pois que me atope a min; que me atope a min... Que sería de min sin tí!

E resulta que o home colléu o galo que tiñan, sin que a muller soupese nada, e pelouno sin deixarlle unha sola pluma; e despóis asubíu a escaleira decindo:

—Escóndete que ahí ven a morte na figura de galo pelado coma dixo a sabia; e foi o home i escondéuse detrás de unha albarda que había no cima da escaleira, i a muller meteuse debaixo do escano, na cuciña. O galo tiña o poleiro onde a cuciña e cueso asubíu a escaleira e marchóu cara o poleiro. Cuando a muller víu esto púxose a berrar:

—Morte negra, morte pelada; velo está detrás da albarda.

E de esta maneira o home desenganouse de que a muller auque decía outra cousa queríalle mais o seu corpo que a naide.

(*José Martínez*, de VEGAS DE CAMBA)

45

A MORTE DO HOME

ERA UN MATRIMOÑO QUE SE LEVABA MUI MAL PORQUE a muller tiña unha lengua pior cón bichorro, e cueso o home a cada paso lle daba cada tunda que a deixaba medio derreiada. Ela calaba i aguantaba, pero tíñallas xuradas e non estaba esperando mais que unha ocasión pra vengarse.

Tiñan unha bodega nun síteo mui pino, tanto que se unha pedra empricipiaba a roullar diante da porta non paraba hasta un rigueiro que pasaba inda ben lonxe. Unha vez, pouco antes da vendimia, andaba o home porparando as vasillas, e foi e sacóu unha cuba pra didiante da bodega e meteuse drento pra lavala; i a muller que andaba á espleita de que lle chegase a súa

ocasión, foi e quitoulle os calzos que o home lle puxera á cuba e botóuna a roular por alí abaixo. E claro, o home matóuse.

A Xusticia, como sabía que se levaban tan mal home e muller desconfiaron de ela e prendérona. Ela negóu e negóu de que tuvera culpa, auque decía que tiña mutas ganas de que o home lle morrese porque lle pegaba tódolos días; decía ela:

A morte do meu era mui deseiada;
inda me estóu rindo cos tumbos que a cuba daba.

(*Recollido en* BARJA)

46

CASAIO QUE XA PARARÁ

UNHA VEZ ERAN TRES AMIGOS QUE SE QUERIAN MUTO e que acostumaban de ir xuntos ás festas i a caza, i adevertirse todo cuanto podían. O mais gromista de eles, que era de mui bon himor e non había runfla en que non estuvese, nin trastada que el non discurrise, casouse, e disde estonces non houbo que lle volvese a ver os dentes.

Os amigos viron como cambeara e sempre andaban falando de que sería, porque ela era mui boa muller e tiñan ben que comer; e cueso acordaron de convidalo ónha cazata de corzas pra ver se o facían rir.

El acertóu a cazata i alá foron; pero auque eles os dous porcuraban traerlle á mamórea ao amigo, aqueles tempos de antes cuando se adivertian tanto, el calaba e calaba, e namáis. Sentáronse despóis pra comer a merenda e beberon ben; pero os dentes do casado non llos viron. Así foi que volveron á cazata e cuando iban medio descuidados levantouse un corzo e botóu a escapar por unha ladeira arriba. Os dous cazadores bo-

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · BIBLIOTECA · FACULTADE DE FILOLOXÍA

taron a correr a ver se eran capaces de cortarlle a dianteira; pero el sentóuse nunha fraga, e berroulle:

—Casaio, casaio, que xa parará.

(*Agustín Prieto,* de PENTES)

f) CONTOS DE XASTRES

47

AS COMIDAS DO XASTRE

TRABALLABA UN XASTRE NA CASA DE UNHA VELLA QUE era mui agarrada e que lle daba mui mal de comer á xente que chamaba a traballar. Este xastre tiña ganas de facerllas pagar pero non se lle presentaba ocasión, hasta que un día díxolle a vella:

—Hoxe tiña que ir á feira e non sei coma vou a facer con vostede pra darlle de comer.

—Pois por min non teña pena—díxolle o xastre—que eu gobérnome a como quera. Coma se me quer dar o almorzo i o xantar xuntos... Eu por eso...

A vella púxose mui contenta ao oir aquelo pois aforraba o ter que encargar a naide de que lle dese de comer ao xastre; i ademáis, pensóu que así gastaría menos, pois o xastre non podía comer tanto coma se almorzase e xantase por soparado; e claro, tróuxolle o almorzo.

O xastre, que era da pelica do demo, coma todos os xastres, pensóu que chegara a hora de vengar a súa, e cueso díxille á vella:

—Eu estóu acostumado a comer según me queren dar nas casas en que traballo. Tén habido casa na que me tein dado as tres comidas xuntas, i eu tan campante.

A vella pensóu que se lle daba tamén a cea ao tempo das outras comidas, xa o xastre pouco podía comer, e cueso tróuxolla.

De maneira que o xastre sacóu a barriga da miseria que pasara aqueles días, i en cuanto acabóu díxolle á vella:

—Boeno; quedéi comón cura! Fágame a cama que me vou a deitar.

—A deitar?

—Pois é claro. Vostede ben sabe que eu sempre me deito dispoixas de cear.

E cueso deitouse e durmíu comón santo; e non deu unha puntada hasta o outro día.

(*Recollido en* QUINTELA DO PANDO)

48

O XASTRE VALENTE

UN XASTRE QUE IBA DE UN PUEBLO PRAUTRO, COLLEUno a noite no camiño e coma cobrara trinta rás, acurríuselle que o podían arroubar; e cueso colléu a tiseira na mau e levábaa disposto a clavarlla ao pirmeiro que se lle atravesase didiante.

Resulta que ao brincar unha parede sentíuse engarrado por detrás, e xa creéu que fora un ladrón que o viña a arroubar. Estonces o probe do xastre, sin estreverse a mirar pra atrás empricipóu a pedir que o deixasen, que era un probe homiño cheio de fillos e que lle facían muta falta os cuartos pra darlle de comer.

Nesto foi unha paspallá e púxose a cantar:

—Trin-ta-rás. Trin-ta-rás...

O xastre pensóu que o ladrón sabía que levaba os trinta rales contados e cueso colléu os cuartos e tiróullos pra trás, decindo:

—Boeno; pois cale e déixeme; ahí lle van os trinta rás.

I era tan grande o medo que tiña, que non se estrevéu a mirar pra o ladrón que lle pedía os cuartos. O úneco que fixo foi tirar mui xeitosiñamente a ver se o soltara; pero como inda se sentía preso colléu inda máis medo do que tiña, tanto que nin xiquera foi capaz de falar unha palabra máis en toda a noite.

Ao nacer o día tiróu un pouquiño pra ver se inda o tiñan engarrado, e coma víu que sí, foi volvendo a cabeza pouquirrichiño a pouco, pra ver quen era o ladrón que o tiña engarrado, i estonces víu que quen o tiña preso era unha silva. Estonces foi e colléu a tiseira e cortóu a silva con toda a rabia, decindo:

—Nísquela, náscala; se foras un home tamén te cortaba.

(*Sara Sierra,* de Erosa)

49

AS FABAS DO XASTRE

Unha vez era unha vella, mui velliña, que xa non tiña arte nin himor pra facer de comer; pero que, coma se lle rompera o xustillo que tiña, víuse na necesidá de chamar o xastre pra facer outro. Estuvo pensando que cousa lle sería millor de acociñar e puxo unhas fabas a cocer; ahora que coma non lle facía lume seguido, encruáronse e cuando llas puxo estaban tan duras coma cuando entraran no pote; i o qui é pior, púxolle fabas ao mediodía, fabas de merenda e fabas á noite. De maneira que alá pola media noite empricipiaron as fabas a traballar e descompuxéronlle a barriga ao xastre, que se víu no afríuto de salir ón souto que había ao lado da casa a botalas fora, cousa que fixo no alto de unha fraga.

Aquela noite veu unha troneira mui grande, e tanto

foi o que chovéu que as fabas quedaron tan lavadiñas coma se as pasaran por tres ou catro augas.

Á mañá cedo levantouse a velliña a buscar unhas acendedallas i ois trochiños pra encender o lume e víu aquelas fabas tan ben lavadiñas, e cueso colleuas e levouas pra cocerlle ao xastre; púxoas no mandil e según achegóu a casa zampóunas no pote según viñan. E, claro, cuando o mediodía llas puxo ao xastre, éste díxolle:

—Estas fabas non son da mesma clas das de onte. Aquelas mesmo parecían balotes i as de hoxe están blandiñas coma a nata.

—Claro que non serán—respondéu a vella—. Estas alcontréinas no alto de unha fraga que hai no souto. Estaban tan ben lavadiñas que non tuven mais ca collelas e botalas así ao pote. Xa na cara lle conecín que iban de ser millores de cocer cas miñas.

(*Recollido en* Fradelo)

50

NON SON HOME QUE SON XASTRE

Pasaba un carreiron por ao lado de unha casa. Pra pasar por el había que abrir e cerrar unha cancela grande, pois aquel síteo era onde tiñan os cochos os amos de aquela casa. Xa todo o mundo sabía o que había que facer; pero unha vez pasóu por alí un xastre forasteiro e deixóu a cancela aberta. Víuno a i-ama da casa e berróulle:

—Tíu home do cadelo, cerre o cancelo!

Un can que levaba o xastre, ao oir berrar, parouse a mirar cara a muller; pero o xastre díxolle:

—Anda canciño, anda; que por nós non é. Tu non eres cadelo, que eres can; i eu non son home, que son xastre.

(*Julia Rodríguez,* 53 anos, Viana do Bolo)

g) CONTOS DE TOLOS

51

DOMINJO DOMINJEZ

UN MOZO MARCHOU PRA MADRIZ I ALI CO SEU TRABALLO fixo unha vida xeitosa; pois tamén se casara cunha muller mui boa, que o axudaba a vivir. De cuando en cuando mandáballe unhas cadeliñas á mai, i onha vez escribíulle decíndolle que mandase pra alá a seu hirmán, que, auque non era mui avispado, xa el vería a maneira de emplealo ben. Ahora que todo esto de mandar ir o hirmáu non era mais ca conto, pois coma era medio aleixado non tiña ganas ningunhas de velo alá, pois non servía pra nada, e cueso pensaba que ao ser así non o deixaría ir súa mai. Pero mutas veces non salen as cousas tal coma se pensan, pois o Dominjo Domínjez, que era así coma se chamaba o toliño, ao saber o que escribira seu hirmáu metéuselle na cabeza ir pra onde el e non valéu ca mai lle dixese que non; e cueso foi e díxolle:

—Ai mi má; gobérneme a carabela que a osté lle pareza que eu vou marchar pra onde meu hirmáu.

—Ai, toliño, toliño—respondéulle a mai—. Coma vas ir tu pra Madríz se non te van a querer en ningún síteo, nin saber facer nada...

—Pois eu quero ir. Cuando meu hirmáu me manda ir é que xa terá buscado un traballo bon, onde gane mutos cuartos.

—Non. Eu non te deixo ir.

—Pois se osté non me deixa, escápome.

O caso é que porfióu e porfióu, e cueso súa mai non tuvo mais remédeo que porpararlle a carabela i a

roupa pra o camiño. I anda que te andarás e pergunta eiquí i alí o Dominjo Domínjez chegóu a Madríz.

Seu hirmáu cuando o víu alí quedóu coma se vira visióis, i a muller coma se vira ao demo. Déronlle de xantar e dixéronlle onde se iba deitar pra descansar do muto que anduvera e mentres tanto estivéronse aconsellando home e muller a ver coma iban a facer pra empuntalo outra vez pra súa casa.

—Déixoo da miña conta—dixo a muller—que eu me arreglaréi pra que non pare eiquí muto tempo.

Despoixas, á noite, dinde que cenaron, díxolle a cuñada de Dominjo Domínjez:

—Tu cenache ben? Mira que eiquí as noites son muto mais largas que alá na vosa terra.

—Cenéi, cenéi; cuasi lle chego cos dedos á comida, se os meto polas gorxas.

—Boeno; pois ahora vas a levar esta merendiña pra onde a cama pra que a comas á media noite. E mira non te levantes hasta que nós te chamemos; pois se andas estroupeleando pola casa adiante, enquíchanse os veciños e rífannos.

O Dominjo Domínjez, que comera comón animal, fora a i-alma, deitóuse nun cuarto mui escuro onde non chegaba nin siquera un resquicio de luz, e quedouse durmido ascape, durmindo de un tirón hasta pra o outro día a media mañá. Estivo escutando un pouco e coma non sentía ruído ningún, non se erguéu e cueso quedouse na cama; pero como vía que o tempo iba pasando, chamóu:

—Hirmáu! Ai hirmáu!

—Qué, hó, qué!

—El xa é día?

—Boeno, hó, boeno. Inda non é media noite.

—Estonces non sei se coma a merendiña.

—Inda é mui cedo; e se a comes ahora despoixas non vas aguantar a fame.

Esperóu outro pouco e cuando lle parecéu desen-

cartóu a merenda e coméu un tantichiño. Volvéuse a durmir e cuando despertóu xa cuasi era noite. Estonces volvéu a chamar:

—Hirmáu! Ai hirmáu!

—Qué queres?

—Nacéu o día, ou inda non?

—Tenche bon xeito! Ahora é media noite. Ahora xa vai sendo hora de comer a merenda; nós tamén a imos comer.

Acabóu de comer a merenda que lle quedara e durmíu outro pouquiño; pero, como xa durmira muto, ló espertóu, e pra o outro día á mañá, cuando seu hirmáu foi a chamalo, levantóuse cunha fame condenada. Así que en cuanto se erguéu díxolle a seu hirmáu:

—Eu eiquí non che paro máis. Eu estas noites tan grandes non chas aturo.

—Home... eso tu verás. Eu ben sabes que te quero de boa gana onde min; pra eso te mandéi vir.

—Cá! Eu eiquí non quedo outra noite mais, senón morro cua fame.

—Boeno; alá tú. Pois estonces heiche dar merenda pra o camiño i on vestido novo pra que chegues ao lugar ben guapo.

Regaloulle un vestido de el, inda ben bon, e deulle bastante merenda pra o camiño; despoixas impúxoo por onde debía ir.

Marchouse o Dominjo Domínjez andando cuanto lle daban as pernas, sin descansar nin comer, por non perder tempo; hasta que alá, ben despoixas de mediodía, xa cunha fame mui grande, foi e perguntóulle ónha muller:

—Ai, tía muller! Eiquí as noites son coma en Madríz?

—E ló, que mais terán, fillo.

—Adiante, adiante, que eiquí Dominjo Domínjez non queda.

Tirón pra diante, i era xa mais de media tarde cuando alcontróu ón home, e perguntóulle:

—Tíu home! As noite eiquí son igual can Madríz?

—Tú quéresme amolar, ou...; que mais terán equí que alí!

—Pois, adiante, adiante; que eiquí Dominjo Domínjez non queda.

E segíu andando, andando, hasta que o colléu a noite de afeito. Estonces botóu un suspiro mui fondo, e sentouse na borda do camiño; coméu hasta fartarse; e despoixas, entre a fartura i o cansado que viña, foi e durmíuse como onha pedra.

O caso foi que de alí ón pouco pasóu polo mesmo camiño un soldado que viña licenciado, i o ver aquel home tirado chamóu por el non sendo que estuvera morto; pero Dominjo Domínjez non se maneóu. Chegouse mais a el é palpóuo, i o ver que estaba quente volvéu a chamar outra vez; pero, coma se non chamara, pois Dominjo Domínjez no espertóu. Estonces o soldado pensóu que estaba borracho, e cueso foi e quitoulle o vestido que traía e púxolle o uniforme; e tamén lle levóu a carabela.

O Dominjo Domínjez non espertóu hasta que o sol lle déu ben na cara. Estonces levantouse e disde que se espurríu, buscóu a merenda, e cuando non a atopóu botouse a chorar a berros comón meniño, cua pena que se lle metéu no corpo.

Por fin botóu a andar e mais tarde deulle sede e foi a beber nun rigueiro; i o agacharse víu un soldado no fondo da i-auga e creéu que estaba alí afogado, e foi e metéu a mau, pero tropezóu na area e non alcontróu a naide; así que se aserenóu a i-auga, volvéu a ver o soldado no mesmo síteo; estonces acordóuse de que se vía a xente no fondo da i-auga, cuando estaba ao lado de ela; e cueso miróu pra tras, pero tampouco víu a naide. O home xa estaba pensando de que aquelo era arte do demo, cuando se deu conta de que

aquel soldado moviase igual ca se movía el; despoixas miróu pra o seu corpo e cuando se víu vestido de aquel xeito, cuasi caíu de cu, de atolondrado que se puxo; e púxose a pensar en quen sería el, e decía:

—Eu, non ero eu. En non ero Dominjo Domínjez; porque Dominjo Domínjez tiña un vestido de outra color. Eu non ero Dominjo Domínjez; eu debo de ser un soldado... E qué fago eu ahora?; porque a min paréceme que non ero Dominjo Domínjez; pero eu tampouco me acordo de que fose soldado... I ahora qué fago eu!

Pensando e pensando en quén sería, decía:

—Eu o que vou facer e ir hasta a casa da miña mai e perguntar se Dominjo Domínjez está na casa. Se Dominjo Domínjez está na casa estonces eu non sei quen ero eu; ahora que se Dominjo Domínjez non está na casa, estonces é que eu ero eu.

De modo que despoixas de pasar unha fame condanada deu chegado a casa, i o chegar á porta chamóu:

—Ai mi má!

—Qué, fillo, qué?—respondeúlle a mai, que o conecera pola voz.

—El, Dominjo Domínjez está en casa?

—E ló, coma vai estar se eres tú, meu fillo.

Estonces Dominjo Domînjez dixo todo cheio de razón:

—Estonces eu ero eu e non son outro ninguén.

Metéuse pra casa e disde estonces non quixo saber de Madríz nin das noites que alí había.

(*Francisco Penín*, VIANA DO BOLO)

52

O TOLO I O LISTO

ERAN DOUS HIRMAUS, UN TOLO I ON LISTO, QUE VIVIAN cua mai, que estaba tullida, e pra atendela, porque non se podía remar pra nada, o tolo iba cua facenda i o listo quedaba na casa; pero un día enfadouse o tolo e dixo que el non volvía de pastor, e tuvo que ir o listo. De maneira que quedóu na casa e foi e fixo unhas papas de cinsa pra mai e levoullas á cama; e coma non lle sabían non as quería comer. Estonces foi el e colléu un fuso i atacoullas polas gorxas abaixo da mesma maneira que se enchen os chourizos e matouna; despóis sentouna na cama e púxolle a roca na cintura, coma se estuvera fiando; e cueso, cuando víu o listo e lle perguntóu por ela, díxolle:

—Xa sanóu. Tan ben a cuidéi que xa está fiando.

Foi o listo a ver a mai, i o vela sentada e fiando, déulle un abrazo decindo:

—Ai, mamá querida! Por fin sanóu!

Pero, claro, ao darlle o abrazo, a mai caíuse e víu que estaba morta; estonces díxolle ao tolo:

—Ladrón; tu matache a mai! Escapemos que vén a Xusticia e préndenos. Cerra a porta.

—Qué leve a porta?

—Non, que cerres a porta.

—Qué leve a porta?

E foi e colléu a porta ao lombo e salíu correndo detrás do hirmáu, que iba fuxindo todo cuanto lle daban as pernas.

Viron vir unha gavilla de ladróis, i asubíronse ón rebolo; o tolo cua porta e todo. Inda non acabaran de arruñar polo rebolo arriba cuando chegaron os ladróis e puxéronse a partir os cuartos debaixo do álbore.

Un dos ladróis puxo unhas patatas a cocer e dixo:

—Témolas que comer ensosas, que non trouxemos sal.

Estonces díxolle o tolo ao listo:

—Eu voulle a mexar nas patatas pra que se lle poñan saladas.

—Non fagas eso que nos matan.

—Eu, méxolle!—dixo o tolo; e mexoulle.

Así que comeron as patatas puxéronse a partir os cuartos, i había unha moneda de ouro, i o vela dixo o capitán dos ladróis:

—Esta é pra min, inda un raio me partia.

Estonces foi o tolo e soltóu a porta encima da cabeza do capitán e partíulle a lengua e deixouno medio aloulado. Os outros botaron a escapar; e cuando o capitán se pudio levantar, iba detrás de eles decíndolle:

—Elpedái pol min que teno a lenva dota.

Os compañeiros entendíanlle que lle decía: *Escapái que nos levan á forca,* e inda corrían mais.

Os dous hirmáus baixáronse do rebolo, colleron os cuartos, marcharon pra casa, e despóis viviron sempre ricos.

(*Recollido en* PRADOCABALOS)

53
O CONTO DE BOTAR AS TRIPAS FORA

ERA UNHA MULLER QUE TIÑA UN FILLO MEDIO TOLO, que lle dixo que quería marchar polo mundo adiante; i auque a mai non quería deixalo ir de ningunha maneira, tanto e tanto porfióu, que a o fin deulle licencia pra que se marchase; pero antes acordaron comer un curdeiro.

Antes de marchar, o tolo arrodillóu as tripas do curdeiro á cintura, e despedíuse de súa mai, que lle dixo chorando:

—Adiós meu filliño querido. Que non che falte traballo polo mundo. E mira, dalle as horas a todo o mundo: e cuando alcontres algún traballando dille:*Diol-os axude.*

O tolo marchóu andando por un camiño adiante, e víu dous homes pelexando; i o pasar por onde eles, díxolle:

—Diol-os axude.

—Como que Dios nos axude? Ímoste axudar nós a tí!

Pararon de pelexar e déronlle unha tunda que foi por demáis. Cuando pararon de lle pegar, díxolle o tolo:

—Eu se lle dixen *Diol-os axude* foi porque miña mai me mandóu.

—Pois así non se dice.

—E ló, cómo?

—Pois dise *Diol-os aparte.*

—Seguíu o seu camiño e chegóu á porta de unha eirexa onde estaban facendo unha boda e cueso díxolle:

—Diol-os aparte.

Os da boda ao oir aquelo foron e zoupáronlle a bota de lo lindo.

—E ló, por qué me pegan?

—Inda perguntas por qué? Pois por decir *Diol-os aparte.*

—E ló, coma hei decir?

—Debes decir *Diol-os aumente.*

Botóu a andar e mais adiante víu un home que estaba curando uis granos que tiña nunha perna e díxolle:

—Diol-os aumente.

O que lle aumentaron foron os paus; pois aquel home deulle outra trasilvana que non é pra contala.

O toliño comprendéu que sería porque non lle falara como era debido e perguntoulle:

—Seica non faléi ao seu gusto? Aconsélleme coma hei decir.

—Coma has de decir? Pois debes decir: *Nin nacian nin reverdecian.*

De alí ón pouco alcontróu uis homes que estaban plantando unha viña e soltoulle o que o outro lle dixera: *Nin nacian ni reverdecian.* Pero xa lle falóu con algunha aquela, pra escapar se vía que iban cara el.

Claro, os homes ao escutar a bendición que lle botaba, pegaron a correr detrás de el; pero o tolo en cuanto víu aqueles acenos, empricipóu a correr todo cuanto lle daban as pernas, e coma lle estorbaban as tripas do curdeiro que levaba arrodilladas á cintura, sacóu a navalla e cortóunas.

Unha muller que lle iba a levar a comida aos homes da viña, berróulle:

—Non o atrapáis porque sacóu a navalla e botóu as tripas fora, i ahora corre muto mais.

Os outros pensaron que se eles botaban as súas tripas fora tamén correrían mais, sacaron as navallas i abríronlle a barriga, cada un á súa..., i alí quedaron.

(*María Carrera*, de Pentes)

54

O PAPEL QUE VIA AS COUSAS

Era un home que tiña un criado pouco avisado, i on día foi e mandóu por el unha cesta de mazás ón amigo, cun papeliño drento que decía cuantas iban. O criado destapóu a cesta no camiño pra ver o que levaba, i o ver aquelas mazás tan encarnadiñas, fíxoselle a boca auga e coméu unha.

O home que lle colléu a cesta destapoua á vista de el e léu un papel que alí iba, despóis contóu as mazás e díxolle ao criado.

—O papel dice que teu amo me manda unha docena de mazás, i aiquí solo vein once.

O tolo quedóu arrenegando do papel porque lle dixera ao home que iban doce mazás e pensóu que, se lle dixera así, era porque lle vira comer a outra no camiño. O caso é que cuando chegóu o tempo das peras volvéu o amo a mandarlle outra cesta de peras ao mesmo amigo. O tolo abríu a cesta no camiño, víu aquelas peras tan amareliñas i entráronlle tentacióis de comer unha; pero como xa estaba escarmentado, miróu se iba algún papel drento da cesta; víu un e foi e colleuo e meteuo entre unhas uces e púxolle unha pedra encima pra que non vise o que facía. Despóis de comer a pera gobernóu ben a cesta e marchóu cuela pra onde a levaba. O home que colléu a cesta, como xa estaba remoto, o pirmeiro que fixo foi ler o papel e contalas, i o ver que faltaba unha dixo:

—Da outra vez comiche unha mazá i ahora comiche unha pera. Eres de confianza, hó!

—Eu non comín, non señor.

—Comiche, comiche, que o papel dice que viñan doce i aiquí solo hai once.

—Me cago nos papéis que ollos téin! Pois hoxe antes de comer a pera metino entre unhas uces e púxenlle unha pedra encima; despóis marchéi pra lonxe a comela... Eu non sei como me pudio ver.

(*Domingo Grande*, de 46 anos, de Pentes)

55

AS PERAS

Era unha familia que lle queria facer un regalo ón señor a quen lle debía mutos favores e cuando chegóu o tempo das peras acordaron mandarlle unha cesta de elas. Estuveron falando do asunto e de quen iban a mandar cuelas, pois era tempo moi apurado i había muto que facer. Tiñan un filliño toliño e man-

dárono; pero antes dixéronlle o que lle iba a decir a aquel señor; dixéronlle:

—Chegas alí cuas peras e díceslle: *Si señor e non señor. Fálase ben e non se é burro. As da boca pra os criados, as do cú pra súa mercez.*

O tolo chegóu á casa do señor e soltóulle as cousas tal coma llas dixeran; decindo:

—Sí señor e non señor. Fálase ben e non se é burro. As da boca pra os criados i as do cú pra súa mercez.

O señor colléu a cesta e díxolle:

—E ló, non habería outra persona en casa a quen mandar?

—Todo se miróu e todo se arreparóu; pero dixeron meus pais que pra quen é osté ben bastaba eu.

—Boeno, home, boeno! Está ben... Daille de comer ao tolo.

Estonces el respondéu:

—E de beber e todo.

(*Agustín Prieto,* de PENTES)

56

O TOLO I AS MOSCAS

UNHA VEZ ERA UN TOLO QUE NUNCA SE LAVABA, E cueso no vráu as moscas comíano de afeito, pois non lle salían da cara. O home desesperábase, pero non lle valía.

Un día oíulle decir ón veciño que iba a dar parte de outro porque se metera cuel e, cueso, el estuvo pensando que tamén a podía dar das moscas, posto que sempre se estaban metendo cuel. Así que foi onde o Xuez e díxolle:

—Eu veño eiquí a dar parte das moscas, que sempre se andan metendo comigo.

O Xuez que o conecía ben, respondéulle:

—Non lle fagas caso, hó, non lle fagas caso.

—Non, eu quéroas castigar.

—Pois mira—díxolle o Xuez—: O millor é que collas a xusticia pola túa mau. Engarras un pau, i onde quera que vexas unha mosca, ¡pumba!, zorrégaslle hasta que non quede unha viva.

Naquel intre había dúas ou tres moscas pousadas na calva do Xuez; víunas o tolo e foi colléu unha cachapica que había colgada nunha trave i empezóu a pegar nas moscas que estaban na calva do outro, e non paróu hasta que tiróu cuel ao chau, deixándoo por morto.

(*Recollido do gaiteiro de* MOURISCA)

CONTOS VARIOS

57

O CONTO DAS CEN MIL MENTIRAS

AGORA CHE VOU CONTAR
o conto das cen mil mentiras.
Polo mar andan as lebres
e polo monte as anguías;
e polas restrollas os *peces*
e cóllense en almireces.
Era non era, foi a arada
cun boiciño de nada
i autro de palla.
Veu da arada
e coma non tiña que facer
metéu os bois na cuadra
e botóu as mulidas a pacer.
Foi a ver o colmear,
a contar as abellas;
pero os cortizos
non soupo cuantos eran.
Atopóu unha abella de menos
e foia a buscar;
cinco lobos comían nela
non a puderan acabar.
Tiróulle cua machada
pra facelos escapar;

roéronlle o ferro
e dexáronlle o pau.
En cuanto marcharon
recolléu a abella;
e víu con alegría
que solo lle comeran unha perna.
Despóis mercóu ferro
pra facer unha machada;
trouxo tres quitales
pero non lle chegara;
pois o ferreiro
un anzuelo lle sacara.
Colléu o burro,
que estaba amatado,
e asubíuse ón castiñeiro
con intención de degallalo
i o probe do burro meteuse por baixo.
Caíulle un bullote
e prendeulle na amata
e nacéu un castiñeiro
de mais de cen varas.
Crecera tanto
e tanto crecera
que os bullotes que déu
encheron cen tegas.
Coma non o pudio arrincar
foi ao ferrador;
botoulle unha bilma de fabas
pra arrincalo millor.
Non iban ben moídas
i onha enteira nacéu;
crióuse un fabal tan grande
que era o que había que ver.
En cuanto creceron
quíxoo estancar,
e cortóu cen castiñeiros
pra todo o fabal.

Así que maduraron
quitaron as fabas
e trataron outra vez
de curarlle a amata;
e botóulle outra bilma
de fariña de liñaza.
Mais cuando Dios non quer
non se acaban as desgracias.
Resulta que a liñaza
non iba ben moída
e nacéu tanto liño
que nin o burro se vía.
Fórono traballar
vintecinco mulleres
e non o acabaron
en menos de tres meses;
e saíron cincoenta varas
pra facer dous manteles.

(Recollido en CARRACEDO-A GUDIÑA, *de Cecilia Fernández e da Tía Balbina, nonaxenarias ambas).*

58

NON É CUCO QUE É CUCA

ERA UN MATRIMOÑO MUI CARGADO DE FILLOS E COMA non tiña con que os manter, en cuanto servían pra algo, botábanos polo mundo a buscala vida. O último que botaron era mais listo cón allo porrateiro. Foi andando hasta que alcontróu un home negro comón carbón, que lle perguntóu pra onde iba.

—Vou a buscar un amo pra servir.

—Podes vir comigo, que perciso un.

—Pois vamos.

Chegaron á casa o criado i o amo, que era o demo, i axustáronse de esta maneira: O criado iba de servir

naquela casa hasta que cantase o cuco; non se iba de enfadar por nada, i o amo tampouco; ao pirmeiro que se enfadase podialle quitar o outro unha correia disde a cabeza hasta os pés.

Pra o outro día díxolle o demo ao criado:

—Vai ao monte e trasme un carro de leña da mais torcida que alcontres.

Foi el xunxíu as vacas, apuxo o carro e marchóu á viña do amo e cortóu as cepas que lle ficeron falta pra cargar o carro e levouno pra casa. Víuno ir a dema e díxolle ao home:

—Xa vén o criado co carro da leña.

—Qué vai vir!

—Vén, vén; e trai unha leña qui é retorcida de todo.

Cuando o criado chegóu co carro, perguntoulle o demo:

—E ló, de onde tras a leña?

—Corteina nunha viña que hai pra ahí arriba.

—Tu estás tolo! É a miña viña.

—Osté enfádase?—perguntoulle o criado, sacando a navalla.

—Non é que me enfade; pero... derramácheme a viña.

Despóis falando o demo cua muller, díxolle:

—De esta vez fastidiounos o criado. E qué lle imos mandar facer agora?

—Pois mira; mándalle traguer un carro de leña da mais dereitiña que podia haber.

E cueso, chamóu o demo polo criado e díxolle:

—Hasme de traguer hoxe un carro de leña da mais dereitiña que alcontres.

—Boeno, meu amo; agora mesmo a vou a buscar.

Porparóu o carro e foi e marchóu ón pinal que tiña o amo e cargóu o carro dos pinos mais dereitiños que alcontróu. E cueso, cuando iba cara a casa, díxolle a muller ao demo:

—Ahí ven o criado co carro da leña... E que dereitiña é!

Chegóu o criado co carro da leña e perguntoulle o demo:

—E ló, onde cortáche esa leña?

—Corteina nun pinal que hai mesmo ao lado da súa viña.

—Tu qué fixeche! Ese pinar é o meu.

—Seica se enfada?

—Non é que me enfade; pero derramácheme o pinal.

Aquela noite cando se deitaron, díxolle o demo á muller:

—Temos que ver a maneira de botar o criado fora; senón arruínanos.

—E cóma imos facer? Pois inda non veu o cuco.

—Mañá levántaste cedo i asúbeste á figueira e cantas coma o cuco, i estonces dígolle que xa veu, e botámolo fora.

Pra o outro día á mañá levantóuse a dema ben cediño i asubíuse á figueira e púxose a cantar coma o cuco, e foi o demo e chamóu polo criado e díxolle:

—Levántate i arregla o trouxe pra marchar, que xa está o cuco cantando.

—E ló, onde canta?

—Na figueira; escuta.

Vai o criado e colle a escopeta do amo, sal á ventana e ¡pum! deulle un tiro á dema e matouna. Foi alá correndo i o vela díxolle ao amo:

—Inda non me marcho; este non é cuco que é cuca.

—Desgraciado; matácheme a muller!—berróu o demo.

—Osté enfádase, meu amo?

—E ló, non me vou a enfadar matándome a muller.

—Boeno; pois a ver a correia.

Botóu man da navalla e sacóulle ao demo unha correia do cerrizo, disde a cabeza hasta os pés, así coma pra facer un tamoeiro, i o demo morréu. E coma non tiña

herdeiros chamóu pra alí a súa xente e quedáronse cos bienes do demo, e viviron alí mui contentes.

(*Eladio Estévez,* de BEMBIBRE)

59

UN BICHO DESCONECIDO

ERA UN MATRIMOÑO QUE VIVIA DO QUE O MOME GAnaba acarratando auga pra a casa de un rico. A fonte estaba mui lonxe da casa, i o probete do home cansábase muto; por eso arrenegaba hasta da hora en que nacera. Unha das veces que estaba arrenegando a mais non poder, aparecéuselle o demo e díxolle que se entregaba a i-alma na hora da morte que lle facía unha fonte ao lado da casa pra onde tiña que apañala. O home tan enrabiado estaba que acertóu o trato.

Pasaron tempos e tempos e foi o home i atopóuse un pouco mau. Nesto presentóuselle o demo pra que se acordara do trato que fixeran. O home, xa vello, arrepentírase do trato que fixera i estaba triste, triste, hasta mais non poder. A muller ao velo así, perguntáballe qui era o que tiña:

—Nada, nada—respondía el—. Non teño nada.

Mais, ao cabo de algún tempo contóulle todo o que lle pasaba.

—Non te apures por eso—díxille a muller—. Tu dille que non vas cuel, e non vas, i acabóuse.

De alí a algúis días volvéuselle a parecer o demo ao home, que lle dixo que non lle daba a i-alma, que non lla daba, i acabóuse.

—Perdónoche—respondeulle o demo—, se me presentas un bicho viviente, desconecido pra min; así quedas libre do trato.

O home contoulle á muller o que lle dixera o demo, i ela foi i aconsellouse cunha comadre, que lle respondéu:

—Mercas dúas libras de pez i ademáis unha ave de cada clas.

A muller fixo o que a súa comadre lle dixera, que lle dixo despóis:

—Pela as aves unha por unha e pon as plumas aparte.

—Xa está—respondéu a muller cuando acabóu.

—Boeno, agora esporránchate; pero pirmeiro pon o pez a derreter.

Xa espida a muller, a súa comadre untóuna ben de pez derretido e foille apelicado as plumas despóis de mandala pór as cuatro patas. Ao chegar á cabeza pendoulle o pelo pra diante i arregloullo coma se fora a rabada de un animal. De esta maneira parecía que a cabeza era o traseiro, i o traseiro era a cabeza.

Cuando o demo volvéu onde o home, perguntóulle ríndose de el:

—A ver onde está ese animal nunca visto; porque hacharíalo?

—Claro que o hachéi—respondéu o home—. Ven comigo que cho vou a insinar.

O demo púxose a mirar cara aquel bicho; levantoulle o rabo; víu que non tiña cabeza, e cueso emprecipióu a rañar na cabeza i a dar voltas ao redor hasta que volvéndose cara o home, díxolle:

—Canache! Teño andado por mutos mundos e nunca lle botéi a vista encima ón bicho así.

(*Agustín Fernández,* de 65 anos, de PENTES)

60

ACUDII DIFUNTOS

ERA UN MATRIMOÑO QUE DEBIA MUTOS CARTOS E NON sabía coma iba facer pra pagalos. Despóis de pensalo mutos días acordaron de que o home fixese o morto, e que así, seguramente lle perdonarían todas as deudas,

ao quedar ela sola, viuda e probe. O caso foi que o home meteuse na cama un par de días e despoixas pintóu o morto. Amortaxárono e levárono pra a eirexa no escano dos difuntos.

A muller entre choros e queixas, íballe decindo aos que lle debía cuartos, según iban entrando a consolala:

—Ai, cuando che pagaréi o que che debo! Tan desamparadiña como eu quedo!

Todos lle iban respondendo ó mesmo:

—Dios lle perdone ao teu home, que eu tamén lle perdono o que me debe.

Pero un zapateiro, ao que lle debía un ral, pensóu que o podía cobrar indo a traballar na eirexa, á luz que lle puxeron ao morto. Estaba alí cose que te cose, cuando sentíu que andaban na porta da eirexa pra entrar, e polo sí ou polo non metéuse debaixo do escano dos difuntos.

Entróu na eirexa unha gavilla de ladróis que acababa de facer un arroubo. Os ladróis tenderon unha capa no chau, botaron o diñeiro encima i emprecipiaron o reparto.

O zapateiro por ver se os facía escapar, e lle deixaban os cuartos pra el, empezóu a berrar:

—Acudíi difuntos!

O que fixera o morto entendéu o que quería o zapateiro e respondéulle:

—Ahí imos todos xuntos!

Os ladróis non se pararon a mirar quen era nin quen non era; botaron a escapar cada un por onde pudo e fóronse a xuntar a cuasi unha legua de alí. O capitán dos ladróis dixo que sería ben que fose un alá pra ver o que pasaba e pedíu un voluntario. Ofreceuse un, que se foi acercando á eirexa, mui pouquirrichiño a pouco, cua intención de guichar polo buraco da pechadura; pero cuando chegóu estaban o zapateiro i o outro discutindo polo ral que o que pintara o morto lle debía ao zapateiro, que estaba decindo naquel intre:

—Eu quero o meu ral. Eu quero o meu ral.

O ladrón ao oir aquelo escapóu pra onde aos outros, decíndolle:

—Fuxamos! Tantos son que nin a ral tocan.

O caso é que o zapateiro i o outro repartiron os cuartos e marcháronse pra as súas casas, vivindo ricos de alí pra adiante.

(*Recollido en* Fradelo)

61

O CANTARO DO MEL

Era un boticario mui chistoso que sempre andaba da groma cua xente, sobre todo cun home, tamén mui gromista. O caso é que unha vez, chamóuo ón lado e díxolle con muto secreto:

—Perciso un pucheiro de moscas pra facer unha maciña; tu pódesmas traer?

—Claro que podio; pero terá que esperar uis días, porque un pucheiro de moscas non se enche así a como quera.

—Auque tardes tres ou cuatro días é o mesmo; pois inda non me corre presa.

O home falóu con todos os de casa pra que lle axudaran, e botaron todos tres ou cuatro días sin facer outra cousa ca pescar moscas, pois o boticario tíñalle feito mutos encargos e sempre llos pagara ben; e cuando tuvo o pucheiro cheio marchóu cuel onde o boticario, quen foi mirando unha por unha e decindo:

—Este é mosco... non sirve. Este é mosco... non sirve...

E, según o boticario, resulta que namáis había tres moscas no pucheiro. Ao acabar de miralas, díxolle ao home:

—Boeno, non hai mais ca tres moscas, os outros

todos son moscos; coma che as axustara a can cada unha, ahí che van tres cais... e mutas gracias.

O home do pucheiro entendéu que o boticario fixera a burla de el; pero calouse ben calado e fixo que inda agradecía que lle houbese feito o encargo.

De alí a pouco chegóu a castra do mel, e todos os anos lle encargaba o boticario ao home das moscas un cántaro de mel, de maneira que aquel ano tamén llo encargóu.

Cuando o home recibíu o encargo do boticario, chamóu por toda a familia e díxolle:

—Acordaisvos do que nos fixo o boticario co encargo das moscas?

—Quen se olvida de eso!—respondéulle a muller.

—Boeno; pois chegóu o tempo de facerllas pagar. Encargoume un cántaro de mel coma tódolos anos. De maneira que me ides de coller un cántaro, pólo no patio, e cuando cualquera teña que facer a volta... ao cántaro dereito, hasta que lle falten dous dedos pra enchelo.

Así que o cántaro estuva cheio por onde el dixera, botóulle encima o mel que lle fixo falta pra enchelo e levoullo ao boticario.

O que pensase o boticario do caso, inda hoxe non se sabe, pois non deu queixa ningunha, nin falóu con naide de tal cousa.

(*Francisco García*, de 37 anos, de PENTES)

62

O CONTO DO XORDO

ERA UN HOME QUE LLE CHAMABAN TÍU CARREIRA, que se iba quedando cada vez mais xordo, cousa que lle daba muta rabia, por eso facía todo cuanto podía pra que non llo conecesen.

Un día, despóis de cortar unhas vimes, iba camiño de un eido a buscar unhas berzas, cuando víu vir cara el o Tíu Xan da Barxa, que facía pouco que lle vendera unha marrá. Estonces o Tíu Carreira iba decindo pra os seus adentros:

—Carafio!... Ahí ven o Xan, e que sei eu que cousas me perguntará... Pirmeiro, perguntarame pra onde vou..., despóis pra que son as vimes, e por últemo hame de perguntar pola marrá que me vendéu, e cueso xa sei o que lle hei de responder.

Pero como o Tíu Xan lle perguntóu outras cousas, escutái a conversa que tuveron:

—Buenos días, Tíu Carreira.

—Vou ás berzas.

—Non lle digo eso.

—Son pra un cesto.

—I a Tía Carolina?

—Inda non anduvo ao macho.

(*Recollido en* PENTES)

63

EI, VACAS, EI!

UN HOME DE PENTES, QUE LLE CHAMABAN TÍU SIMÓN, andaba arando unha leira, io mesmo tempo estaba pensando no que era o mundo: El xa iba vello e como debía uis cuartos, mandóu o único fillo que tiña pra as minas da Andalucía a ver se ganaba algo. Inda se empeñóu mais ao ter que buscar os cuartos que percisóu o fillo pra o viaxe, i el feito un negro, traballando sin poder; i o condenado do rapaz sin acordarse de seu pai pra nada...

Cuando estaba cuestes pensamentos pasóu un home de outro pueblo por onde el, e díxolle:

—Ai, Tíu Simón! Tíu Simón eee...! Traiolle mamóreas do fillo.

—Ei, vacas, ei! Que mamóreas non dan pan.

I o Tíu Simón seguíu arando coma se o outro non falara cuel; quen volvéu a chamar:

—Ai, Tíu Simón!

—Ei, vacas, ei!

—Ai, Tíu Simón! Tráiolle cinco duros do seu fillo.

—Oooooóu...! Parái, vaquiñas, parái! Eu ben sabía que este fillo era fillo da bendición.

(*Recollido en* PENTES)

64

XAN SIN CUIDADOS

UN HOME QUE TODO LLE PARECIA BEN NESTA VIDA, E que non se apuraba nin no apuro mais grande, puxo un letreiro na porta que decía:

XAN SIN CUIDADOS

Un día pasóu por alí o rei apaseando, víu o letreiro, e perguntóulle aos acompañantes quen era aquel home. Respondéronlle que era un fulano que non lle metía apuro ningunha cousa de este mundo, nin do outro.

—Home—dixo o rei—. Conque eu que son o rei teño cuidados e mais cuidados... Chamái por el que xa eu lle buscaréi cuidados.

Chamaron por Xan sin Cuidados, e díxolle o rei:

—Xa que non tes cuidados vouche os a buscar eu: Drento de tres días hasme decir cuanto pesa a Lúa, cuantas xornadas hai de eiquí o Ceio e cuanto vale a miña persona.

Estonces si que lle entraron cuidados o Xan sin Cuidados! Por mutas voltas que lle daba ás perguntas que lle fixera o rei non atopaba que lle responder. Paseando un día polo monte alcontróu un pastor, que lle perguntóu porque andaba tan caviloso, el, que sempre era tan alegre. Contoulle o caso i o pastor respondéulle:

—Por pouca cousa te apuras, hom! As respostas son éstas:

A Lúa tén cuatro cuarteróis; ló, pesa unha libra.

De aquí ao Ceio hai unha sola xornada, pois coma non hai tabernas no camiño non hai onde se parar.

O rei non vale mais ca vinte e nove monedas, pois se Cristo valéu trinta, algo menos valerá o rei.

Fóise Xan sin Cuidados cuas respostas ao rei, que se ademiróu de tanto saber e levóu o pastor i a Xan sin Cuidados pra onde el.

(*Ceferino Cerviño,* de PENTES)

65

CAPAPARDA

CAPAPARDA ERA COMO SE CHAMABA UN CRIADO DE UN flaire, mais listo cón allo, a quen o amo nunca era capaz de coller en nada. Un día perguntóulle:

—Cuántos dioses hai?

—Hai nove.

—Home, exprícame eso!

—Padre, Hijo y Espíritu Santo, tres; tres personas distintas, seis; y un solo verdadero, sete; o Ilustrísimo Señor i o puñetero do flaire, nove.

Outra vez, sabendo que ao Capaparda lle gustaba a comida fría e tiña a costume de comela así, foi e porparóulle unha cunca de sopas que queimaban muto e díxolle que as comera lixeiro, que tiña que ir ón recado de muta presa. Consante o Capaparda coméu a pirmeira cucharada de sopas soltóu un respiro por entre as nalgas. Estonces díxolle o flaire:

—Capaparda; que foi eso?

O Capaparda respondéu:

—Sepia Vuestra Ilustrísima que cuando se queima a cárcel escápanse os presos.

(*Agustín Prieto,* de PENTES)

66

O FALAR BEN

ERAN TRES HIRMANS: UNHA ERA LISTA COMA E DEBIDO e falaba sin que lle tropezase a lengua; pero as outras dúas eran medias zarabetas e cuasique non se lle entendía o que decían.

Chegoulle o tempo de se casar; pero os mozos solo iban pra onde elas pra fartarse de rir; e cueso a mai decíalle que cuando houbese mozos cuelas que non falasen. Pero un día quedaron solas pra facer o caldo, e logo foron pra onde elas uis cuantos desocupados do lugar. En cuanto os viron entrar, pecharon os labios e non lle respondían ás cousas que lle decían; pero botábaselle o pote i estonces díxolle unha á outra:

—Sáquelle o *testarote* e mételle o *cullarote*.

Respondeulle a outra:

—Cálate, *falagadora,* que dixo a mamái que non *falagasemos.*

(*Joaquina Vázquez,* de 65 anos, de PENTES)

67

EPÍSTOLA DO LOBO

ELEUCIO PISTOL LATE VIDANA. CABRA COXA NON E sana; cabra mona non tén cornos; e se os tén e detrás de os ollos.

Estando cabrín cabrátes comendo en verdes mátes, veu lobín lobátes, díxolle a cabrín cabrátes: "Váixate a comer as verdes mátes que pra min é viernes e martes". E cabrín cabrátes fióuse en lobín lobátes e baixóuse a comer a verdes mátes. Foi lobín lobátes e colléu a cabrín cabrátes, e cabrín cabrátes, dixo: "Meeeeeé".

E lobín lobátes díxolle: "Así non é, que pra min non é viernes nin é martes". E coméu a cabrín cabrátes.

(*Recollido en* PENTES *i en* CARRACEDO-A GUDIÑA)

68

EU QUERO DOUS!

UNHA VEZ ERA UN MATRIMOÑO QUE SE QUERIA MUTO; pero un día foi a muller e fritíu tres hovos pra xantar, e cuando os foron a comer, dixo o home:

—Boeno, como eu son home, eu comeréi dous ovos e tú comerás un.

—Eso xa!—respondéu a muller—. Mira que ben! Ímolos partir ao medio.

E por causa do ovo empricipiaron a rifar, i a muller que era de órdago, deulle cua sartén na cabeza ao home e deixóuno por morto. Estonces ela empezóu a berrar que se lle matara o home, que esbarrara na pedra da lareira e que se matara. E claro, coma se levaban ben, naide desconfióu de que pasara o que pasara. Colleron o home e levárono pra a eirexa pra velalo alí; e despóis, pra o outro día, cuando o iban a enterrar, o home volvéu en sí; pois solo estaba desmaiado, i o pirmeiro que lle víu á mamórea foron os ovos, e cueso empezóu a berrar:

—Eu quero dous! Eu quero dous!

A xente pensóu que quería ir pra o outro mundo acompañado de dúas personas e botóu toda a escapar; pero o cura que era mui coxo, auque corría todo o que podía, iba quedando atrás; e cueso decía:

—Probe de min e de outro! Probe de min e de outro!

(*Recollido en* BEMBIBRE)

69

UN HOME QUER TER FUNGOS

A Tía Amalia, tan grande coma ela é, casárase cun home mui pequeniño que lle chamaban o Tíu Vitor, que non sei se lle daría a ela pola cintura. E casouse cuel porque estaba acostumada a mandar en todo o mundo, e sendo tan ruín, íballe custar pouco traballo mandar nel tamén.

Pra o outro día da boda dixo o Tíu Vitor:

—Mañá imos a arar a leira das Cabaixeiras.

—Ca—respondéu ela—. Mañá imos a agradar pra Pousanova.

—Tén mais presa a leira das Cabaixeiras.

—Pois teña a que teña! Mañá imos pra Pousanova, i a min... non me chistes!

—Amalia, ..oño!; eu non te deixo mandar en min.

—Coma que non; váise pra Pousanova, e listo.

—Pois non se vai!

—O que, hó!

E foi a Tía Amalia e botóu mau de un lareiro que había arrimado ón canto da cuciña e foise cara o Tíu Vitor que ao vela ir chafurrouse debaixo da cama.

Non lle valéu, pois a Tía Amalia afurracáballe co lareiro na barriga. Estonces decía o Tíu Vitor:

—Quieta Amalia, ..oño! Que me mancas, ..oño!

Pero a Tía Amalia calaba i afurracaba. Estonces volveulle a decir o Tíu Vitor:

—Quieta Amalia, ..oño! Mira que un home quer ter fungos, .oño!

((Carracedo-A Gudiña)

70

DÍAS DE MAIO, DÍAS DE AMARGURA

A la polos ultimos dias de Maio iba un mozo cun cerrón cheio de grau pra moer nun muiño de outro pueblo, que estaba a mais de unha legua do seu, e cuando chegóu alí alcontróu ónha moza de aquel lugar que iba da fonte, e coma a el gustáballe ela, e a ela gustáballe el, puxéronse de parrafeio a aquela hora, inda non nacera o sol, i estuveron de palique hasta a noite sin darse conta do tempo que pasara; un co cerrón ao lombo i a outra con cátaron cheio de auga á cabeza.

Disde que se despediron iba ela suspirando, e decindo:

—Días de Maio, días de amargura;
Inda non amañece xa é noite escura.

(*Adelina Rodríguez*, de Carracedo)

CONTOS DE ANIMAIS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA · BIBLIOTECA · FACULTADE DE FILOLOXÍA

A CARRIZA

Das cousas, das personas e dos animais mais ruiis, sempre se fai a burla, coma se non tuveran dereito a vivir; así pasa cua carriza.

Contan de ela que unha vez que lle estaba insinando aos fillos coma se acendía o lume e que lle decía:

—Pirmeiro guiciños delgadiños, dispoixas trancos coma os meus zancos.

Pero tamén contan que foi a milpéndora de viaxe, i antes de se marchar que lle dixo á carriza que lle tuvese conta dos fillos e sinón tiña tempo de atender a todos que lle dese de comer aos mais bonitos; porque claro, a milpéndora ao ver aos seus filliños cuaquelas colores amareliñas pensaba que non os iba haber no mundo mais guapos; pero á carriza parecíanlle mais os seus, e cueso foi aos que atendéu e pra os da milpéndora xiquera miróu, de modo que cuando aquela volvéu do viaxe hachóu os fillos todos mortos; estonces foi onde a carriza e díxolle:

—E ló, non me dixeche que lle ibas de dar de comer aos meus fillos?

—Non tuven tempo—respondéu a carriza—; pois coma a todos no lle podía dar atendín aos meus que eran muto mais bonitos que os teus.

—Mais bonitos! Vas a comparar os teus fillos cos meus que mesmamente parecen de ouro?

—Pois mira; eu estuven mirando pra os teus i estuven mirando pra os meus i os meus parecéronme muto, pero muto mais bonitos que os teus, e cueso foi aos que lle déin de comer.

(*Adelina Rodríguez*, de 65 anos, de CARRACEDO-A GUDIÑA)

72

A ZORRA I O LOBO

UNHA VEZ ANDABAN DE MALLA OS AMOS DE UNHA CASA un día que se formóu unha troneira mui grande, e por medo de que viñese a chover e se mollara o grau, acudiron todos alá e deixaron a casa sola. A cociñeira arretiróu un pote de papas que estaba facendo e tamén marchóu á áira.

Pasóu por alí a zorra, cheiránronlle as papas, víu a porta aberta, e coma non sentía ruido drento, ben agarbadiña pola escaleira arriba foi subindo hasta o pote das papas, metéu a cabeza dentro e coméu hasta que non lle couperon mais papas na barriga, e cueso claro, embarnóu a cabeza toda hasta detrás das orellas. Cuando salíu atopouse co seu compadre lobo i empricipiouse a queixarse, decindo:

—Ai, compadre, que má veño! Traio os miolos fora. Léveme ás costas.

Dispoixas iba decindo a zorra nas costas do lobo, facendo burla de el:

—*María arteira, farta de papas e vai cabaleira.*

—Qué dices Maruxiña?—perguntáballe o lobo.

—Vou mui maliña... ¡Ai!... *María arteira, farta de papas e vai cabaleira.*

(*Victoria Rodríguez*, de 75 anos, de BEMBIBRE-VIANA)

73

A ZORRA I O LOBO QUE FOI AS TRUTAS

IBON SARDIÑEIRO POR UN CAMIÑO ADIANTE CUNHA caixa de sardiñas nun burro, e víuo unha zorra; e pra lle comelas sardiñas fízose a morta. O sardiñeiro víu aquela raposa morta e pensóu que lle podía quitar a pelica pra vendela, e cueso botoua enriba da caixa das sardiñas e tiróu pra diante; pero a zorra tiróu as sardiñas ao chau e despóis baixouse e comeuas. De alí marchóu onde o lobo e díxolle:

—Veño mais farta de trutas...!

—E coma as colléu, comadre?

—Pois puxen unha cesta atada á punta do rabo e collínas no ríu. Se ostede as quer coller non tén mais ca meterse no ríu cua cesta, coma fixen eu, e decir: "Trutas á cesta".

Acertóu o lobo o que lle dixo a zorra, e cueso foi ela i atóulle unha cesta ao rabo e mandouo meter no ríu. Así que o lobo estaba drento da i-auga, decía:

—Trutas ao rabo e trutas á canasta.

Resulta que aquela noite xeiaba muto e tomáronse os carambelos, quedando o lobo preso polo rabo, e cueso díxolle á zorra:

—Comadre, vaia ao pueblo por picos e martelos pra escachalos carambelos.

—I a raposa respondíalle:

—Que vaia por un saco de cadelos? Xa vou, xa vou.

I a condanada foi cara o lugar, pegóu un ladro pra que todos os cais fosen detrás de ela e botóu a fuxir cara onde estaba o lobo, que lle dicía:

—Por alá, por alá cuesa xentiña!

—Que vaia axiña? Xa vou, xa vou—respondía a zorra.

E cueso foi por onde estaba o lobo que ao ver os cais tiróu e rompéu o rabo, i escapóu.

Despóis atopóu unha cocha que andaba nun prado cos seus marranchiños, e díxolle:

—Cocha, vouche comelos marráus.

—Non me os comas—díxolle a cocha—que teño muto dó de chos ver comer. Mira vai asúbete ao rodecio do muiño i eu bótochos pola cal abaixo i así xa non chos vexo comer.

O lobo fizo o que lle mandóu a cocha, e despóis foi ela co fociño e botoulle a i-auga ao muiño que botóu a andar. Entonces o lobo decía:

—Para beilón! Quieto beilón! Tu paras ou non...?

A cocha escapóu pra casa cos rencos, i o lobo así que se baixóu foi a dar onda dous carneiros que estaban comendo nunha leira, e díxolle:

—Eu vouvos a comer.

Estonces os carneiros dixéronlle:

—Pirmeiro queremos partir esta terra; ponte no medio, de marco, pra nós sacar ben as dereituras.

Foi o lobo e púxose onde o mandaran os carneiros; e foron un de un lado i autro de outro, e rupárono no medio deixándoo coma morto. Cuando volvéu en sí decía:

—Quén me metería a min a partidor!

Despóis enterouse de que estaba mau o lión e foi a facerlle unha vesita, e falando cuel acurríuselle facerllas pagar á zorra, e díxolle:

—O que vostede tén son as quenturas. Anda por ahí unha zorra mui azairuda; mándea coller e faga uis caldiños cuela e tómeos xa verá coma lle marchan.

A raposa estaba escutando e foi i asomóuse á porta; i estonces díxolle o lión porque non entraba; pero ela respondeulle:

—Non entro porque vexo mutas pisadas de animáis que entraron e non volveron a saír; pero mire, se quer que lle pasen as quenturas quítelle a pelica ao lobo i envólvase nela; é a millor maciña que hai pra eso.

E cueso foi o lión i espíu o lobo de cabo a rabo, e cuando salíu da *cueva* do lión, comonha centella, decíalle a raposa:

—Ola, ola, meu compadre!
De onde lle veu ese vestido encarnado?
Cuando vaia polas aldeias
conte as súas e deixe as alleas.

(*Recollido en* FRADELO-VIANA)

74

O HOME I A CULEBRA

UNHA VEZ ESTABA UNHA CULEBRA ENTALADA NUNHA fraga e foi e pasóu por alí un home e desatalóua; así que o fizo a culebra díxolle:

—Agora voute comer.

—Home, esta si que é boa! Despóis do favor que che fixen... Vamos pirmeiro o abogado.

Foron andando i atoparon unha burra vella nun toxal, i espuxéronlle o caso. A burra respondéu:

—Pois é de razón que te coma; pois eu deulle mui bon serviceo ao amo i agora que non lle sirvo botoume pra aiquí pra que me coman os lobos.

—Pois eu non me conformo—dixo o home—. Vamos onde a zorra.

Foron onde ela, espuxéronlle o caso, e cueso foi ela mui baixiño e díxolle ao home:

—Se me das as pitas heite de sacar ben.

O home dixo que sí, i estonces a zorra, dixo alto:

—Eu non podio dar sentencia coma é debido sin pirmeiro ver coma estaba a culebra. Vamos ao síteo onde te sacóu o home.

En chegando alí díxolle a raposa a culebra que se puxera coma estaba; foi e púxose, i estonces díxolle a raposa:

—Estabas así mesmo?

—Estaba.

—E, non podes salir tu sin que te saquen?

—Non.

—Pois así te estías.

E cuas mesmas díxolle ao home que lle fose a dar as pitas; que llas trouguese ónha touza que alí había, onde quedaba agardando. O home xuntóu tódolos cais do lugar, meteuos nun saco e marchóu pra onde estaba a raposa, e díxolle:

—Eiquí che traigo as pitas; como queres que chas bote?

—Vaimas botando unha a unha.

Estonces foi o home i abríulle a boca ao saco e saíron os cais detrás da zora, que iba decindo, según iba fuxindo:

—Axudaime zancas
que neste mundo non hai mais ca trampas.

(*Victoria Rodríguez*, de BEMBIBRE)

75

JUAN PERIQUITO

I BON GALO ACABALO DE UN BURRO, ONHA BODA; E CLARO, pra a boda lavárase ben; pero no camiño víu uis graus nun cagallón de unha burra, i estuvo pensando se os comería ou non os comería, e dixo pra sí: "Se os como luxo o pico, pero dispoixas límpoo contra aquela malva que hai na borda do camiño". E cueso coméu os graus e foi onde a malva e díxolle:

—Malva límpame o pico que vou á boda de Juan Periquito.

A malva respondeulle:

—Non quero.

Estonce foi onde a ovella e díxolle:

—Ovella, come a malva que non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito.

—Non quero.

De alí marchóu onde o lobo, e díxolle:

—Lobo, come a ovella xa que a ovella non quixo comela malva, i a malva non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito.

—Non quero.

Marchóu onde o *perro*, e díxolle:

Perro, mata o lobo, que o lobo non quixo comela ovella, i a ovella non quixo comela malva, i a malva non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito.

—Non quero.

Despóis foi onde o pau, e díxolle:

—Pau, mata o *perro*, que o *perro* non quixo matalo lobo, i o lobo non quixo comela ovella, i a ovella non quixo comela malva, i a malva non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito.

O pau respondéulle:

—Non quero.

E cueso marchóu onde o lume, e díxolle:

—Lume, queima o pau, que o pau non quixo matalo *perro*, o *perro* non quixo matalo lobo, i o lobo non quixo comela ovella, i a ovella non quixo comela malva, i a malva non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito.

—Non quero.

Estonces marchóu onde a auga, e díxolle:

—Auga, apaga o lume, que o lume non quixo queimalo pau, i o pau non quixo matalo *perro*, i o *perro* non quixo matalo lobo, i o lobo non quixo comela ovella,, i a ovella non quixo comela malva, i a malva non me quixo limpalo pico pra ir á boda de Juan Periquito...

Aquí dan o conto por rematado, mais si o que o escoita, pergunta:

—I o burro? (O burro no que iba montado o galo).

O narrador contéstalle:

—Érguelle o rabo e salúdoo.

(*Victoria Rodríguez,* de BEMBIBRE)

VOCABULARIO

ABANEIAR. Sacudir, Mover violentamente una cosa.
ABORRECERSE. Aburrirse.
ACENDEDALLAS. Ramitas delgadas que se utilizan para encender el fuego.
ACENOS. Señas que se hacen moviendo la cabeza, los ojos, la boca, los brazos o las piernas.
ACEIRUDO. Confiado.
ACERTAR. Aceptar. También en el mismo significado que en castellano.
ACESO. Encendido, refiriéndose al fuego.
ACHICHAR. Susurrar. Hablar en voz baja.
A ESCOTE. Repartir proporcionalmente algo entre varias personas.
AFIDAGAR. Adelgazar el extremo de un objeto, dándole forma cónica.
AFUFAR. Palabra onomatopéyica, equivalente a soplar; proviene del *fu-fu* de los fuelles.
AFURRACAR. Hurgar violentamente.
AFRÍUTO. Apuro, trance.
AGABAR. Alabar.
AGARBADO. Encogido a fin de pasar inadvertido. Agazapado.
AGAROUCHARSE. Acurrucarse.
AIGUE. Aguila.
AL AVÍO. Frase con la que se expresa que no hay más que decir, que no se admiten objeciones.
ALAUDAR. Alabar.
ALEIXADO. Abobado. Un poco tonto.
ALMAR. En la acepción de formar la armazón de alguna cosa.
ALODADA. Turbia, refiriéndose al agua.
ALOULADO. Atontado por un golpe.
ALOUMIÑAR. Acariciar, mimar, halagar.
ALLADA. Hecho malo.
AMASTRAGOLLAR. Estropear alguna cosa, pisoteándola.
AMATAR. Apagar el fuego o una luz.
AMENSIÓN. *Facer amensión,* prestar atención.
AMIEIRO. Aliso, árbol.
AMUAR. Bajar las ovejas la cabeza, cuando hace mucho calor, procurando colocarse a la sombra, para lo cual, algunas veces, se reúnen en montón, para aprovechar la sombra que ellas mismas

proyectan. Ponerse de mal humor. Enfadarse. Callar a lo que preguntan, bajando la cabeza.

ANDAR A TUNA. Divertirse con algún juego o entretenimiento. Cortejar a las mozas. Fig. Practicar el coito.

ANTEXO. Que quiere sobresalir de las demás personas. Sabidillo.

ANTIAS. Antes, anterioridad de tiempo.

APELICAR. Pegar una cosa a otra.

AQUELADA. Dispuesta. Modosa.

ARDIGA. Arisca. Desconfiada.

ARRABUÑAR. Arañar.

ARRAMPLAR. Arramblar, empujar alguna cosa violentamente.

ARREBOLAR. Arrojar violentamente alguna cosa.

ARREDAR. Arredrar, amedrentar.

ARREPESO. Arrepentido.

ARREPOLAR. Repelar.

ARREQUIRIR. Requirir.

ARRIPAZAR. Arrebatar.

ARRIPIAR. Erizar, escalofriar.

ARRODILLAR. Rodear, poner alguna cosa alrededor de otra.

ARROXA. Trozo de monte al que se ha quemado la leña.

ARRULO. Grito característico, emitido por los mozos en manifestación de entusiasmo o de desafío; a veces sirve de voz de de llamada para reunirse la mocedad. En otros lugares recibe el nombre de *aturuxo.*

ARRUÑAR. Trepar, subir a un árbol.

AS CABALIÑAS. A horcajadas.

ATURULLADO. Turbado.

AUTRA, AUTRO. Contracción de *a outra, a outro.*

AVESPORA. Avispa.

BANDULADA. Comilona, orgía.

BARALLO. Eufemismo de la más característica interjección gallega.

BARREIRA. Talud. Sima.

BATULAR. Producir movimientos convulsivos o agitados.

BATUXAR. Salpicar.

BAZAR. Vaciar.

BERRO. Grito. Alarido.

BICHORRO. Víbora.

BILMA. Bizma.

BULLOTE. Castaña.

CABAXEIRAS. Toponímico local.

CACHAPICA. Cayado.

CADELIÑAS. Perrillas.

CAL. Canal.

CAMA RANCHEIRA. Cama improvisada en el suelo con paja y unas mantas, para dormir varias personas.

CANASTRA. Cesta.

CANELO. Caño de cortas dimensiones. Tubo.

CANO. Rama principal de un árbol.

CAÑOTO. Trozo de rama leñosa. Tronco. Troncho.

CARABELA. Comida que se lleva cuando se viaja.

CARAMBELO. Carámbano. Hielo.

CARDA. Reprimenda.

CARUNCHO. Gorgojo de la madera.

CARREIRÓN. Sendero.

CARRIZA. Pájaro silvido, el más pequeño de los que viven en Galicia. Construye un nido esférico, dejando una pequeña abertura lateral, que le sirve de entrada.

CE A PA. Detalladamente.

CERDEIRA. Cerezo.

CERRAS. Vallas. Se refiere en este cuento a una carrera de obstáculos.

CERRIZO. Espina dorsal.

CERRÓN. Saco confeccionado con la piel de una cabra.

CIBALLO. Comida que lleva un pájaro en el pico para dar a sus hijos.

CINSA. Ceniza.

COCHO. Cerdo.

COLLER O PENDÍN. Tomar las de Villadiego.

COMINENCIA. Conveniencia.

CONSANTE. En el mismo momento. De una manera determinada.

CORCIO. Interjec. equivalente a caramba.

CORNA. Cuerno.

CORNELÁN. Cornudo, el marido cuya mujer ha faltado a la fidelidad conyugal.

CORTIZA. Corcho.

COSTEIRO. Zagal, subordinado del pastor.

COXECAS. Cosquillas.

CRUCIFICO. Crucifijo.

CUARTA. Medida de capacidad equivalente a unos veintidós litros.

CUIDAR. Cuidar.

CULLER. Cuchara.

CUNCA. Taza.

CUTELO. Cuchillo.

CHACHA. Interjección equivalente a muchacha.

CHARRUFARSE. Ocultarse en un hueco o debajo de alguna cosa.

CHOURICICO. Chorizo hecho con el lomo del cerdo sazonado con sal, ajo y pimiento.

CHURRIPIAR. Sorber un líquido con los labios apretados y produciendo un ruido característico. (Es una palabra onomatopéyica).

DAR O LAUDO. Apoyar una idea o determinación.

DANAR. Nadar.

DE AFEITO. Totalmente.

DEVESA. Dehesa de robles.

DEFENSA. Guerra.

DEGALLAR. Ramonear, cortar las ramas de los árboles.

DERREIDADO. Impedido, por enfermedad o golpe, de realizar movimientos con las piernas, tratándose de persona, con las patas traseras refiriéndose a animal.

DERRIZAR. Tirar de alguna cosa plegable. Desenvolver.

DO. Pena, lástima.
DOMAR. Amansar.

EMBANAR. Embadurnar.
EMBULIGARSE. Revolcarse.
EMPENAR O CONCELLO. Convocar el Concejo.
ENCRUARSE. Edurecerse.
ENGARITAR. Conquistar. Convencer.
ENQUICHARSE. Enfadarse.
ENRABUCHADO. Enfadado.
ENTALADA. Sujeta.
ENTEIMAR. Porfiar.
ESCACHOUZAR. Buscar alguna cosa removiendo trastos.
ESCALFAR. Estrellar.
ESCAMBRUÑEIRO. Cambronera.
ESCORREXER. Escurrir.
ESCUTAR. Escuchar.
ESGARRANCHARSE. Romperse la ropa o la piel al rozar con espinas u objetos puntiagudos.
ESMELANDRADO. Con la ropa en jirones.
ESPALCERSE. Distraerse, recrearse, buscar esparcimiento.
ESPAVORIRSE. Llenarse de pavor.
ESPIRSE. Desnudarse.
ESPOLIÑAR. Desarrollar físicamente.
ESPORRANCHARSE. Desnudarse.
ESPURRIRSE. Estirarse, desperezarse.
ESQUECERSE. Olvidarse.
ESTAR REMOTO. Sentir desconfianza.
ESTREITOIRA. Pieza del carro que sujeta el eje.
ESTROUPELEAR. Patullar.

FACEIRA. Espacio grande de tierra cultivada.
FACER A VOLTA. Evacuar el intestino.
FERRARSE. Arrojarse.
FIU. Hilo.
FIUZA. Fineza.
FOLLATIÑO. Ramita provista de sus hojas correspondientes.
FRAGA. Peña, roca.
FREXIR. Agradar.
FUNGAR. Refunfuñar.

GALBÍN. Pícaro, bribón.
GARAMALLEIRA. Llar, cadena de la que se cuelgan las ollas, sobre la lumbre.
GATUÑEIRO. Ladronzuelo.
GORRIÓN. Morrión.
GROMA. Broma.
GROMISTA. Bromista.
GUICHAR. Acechar, recatándose.

HO. Apócope de hombre.

LABAZADA. Bofetada.
LANFAR. Engullir.
LAREIRO. Varal, vara muy larga y gruesa.
LAREXAR. Remover las brasas en el horno, valiéndose del lareiro.
LARIADORA. Habladora.
LARMEIRO. Zalamero.
LATADA. Conjunto de embutidos que se atan a un lareiro para que se sequen.
LIÑOL. Cáñamo de zapatero.
LIXOSO. Sucio.
LO. Entonces. En aquel momento. En seguida.

MA. Mala.
MACHADA. Hacha.
MAI. Madre.
MARRA. Marrana, cerda de cría.
MAU. Malo.
MAZA. Manzana.
MEDIDAS. En este caso (cuento nm. 11) equivale a ferrados.
MILPÉNDORA. Oropéndola.
MILLAS. De maíz.
MI-MA. Madre. Solamente se utiliza para llamar.
MI-PA. Padre. Solamente se emplea para llamar.
MIR. Mire.
MONDONGO. Embutido.
MONTE PECHO. Lugar por donde se anda difícilmente por la gran cantidad de leña que allí crece.
MOSCA CAIRA. Mosca burreña.
MOTA. Matorral.
MUTAS. Muchas.
MUXIR. Ordeñar.

NINO. Nido.
NO ENTRETANTO. Mientras tanto.
NOITE DE LOBOS. Noche sumamente oscura.

ON. Contracción (A un).
ONDE. Donde.
ONHA. Contracción (A una).
OIS. Contracción (A unos).
ORA. Interjección que unas veces se emplea como súplica y otras en son de desafío.
OSO. Hueso.
OXAR. Oxear, espantar las aves.

PALPITO. Corazonada.
PAN. Mies. Pan.
PAPELA. Papeleta.
PASPALLA. Codorniz.
PEDAMIO. Pedáneo.
PEDAÑO. Pedáneo.
PEGAR. Sostener alguna cosa.
PICO. Cima de un árbol.
PIGOREIRO. embutido confeccionado con el trozo del intestino del cerdo llamado ciego.
PINGADA. Gota.
PINGAR. Gotear.
PINOTE. Salto hacia arriba o hacia un lado.
PITA. Gallina.
POLEIRO. Gallinero.
POLO SI OU POLO NON. Por si acaso.
POR A PARIR. Poner como no digan dueñas.
POR PEROS. Poner defectos.
POR ULTEMAS. Finalmente.
POUQUIRRICHIÑO. Poquitito.
POUSANOVA. Toponímico local.

QUEIRUGA. Especie de brezo de poca altura.

RABADA. Cola de un animal.
RABONAR. Cortar.
RACHÓN. Astilla grande. Es aumentativo de *racha*.
RAIA. Frontera. Línea.
RAIOTO. Fronterizo.
RAL. Real.
REBOLO. Roble.
RECHINAR. Rabiar, impacientarse, enojarse.
REMAR. Mover.
RENCO. Cerdo de cría.
RES. Nombre que se le da

a las cabras y ovejas en conjunto.

RESCRITO. Especie de amuleto que consiste en un papel escrito por un sacerdote, y que encerrado en una bolsita de tela se coloca como un escapulario o, también, cosido a una prenda de ropa interior.

RESTROLLA. Rastrojo.

REZUSITAR. Resucitar.

RICHADA. Asada.

RICHAR. Es una palabra onomatopéyica que significa asar, o calentar grasa.

RILLAR. Roer.

RÍU. Río.

ROXAR. Calentar a un elevado grado de temperatura.

ROZAR. Cortar plantas destinadas a la confección de estiércol.

RUPAR. Embestirse las cabras. Por extensión choque de las cabezas de dos personas.

SACAR DE AUMENTO. Embarazar a una mujer.

SALAMANCA. Salamandra.

SALIR A PASCUA A VIERNES. Salir las cosas de muy diferente modo del que se esperaba.

SER DE ÓRDAGO. Ser de cuidado.

TAMOEIRA. Correa para atar el carro al yugo.

TANTICHIÑO. Poquitito.

TAUBOA. Tabla.

TEGA. Ferrado.

TEIMAR. Porfiar.

TER RESCATE. Salir bien de un trance.

TER UN FILLO DE ACHEGO. Tener un hijo sin haberse casado.

TIRELO. Pedazo de tela largo y estrecho.

TOLEIRO. Lugar ligeramente pantanoso.

TOLLENA. Paliza.

TORRESMO. Torrezno.

TOUZA. Dehesa de robles.

TRASTADA. Travesura.

TRASILVANA. Paliza.

TRASTALEAR. Hacer ruido moviendo trastos.

TREIXA. Soga para atar la carga al carro.

TROCHO. Palo.

TRONEIRA. Tormenta.

TROUXE. Hato, pequeño ajuar de ropa para el uso diario.

UCES READIGAS. Especie de brezo de flor blanca.

VALUTA. Vacía, desocupada.

VECEIRA. Modalidad de guarda del ganado lanar y cabrío, que en conjunto recibe el nombre de *res*, que consiste en que cada vecino de un pueblo ha de mantener al pastor y perros del rebaño durante tantos días como decenas de animales tenga de su propiedad.

VELAR. Vigilar.

VENCELLA. Diminutivo de *vencello*. El *vencello* es

una especie de atadura que consta de dos manojitos de paja atados uno al otro por el extremo de la espiga. La *vencella* consta de un solo manojito de paja, generalmente retorcida para darle mayor consistencia.

VIME. Mimbre.

VRAU. Verano.

XESTA. Retama.

XEIRA. Jornada. Tanda. *Andar á xeira*. Trabajar a jornal.

XIXA. Tajada.

XUNXIR. Uncir.

ZAPATEAR. Arrojar alguna cosa con violencia, ya sea a una persona, ya al suelo con intención de destruirla.

ZARABETA. Tartamuda.

ZARRAPECHAR. Verbo compuesto de *cerrar* y *pechar*. *Cerrar* significa arrimar una puerta. *Pechar* significa cerrar con llave.

ZORREGAR. Zurrar. Golpear.

ZOUPAR. Pegar. Zurrar.

INDICE

ADICATORIA 7
INTRODUZÓN
A terra 9
A fala 13
Contos de encantamentos 15
Contos exemplares e relixiosos 25
Contos de bulra 29
Contos de animaes 36
CONTOS DE ENCANTAMENTOS
1. O fillo do Rei 41
2. O home-león 48
3. Xan Soldado (A) 50
4. Xan Soldado (B) 52
5. Juanito 57
6. O criado que fixo bailar ó amo 65
7. O Xanciño 67
8. Santa Manuela 71
9. Lucianito e Lucianón 73
10. Pedro Cortizoilo 74
11. Conto da cachaporra 75
12. Conto de buscalo medo (A) 79
13. Conto de buscalo medo (B) 80
14. Santa Dora 82
15. Flore e Flora 88
16. Conto do lagarto 90
CONTOS EXEMPLARES E RELIXIOSOS
17. O morto que foi a cear cos amigos . . . 99
18. Os tres herdeiros 100
19. Martuxiña 102
20. Os sete ladróis 104

21. A capiña rota 105
22. O consello do abogado 106
23. Diñeiro chama diñeiro 107
24. O engazo 108
25. Os tres consellos 109
26. O xuicio do demo 111
27. A miña muller 113
28. Juanitoso 114
29. A moza i os ladróis 115
30. As doce palabras retorneadas 118

CONTOS DE BULRAS

a/ Contos de adivinanzas
31. A mai matóu ao Pancho 123

b/ Contos de cazadores
32. Un cazador de lebres 128
33. O unto da vella 129

c/ Contos de cazurreria campesiña
34. A Giralda 131
35. De quen barallo será o can 132

d/ Contos de estudiantes e soldados
36. Os estudiantes i os soldados 133
37. As papas 134
38. O cabo i os chourizos 136
39. O xeneral Aguces 137
40. O mozo que marchaba ao servíceo . . . 138
41. A volta do servíceo 139

c/ Contos de matrimoños e noivados
42. Cudiado co cano 141
43. Al tragos, tragos! 142
44. Morte negra 143
45. A morte do home 144
46. Casaio que xa parará 145

d/ Contos de xastres
47. As comidas do xastre 146
48. O xastre valente 147

49. As fabas do xastre 148
50. Non son home que son xastre 149

e/ Contos de tolos
51. Dominjo Domínjez 150
52. O tolo i o listo 155
53. O conto de botar as tripas fora . . . 156
54. O papel que vía as cousas 158
55. As peras 159
56. O tolo i as moscas 160

CONTOS VARIOS
57. O conto das cen mil mentiras 165
58. Non é cuco que é cuca 167
59. Un bicho desconecido 170
60. Acudii difuntos 171
61. O cántaro do mel 173
62. O conto do xordo 174
63. Ei, vacas, ei! 175
64. Xan sin cuidados 176
65. Capaparda 177
66. O falar ben 178
67. Epístola do lobo 178
68. Eu quero dous! 179
69. Un home quer ter fungos 180
70. Días de maio, días de amargura . . . 181

CONTOS DE ANIMAIS
71. A carriza 185
72. A zorra i o lobo 186
73. A zorra i o lobo que foi ás trutas . . . 187
74. O home i a culebra 189
75. Juan Periquito 191

VOCABULARIO 193

REMATOUSE DE IMPRENTAR, NOS TALLERES FARO DE VIGO, O DIA 31 DE MARZO DE 1958

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1-1.º - VIGO

Libros publicados i en venda nas principales libreirías

COLECCION GRIAL

1—*Presencia de Galicia* 15
2—*Pintura actual en Galicia* 15
3—*Presencia de Curros y Doña Emilia* 15
4—*Aspectos jurídicos y económicos de Galicia* 15
Nos. 2, 3 y 4, en edición especial, 20 Pts. c/u.......... 20

MANUALES GALAXIA

F. F. DEL RIEGO, *Historia de la Literatura Gallega*.... 25
V. RISCO, *Historia de Galicia* (Agotada)
R. OTERO PEDRAYO, *Guía de Galicia*. Tela....... 100

COLECCION LITERARIA

R. CABANILLAS, *Antífona da Cantiga*.......... 25
Idem, edición especial.......... 40
R. OTERO PEDRAYO, *Por os Vieiros da Saudade* (Agot.)
Idem, edición especial (Agotada).
ANXEL FOLE, *A lús do candil*. (Agotada)
CASTELAO, *Os vellos non deben de namorarse*.......... 25
Idem, edición especial (Agotada)
NOVONEYRA, *Os Eidos*.......... 30
ALVARO CUNQUEIRO, *Merlín e familia* 25
ANXEL FOLE, *Terra brava* 40
ALVARO CUNQUEIRO, *As Crónicas do Sochantre* .. 40
RAMON CABANILLAS e ANTONIO LORENZO. *Macías o namorado*. Música de I. B. MAIZTEGUI....... 40
D. CORTEZON, *As covas do rei Cintolo*.......... 30
R. OTERO PEDRAYO, *Entre a vendima e a Castañeira*.. 35

ENSAYOS

M. HEIDEGGER, *Da esencia da verdade*.......... 25
7 ensayos sobre Rosalía.......... 30
La Saudade.......... 35

Paisaxe e cultura	35
R. CARBALLO CALERO, *Sete poetas galegos*	30
Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas	50
ROF CARBALLO, *Mito e Realidade da Terra Nai*	60

COLECCION PONDAL

XOSÉ M.ª ALVAREZ BLÁZQUEZ, *Escolma de Poesia Galega. I, Escola medieval galego-portuguesa*	25
FRANCISCO F. DEL RIEGO, *Escolma de Poesia Galega, III, O século XIX*	40
FRANCISCO F. DEL RIEGO, *Escolma de Poesia Galega. IV, Os Contemporáneos*	50

MONOGRAFIAS DE ARTE NOVO

COLMEIRO, por A. Bonet Correa	20
MASIDE, por R. García Suárez e A. Cunqueiro	25
SEOANE, por D. García-Sabell	25
EIROA, por L. Seoane	30

COLECCION ILLA NOVA

X.-L. FRANCO GRANDE, *Vieiro Choído*	30
XOHANA TORRES, *Do Sulco*	20
X. L. MENDEZ FERRIN, *Percival e oútras historias*	25

DEPOSITO LEGAL.—PO 9-1958

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas
1700665294